

sociedade

O pleno sobre o estado da cidade de Lugo anunciou novas accións para 2026. **Páx. 3**

cultura

O Gustavo Freire acollerá 32 actuacións no primeiro semestre do 2026. **Páx. 8**

infraestruturas

Aprobada a ordenanza da ZBE que regulará a circulación no casco histórico. **Páx. 13**

zona rural

Mellorouse o alumado das parroquias do rural con máis de 260 novas luces. **Páx. 15**

deportes

O Club Natación Portamiñá fixo historia co ascenso á 1ª División Nacional. **Páx. 31**

Os lugueses esperan un 2026 con expectativas



Andrea Prado Rielo, artista luguesa

Coñecida como Andrea Karte, expuxo unha recompilación fotográfica. **Páx. 11**

O Pleno aproba o Plan Deputación

O programa de investimentos contará con 22,2 millóns de euros para actuar. **Páx. 28**

Iago López, David Rosón e Jorge González

“Chegar ao fútbol profesional co equipo da túa cidade é o máximo ao que se pode aspirar”. **Páx. 30**

Xoán Fórneas, actor



O actor Xoán Fórneas vén de sacar o seu primeiro sinxelo, ‘Ferido’. **Páx. 4**

Grupo Improdutivas



Paula Sánchez pon en valor a improvisación teatral e apostan por facelo en Lugo. **Páx. 9**

María Xosé Silvar, Sés



Sés vén de publicar un novo traballo en formato libro-disco. **Páx.21**



EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!
Lunes, miércoles y jueves: 12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

Que esperan os lugueses dos políticos para o ano 2026?

Jessica Fernández

O ano 2026 chega a Lugo marcado por un contexto de estabilidade no ámbito político local, cun goberno municipal conformado polo PSOE e o BNG e encabezado polo alcalde socialista Miguel Fernández, que asumiu o labor fronte ao goberno local en marzo, tras o falecemento da anterior alcaldesa, Paula Alvarellos.

Este novo exercicio preséntase como antesala das eleccións municipais previstas para 2027, unha cita que comeza xa a perfilar o horizonte político da cidade. Neste contexto, representantes de distintos ámbitos da sociedade lucense aproveitan o inicio do novo ano para expresar os seus desexos de Aninovo, centrados na mellora dos servizos públicos, no impulso económico e na consolidación de proxectos que contribúan ao desenvolvemento da cidade.

Encarna Lago, xerente da **Rede Museística da Provincia de Lugo**, espera que os políticos fagan unha xestión “accesible, inclusiva, igualitaria e sostible; que non deixen a ninguén fóra e que traballen para toda a sociedade”. Así, di que “deben ter en conta os dereitos culturais de forma real, a través de todos os programas que desenvolvemos, xa que cada iniciativa que se faga debe ter un estudo do que está pasando, que podemos facer e planificar para que poida ser sostible, poñendo a sociedade de Lugo no centro e atender as necesidades reais para que poidan ter continuidade”. Tamén engade que

espera que “se deixen de liortas e traballen todos xuntos polo ben da cidadanía, xa que é unha responsabilidade colectiva; nin partidista nin individual”.

Pola súa parte, o presidente de **Cántigas e Frores**, Anxo Vilabril, comparte con Encarna a necesidade de que as institucións públicas traballen conxuntamente en favor da cultura. “A unión fai a forza e necesitamos que todos apoiem a nosa cultura, deberían valorala e tela en maior estima. A partir de aí, todo acto que se poida facer en relación

“A unión fai a forza e necesitamos que todos apoiem a nosa cultura”

a manter as tradicións e mantelas, a xa sexa a través de exposicións, actuacións, etc. pero que os que estamos inmersos na posta en valor da cultura sentísemos de verdade que os políticos están interesados pola cultura”, destaca.

Desde o asociacionismo lucense, Nuria Neira, delegada de **Auxilia**, pide que os políticos “sigan pensando na accesibilidade, xa que hai puntos de Lugo que aínda non son accesibles e que se poden ir mellorando. Parécenos interesante tamén poñer o foco no Patrimonio, porque hai unha zona bonita sen accesibilidade; e por exemplo, xa nos dixeron que van empezar as obras para instalar un ascensor na

Catedral para subir ao museo catedralicio. É interesante que calquera obra que se faga na cidade conte con nós para facela accesible para que tanto as persoas con discapacidade como os maiores poidan desfrutar de todos os espazos. O noso obxectivo en 2026 é que todos os puntos que quedan por mellorar na cidade en canto a accesibilidade, se vaian facendo”, conclúe.

Outro dos sectores representados na sociedade lucense, e cada vez máis, é o das persoas migrantes, acollidas en diversas entidades, como a **Asociación Rioplatenses** de Lugo, que preside Nicolás Ravello, que é, á súa vez, director da orquestra Terra Nova. “Hai un Lugo, eido asociativo, que ve con moi bos ollos o cambio que se produciu nas institucións con respecto á integración que se está a levar a cabo a través de iniciativas, que o que fan é poñer Lugo no mapa e invitar á xente a que veña. Pouco a pouco estase indo cara a iso, por iso pedimos que sigan nesa liña porque a clave está aí, nun Lugo máis aberto e integrador”.

Tamén Anjhara Gómez, presidenta da **Asociación de Mulleres Empresarias** de Lugo, quixo pedir, para este 2026, que a clase política “siga apoiando as iniciativas e a visibilización que facemos desde AELU do papel da muller na sociedade, non só dentro da empresa, como un exemplo de traballo e mobilización social, porque é algo fundamental”. Di que está contenta co apoio recibido durante este o ano 2025, e espera que “sigan apoiando esa



proxección social da muller”.

O presidente do **Club de Natación Portamiñá**, Fernando Timiraos, cre que, no ámbito deportivo lucense, e concretamente para o ámbito da natación, “o máis interesante sería a construción dunha piscina climatizada cunha lonxitude de 50 metros, xa que somos a única capital galega que non conta con ela. Isto supón que os nosos nadadores adestran en piscina de 25 metros e cando competimos en campionatos nacionais témolo que facer en piscina de 50 metros, e con nadadores que adestran nenas instalacións. É como se un xogador do Club Deportivo Lugo adestra nun campo de fútbol sala e despois compite no Anxo Carro”. Porén, recoñece que “os tempos non son sinxelos economicamente, pero pódese empezar coa redacción do proxecto e despois conseguir os cartos”, destaca. Considera, ademais, que os políticos de Lugo “deben apostar máis polo deporte en Lugo, non só pola natación, senón por todos os deportes e contar cunhas instalacións axeitadas

para o desenvolvemento deses deportes”. Este argumento lembra outras demandas de clubs como o CHL Meigas, que denunciou as gotadeiras no pavillón municipal Daniel Córdido, ou a afección do Ensino e do CB Breogán, que demanda un Pazo dos Deportes novo en Lugo, xa que alberga partidos de baloncesto de ACB, primeira liga de baloncesto nacional.

Finalmente, Luis Latorre, presidente da **Asociación Lugo Monumental** só pide unha cousa: “Que escoiten”. Di que os políticos deben “sentarse, debater, escoitar á xente que non está de acordo co que se propón. Creo que falta moita altura de miras en Lugo, e falo de todos os grupos políticos, que deben atender máis ao que demanda a cidadanía”. Concretamente, din que os proxectos máis importantes para 2026 é “saber o futuro da Estación de Autobuses e que terminen as obras do centro, xa que seguen tres rúas en mal estado: rúa Nova, Quiroga Ballesteros e San Marcos, que a xente segue caendo”, explica.

Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS

estudios
rafer

Inicio inmediato | Plazas limitadas | Reserva la tuya

AULA VIRTUAL



SSCB0109 -Dinamización comunitaria.



COMM0112 -Gestión de marketing y comunicación.



SSCB0110 -Dinamización, programación y desarrollo de acciones culturales.



ADGD0208 -Gestión integrada de recursos humanos.

Consulta toda la oferta formativa.

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49



O pleno sobre o estado da cidade de Lugo anunciou novas accións

O Concello de Lugo celebrou o pleno sobre o estado da cidade, unha sesión marcada polo balance da xestión municipal, a lembranza das persoas falecidas ao longo do último ano e o anuncio de importantes proxectos de futuro. A mobilidade, o modelo de cidade, a evolución demográfica, a mellora do espazo urbano e as relacións institucionais centraron as intervencións.

O tenente de alcalde, Rubén Arroxo, abriu a súa intervención lembrando a Paula Alvarellos e Pablo Permuy, falecidos este ano, así como a Felipe Rivas, que deixou o Concello por motivos de saúde. Arroxo cualificou 2025 como un ano duro no plano humano, pero subliñou que, malia as dificultades, o goberno municipal mantivo a actividade e a xestión sen interrupcións.

No ámbito da mobilidade, Arroxo destacou que o transporte urbano bateu récords históricos de uso en 22 dos últimos 24 meses, permitindo que 2024 fose o mellor ano da historia en número de viaxeiros e que 2025 volva superalo amplamente. Porén, recoñeceu que o contrato vixente do bus urbano non se axusta ás necesidades reais da cidade, ao limitar quilómetros, liñas e frecuencias malia o incremento da demanda. Por este motivo, anunciou que o Concello non prorrogará o contrato que remata en xuño e que en xaneiro se iniciarán os traballos para sacar a licitación un novo prego, que permitirá ampliar percorridos, crear novas liñas e mellorar horarios.

O futuro contrato contemplará novas conexións entre barrios como Lamas de Prado e Abella co sur da cidade, a unión do cemiterio co norte urbano, melloras na puntualidade de liñas como a 1 e a 5, así como un reforzo de horarios en zonas de



emprego como o polígono do Ceao. Tamén se avanzará na dixitalización do servizo, coa súa integración en aplicacións como Google Maps e coa ampliación das pantallas informativas nas paradas. Ademais, o proceso de elaboración do novo contrato contará cunha fase de participación cidadá aberta.

Arroxo anunciou igualmente a posta en marcha dun proxecto piloto de taxi a demanda en dúas parroquias, co obxectivo de estender o servizo ata cubrir o 97 % da poboación en 2026 e alcanzar o 100 % en 2027, unha medida que definiu como unha cuestión de xustiza territorial. Na súa intervención tamén repasou actuacións de mellora do espazo público, como a transformación de contornas escolares, a expansión dos vieiros escolares, a renovación de rúas e barrios, a creación do primeiro cemiterio público de mascotas de Galicia e diversas iniciativas de dinamización do mercado municipal. No eido cultural, destacou a consolidación de Lugo como referente cunha programación estable durante todo o ano, o funcionamento do Auditorio Fuxan os Ventos e o éxito das festas de San Froilán.

Pola súa banda, o alcalde Miguel Fernández reforzou a mensaxe dun ba-

lance positivo, afirmando que Lugo é hoxe unha cidade máis habitable, que xera oportunidades e gaña poboación. Neste contexto, anunciou que o Goberno local activou os primeiros pasos técnicos para impulsar a creación dun Consorcio do Centro Histórico e abrir un proceso de diálogo cos concellos limítrofes para explorar a constitución dunha área metropolitana de Lugo.

Fernández defendeu que as áreas metropolitanas son unha ferramenta fundamental para optimizar recursos, evitar duplicidades e competir en mellores condicións no acceso a fondos europeos. Subliñou que se trata de sumar capacidades e de pensar a cidade e o territorio en clave de futuro, desde o respecto mutuo, destacando que cando Lugo lidera con xenerosidade e propón proxectos compartidos, avanza non só a cidade, senón tamén a comarca e a provincia. O alcalde situou estas iniciativas nunha estratexia a medio e longo prazo baseada na planificación, no equilibrio territorial e na cooperación institucional, reivindicando un urbanismo que xere oportunidades, uns servizos públicos eficaces, un casco histórico vivo, barrios con futuro e un rural atendido.

O PP de Lugo critica a xestión do Goberno local durante o ano 2025



Desde a oposición, a portavoz do Partido Popular de Lugo, Elena Candia, foi moi crítica coa xestión do goberno local, ao que acusou de falta de planificación, perda de credibilidade e deterioro dos servizos públicos. Lamentou que un dos debates máis importantes do ano se celebrase sen que a cidadanía nin a oposición coñezan os orzamentos de 2026, unha situación que cualificou de incumprimento legal.

Candia denunciou a carencia de persoal municipal e a deixadez na xestión dos recursos humanos, poñendo como exemplo a caducidade de 61 prazas da última oferta pública de emprego e a situación límite na escola infantil Gregorio Sanz, onde, segundo indicou, non se cubriron prazas necesarias. Tamén criticou as condicións de traballo da brigada de augas na nave de Frigsa, que considerou indignas.

No ámbito económico, alertou da existencia de 34 servizos sen contrato, cun custo anual superior aos 34 millóns de euros, e cualificou de irresponsable a política financeira do Concello, marcada pola suba

de impostos, o aumento da débeda e o uso de fondos europeos en actuacións sen valor engadido para a veciñanza. Advertiu de que un novo préstamo de 8 millóns elevaría a débeda municipal ata os 28 millóns de euros.

En materia de mobilidade, Candia criticou a aprobación do Plan de Mobilidade Urbana Sostible e da ordenanza da zona de baixas emisións, así como a intención de ampliar de maneira significativa a rede de carrís bici, a pesar de que o propio documento recoñece que a infraestrutura actual está infrautilizada. Tamén botou en falta referencias ao futuro das Caldas do Miño, que permanecen pechadas, e cuestionou a estratexia do goberno en materia de transporte público, ao que instou a non licitar un novo contrato do bus urbano e a apostar pola xestión directa do servizo.

Sobre o anuncio dun estudo para impulsar un Centro de Dinamización do Casco Histórico, considerou a proposta pouco ambiciosa e reclamou decisións e proxectos concretos.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

“A miña carreira dá credibilidade, pero eu era músico antes de ser actor”

Xoán Fórneas, actor de Lugo recoñecido polos seus papeis en películas e series, vén de sacar o seu primeiro sinxelo, ‘Ferido’, co que amplía a súa traxectoria no mundo da arte e o audiovisual

Jessica Fernández

Cando se deu conta de que quería ser actor?

É unha cousa que sentín xa desde moi pequeno, desde o lúdico. Os ingleses para dicir que interpretan un papel, din ‘play a rol’, é dicir, xogan un rol, e eu penso que no meu caso xa vén da infancia, cando me inventaba que era outra persoa. Aí nace unha paixón de canalizar emocións e comunicarme co público. Eu penso que o punto de inflexión foi no colexio das Gándaras, xa que a profesora de Relixión, Elvira Cerdeira, organizaba un Belén Vivente e íamos disfrazados de personaxes, e eu lembro que nos gravaron en vídeo e despois nolo ensinaron na televisión que había na Biblioteca e gustoume verme representado. Así, foi crecendo o meu amor pola interpretación, no cole, no que había festivais, e gustábame iso. Lembro verme nesas gravacións e eu sentía que quería facer iso.

Como foron os primeiros pasos no mundo da interpretación?

No instituto formamos un grupo de teatro afeccionado fóra das horas de clase e incluso fixemos unha obra que mandamos a un concurso e chamáronnos para representala noutros sitios. Como eu tiña esa inquietude coa música e o teatro, apunteime á Escola de Teatro Palimoco e Pomba Luxilde axudoume a preparar as probas de acceso á Real Escola de Arte Dramático de Madrid. Tiven que negociar coa miña nai, porque eu fixen o bacharelato de Ciencias e, en principio, ía estudar Enfermería, pero como a cousa estaba mal en todos os sectores laborais nesa época, díxenlle á miña nai que ía estudar teatro, e se non conseguía nada nese mundo, estudaría Enfermería. Así, aprovei as probas de acceso á Escola e estiven catro anos estudando. Porén, as escolas públicas de Arte Dramático, a pesar de ter unhas boas instalacións, están moi desconectadas de como funciona o mundo real laboral. Cando saín da escola non sabía que facer, xa que non te explican a onde tes que ir, como buscar a un representante, como pasar un *casting*... que ao final son cousas básicas se queres vivir disto. Así que estiven uns meses perdido en Madrid ata que tiven a sorte de que se convocou un *casting* dunha serie para Televisión de Galicia da serie ‘Dalia a modista’, producida por unha produtora na que estaba unha rapaza que coñecía de antes, xa que de pequeno participei nalgún programa de televisión, e que me mandou a información. Fixen o *casting* e colléronme.

Foi a miña primeira serie, na que me nominaron aos Mestre Mateo e iso abríume paso para facer outra serie. Con esa serie, conseguín unha representante que me conseguiu un papel na serie ‘Acacias’, que me puxo na roda e deume a coñecer.

Cales son os papeis que máis lle gustou facer?

Os que máis me gustaron interpretar son Castelao e Quique en ‘Respira’, sobre todo porque están moi ben construídos. Como actor, tes cousas

lle vida ao que eles pensaron e escribiron; déronme moita liberdade creativa.

Como é traballar con actores e actrices da talla de Blanca Suárez, Aitana Sánchez-Gijón, Manu Ríos, Najwa Nimri...?

Hai que levalo coa máxima normalidade posible e darse de conta de que isto é o meu traballo e ao que me dedico. Refírome, eu tamén fun fan deses actores e partía desde un punto de admiración cara a

“o importante de Puente Viejo non es ti, é Puente Viejo”, e basicamente niso consiste o mundo do cine. Os proxectos teñen que funcionar, e iso non se basea só en quen saia, senón no guión, na produción, o equipo, etc.

Falando con María Vázquez, comentaba que quizais hai unha percepción distorsionada do sector.

Si, concordo con ela, que ademais é unha actriz á que admiro moitísimo. Realmente, o problema é que en



ás que agarrarte. Pero sempre digo que todo o que fun facendo serviu-me de aprendizaxe para os seguintes. Todos os personaxes te van levando ao actor que es hoxe.

Interpretar a Quique foi un gran proceso de aprendizaxe, non?

Sen dúbida. Para min, primeiro, foi unha gran oportunidade poder formar parte, como un dos actores protagonistas, nunha serie dunha plataforma tan coñecida. E con respecto a Quique, é un personaxe moi contradictorio, e iso é interesante, porque, por unha parte, ten vocación de salvar vidas e, por outro, está poñendo a súa vida e a dos demais en risco. Ao principio, o personaxe en guión era unha persoa máis complicada, atormentada, pero eu quería interpretalo dunha maneira máis torpe, que non ve as consecuencias dos seus actos. Interpretando este papel desfrutei e aprendín moitísimo, sobre todo grazas a un equipo increíble. Agradezo que os guionistas, produtores, directores, equipo técnico... tomaran en conta a miña visión do personaxe ao dar-

eles, pero cando vas traballar, tes que deixar iso a un lado e atender o teu traballo, dándolle vida a un personaxe nunha serie, neste caso. Creo que todo artista pasou por esa etapa do síndrome do impostor, pero hai que ir aprendendo e agora non estou nesa fase. Por outro lado, a imaxe pública non nos pertence; nós seguimos sendo nós, pero ao ter unha presenza pública, a xente venos dunha forma que é como se existisen dous Xoán, un o de sempre, e outro que é o que agora é coñecido. E aos actores máis coñecidos pasarallos o mesmo. Ao final, son traballadores contratados para facer un labor e hai unha exposición pública que implica un efecto no espectador, pero a xente máis grande neste mundo é a máis normal e a que menos “tontería” ten. Ao final, a todos nos custa chegar a onde estamos e sabes que este traballo é fráxil, polo que hai que ser moi serio e facer ben o teu traballo. A xente máis mediocre é quen o ten máis crido, e por iso tampouco chega a máis. Hai un dito dunha serie que di

Madrid, que é unha cidade que me encanta, hai moito talento, pero tamén moita “borralla”. Eu creo que, ás veces, dáselle moito pulo a xente ou proxectos de arte que non son tal, e iso tamén é así debido á prensa e ás redes sociais. A arte ten que perdurar no tempo e a fama que ten algunha xente é fugaz. Eu creo que teño talento e que teño a capacidade de ver o talento nos demais, pero estamos moi condicionados polos cartos, a moda, etc. Entón, cando chegas a un punto álxido na túa carreira, tes que pararte, seguir traballando duro e non deixarte levar por esa “fama” instantánea que te pode nubrar.

É dicir, estar cos pés na terra. E, falando diso, vostede leva a súa por onde vai. É máis, a pesar de ter vivido en Madrid moitos anos, quixo facer esta entrevista en galego.

O galego é a miña lingua materna e, ademais, tendo en conta a situación de diglosia que se vive en Galicia e que o galego é unha lingua minorizada, eu creo que debe ocupar un espazo forte a nivel social e debemos

conservalo, porque, como dicía Castelao, algo así como que o idioma é o Santo Grial do pobo, a maior expresión da cultura dun pobo, e o galego é un idioma único. E por iso tamén tomo a decisión de facer a miña música en galego e oxalá que guste máis alá de Galicia.

Vostede protagoniza a película sobre Castelao ‘Antes de nós’. Como valora esta experiencia?

Eu non ía facer o papel de Castelao, pero ao actor protagonista saíulle outro proxecto e a directora, que coñecía o meu traballo, decidiu que fose eu Castelao. Había responsabilidade, medo a fallar e a equivocarse, pero sentíame preparado para facelo e ademais estiven moi ben rodeado. Foron moitos días de moito traballo, moito ensaio coas lingüistas e co resto do equipo para montar a cabalo, etc. Pero encantoume. Gústame ser actor por isto, pola complexidade de construír un personaxe.

Como foi o proceso de dar o paso a meterse no mundo da música?

Creo que o primeiro que me axudou a dar ese paso foi saír de Madrid, porque me condicionaba, pero eu xa sentía esa inquietude de sacar a miña música e en galego. Ao vir a Galicia seguía sentindo ese medo a que non gustase, pero prefería iso que arrepentirme de non facelo. En verdade, foi un proceso duro porque estaba eu só, a miña carreira como actor dá credibilidade, pero realmente eu era músico antes de actor, entón era algo que tiña que xurdir. Afortunadamente, estame indo moi ben e iso anímame a seguir.

Fálemos do videoclip, que está gravado en Castro de Rei.

Si, de onde son os meus avós. Eu tiña unha idea creativa, pero tratei de unir un equipo que me axudase a poñer en pé todo o que eu quería facer. Así, preparamos tamén unhas pezas para redes sociais nas que integramos aos patrocinadores, negocios locais que fixeron posible este sinxelo e quería devolverlles o seu apoio. Eu quería lanzar música pero sen renunciar ao que eu son, porque foron unha especie de microdramas que avanzaban de que ía ‘Ferido’, e tamén como forma de promocionar a canción. No videoclip represéntase como unha lenda na que unhas meigas curan un corazón roto de amor afumándoo, como un botelo. Así, as meigas curan corazóns feridos polo desamor como un ritual de curación para que a dor transcenda e poidamos celebrar que estamos vivos. Paréceme importante mostrar que a dor é parte da vida e tamén que te vas curar. Cando ti estás ferido, non o ves, pero isto vai pasar nalgún momento, e mentres temos que deixar que saia fóra.

Cales son os proxectos de futuro?

Agora mesmo estou rodando unha serie para Atresplayer cunha produtora de Galicia e quero seguir en proxectos do mundo audiovisual, e á vez, quero seguir traballando creando música en galego. A idea é sacar máis cancións en 2026.

Lugo avanza na súa estratexia turística e gastronómica

O Concello de Lugo adhiñese á Asociación Española de Destinos para a Promoción do Turismo Gastronómico, unha decisión estratéxica coa que se busca consolidar a cidade como un destino de referencia vencellado á gastronomía, ao produto de proximidade e a un modelo turístico sostible e de alto valor engadido. Esta iniciativa inscíbese na folla de ruta municipal orientada a diversificar a oferta turística, captar novos perfís de visitantes e fortalecer un sector clave da economía lucense, estreitamente ligado á hostalería, ao comercio e ao territorio.

A incorporación a esta entidade estatal supón un paso decisivo para afianzar a proxección de Lugo como destino gastronómico e permitirá ao municipio integrarse nunha rede que traballa de forma coordinada na



promoción deste tipo de turismo, favorecendo o intercambio de coñecemento, boas prácticas e experiencias entre destinos que comparten unha visión común. Segundo explicou o concelleiro de Desenvolvemento local, Mauricio Repetto, a participación nesta plataforma facilitará

a presenza do Concello en accións conxuntas de promoción, campañas de comunicación, proxectos innovadores e iniciativas dirixidas a mellorar a competitividade turística, incrementando a visibilidade de Lugo tanto no ámbito estatal como internacional.

Luis Tosar recibe unha das Medallas de Ouro ao Mérito nas Belas Artes

O Consello de Ministros aprobou a concesión das Medallas de Ouro ao Mérito nas Belas Artes no ano 2025, un recoñecemento que nesta edición distingue 35 personalidades e institucións destacadas do ámbito cultural. No ámbito do cinema e do teatro, recibiron a distinción o actor cospeitís Luis Tosar, a actriz Emma Vilarasau, a directora e guionista Alauda Ruiz de Azúa e a familia de cómicos Pla-Solina.

Luis Tosar foi recoñecido como un dos intérpretes máis sólidos e versátiles do cinema español. Ao longo da súa carreira, Tosar demostrou unha notable capacidade para transitar por xéneros como o drama, o



thriller, a comedia ou o cinema de autor, construíndo unha filmografía marcada por personaxes intensos e complexos, sendo recoñecido con numerosos premios, entre eles

tres Goya, dous como Mellor Actor Protagonista polos seus papeis en *Celda 211* e *Te doy mis ojos* (2004), e un como Mellor Actor de Reparto por *Los lunes al sol* (2003).

EN BREVE



AELU. A Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo (AELU) celebrou na Praza Maior de Lugo a xornada de clausura do programa Galatea, unha iniciativa de asesoramento e capacitación profesional que puxo o punto final cun acto aberto e gratuito no Templete da Praza Maior, concibido como un espazo para celebrar o camiño percorrido de maneira conxunta polas participantes. O evento serviu como escaparate do traballo desenvolvido ao longo do proxecto e incluíu unha mostra de produtos elaborados polas socias de AELU que tomaron parte no programa.



PSdeG. O día 10 de xaneiro, o PSdeG-PSOE celebrará un Comité Nacional Extraordinario en Santiago de Compostela, que marcará o inicio do ano político da organización e servirá para definir un calendario de accións de cara ás vindeiras eleccións municipais. No marco deste comité, un dos asuntos que se abordarán será a análise das denuncias por presunto acoso sexual e laboral coñecidas, así como as actuacións e decisións adoptadas polo partido desde que se tivo coñecemento dos feitos. A dirección do PSdeG considera necesario tratar esta cuestión no órgano máximo entre congresos, con toda a información dispoñible e desde o respecto aos procedementos internos e ás garantías que deben rexer en situacións desta natureza, poñendo sempre no centro a protección das vítimas. Unha vez celebrado o Comité Nacional Extraordinario, informarase dos acordos que se adopten.



*Clinica dental
Mosquera Otero*







- CIRURXÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLoxÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEdRIATRÍA

Te damos
una razón
PARA SONREIR

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo
☎ 982.803.132
✉ cdentallugo@gmail.com
🌐 www.mosqueraotero.es

“O trato personalizado e a busca da excelencia, como sinal de identidade”

Julio Alberto Mosquera Otero, nado en Santiago e avogado en exercicio dende hai 12 anos, é o Administrador Único da Clínica Dental Mosquera Otero S.L. de Lugo

Cando e como poñen en marcha o negocio?

A clínica creaa o meu irmán, o doutor Esteban Mosquera Otero, no ano 2019. Tras rematar os estudos de Odontoloxía, complementa a súa formación cunha serie de cursos de posgrado e seminarios de distintas especialidades; e tamén co Mestrado de Cirurxía, Implantoloxía e Periodoncia. Despois, traballa en Madrid, onde se forma ademais como experto en Peritacións en Odontoloxía Legal e Forense. Á súa volta a Galicia, establécese en Lugo, incorporando a súa consulta a unha policlínica, e pasados uns anos, apoiándose nun proxecto para emprendedores da Xunta de Galicia, financiado pola Comunidade Europea, monta a súa propia clínica no barrio da Milagrosa, onde vivía. En pouco tempo consegue facerse un oco na vida dos lucenses ata que, por desgraza, falece no ano 2023 a raíz dunha enfermidade, mantendo o contacto coa súa clínica ata o último día da súa vida. Ante esta adversidade, a familia sente a necesidade de continuar co seu legado, coa intención de devolver á xente do barrio o agradecemento pola acollida dispensada e co obxectivo de desenvolver no seu nome algunha das iniciativas de tipo social que el sempre tivo en mente. Para iso, no núcleo familiar constituímos unha sociedade e incorporamos novo persoal, que foi mudando, para xunto co que el xa tiña, manter a clínica activa.

Que servizos ofrecen aos clientes?

Prestamos todo tipo de servizos odontolóxicos. Entre eles atópase a Odontoloxía preventiva e restauradora, Periodoncia, Branqueamento, Estética dental, Odontopediatría, Cirurxía, Implantoloxía, Próteses dentais e ortodoncia. E tamén tratamentos con ácido ialurónico aplicado a odontoloxía.

A parte de vostede, con que profesionais contan?

Contamos cunha directora médica, a Dra. Noelia Fernández Agudo, con ampla experiencia en Odontoloxía xeral; unha coordinadora de Clínica e hixienista dental, Carmen Varela Rodríguez; unha auxiliar dental, graduada en comunicación, que leva a relación con pacientes, Estíbaliz González López; e tres colaboradores externos: un cirurxián e implantólogo, o Dr. Ignacio Castro Alonso; unha especialista en próteses sobre implantes, a Dra. Natividad Mejuto Amboage; e unha ortodoncista, a Dra. Marta Malde Abril.



Noelia Fernández Agudo e Julio Alberto Mosquera

Que destacarían do trato cos clientes?

Carmen, a hixienista e coordinadora clínica, que traballou co Dr. Esteban dende un principio, foi testemuña de como trataba os seus pacientes, a quen el sentía como se fosen da súa familia mais próxima. E por sor-

se nos achegan para facernos partícipes dalgũa doenza, problema ou inqueda, e os nosos profesionais van facer todo o que estea nas súas mans para darlles unha resposta axeitada, clara e concisa; dispensándolles o tratamento menos agresivo, ao mellor prezo posible e axustado



Estíbaliz, Noelia e Carmen

te, o equipo co que hoxe contamos actúa do mesmo xeito. Para nós non existen clientes, son pacientes que

as posibilidades de cada quen. Razón pola que, na súa grande maioría, a relación acaba sendo de amizade.

e os tratamentos avanzaron moitísimo, polo que podemos acudir ao dentista con total tranquilidade. De tódolos xeitos, a esas persoas que sintan un pouco de desacougo, díxilles que nos pidan cita e comprobarán que nada máis poñerse nas mans das nosas profesionais, esa sensación esvaecece por completo. A mellor mostra está nas crianzas, que asisten á nosa clínica encantadas, pois saben que as tratan fenomenal, e Estíbaliz sempre lles ten algún agarimo.

Que destacarían das instalacións?

Están moi ben situadas, son modernas, cómodas e funcionais. Apréciase que foron pensadas e deseñadas por alguén que puxo todo o seu empeño en vivir para a súa clínica e os seus pacientes.

E das ferramentas ou equipos que empregan?

Nós dispoñemos das aplicacións dixitais e do equipamento máis avanzado do mercado. Por citar algo, a Unidade de Radioloxía en 3D para a realización de TACS e Panorámicas e o escáner intraoral, tamén dixital, que fai mais cómoda para o paciente a toma de medicións na boca. Tamén, as modernas aplicacións, tanto no ámbito da Xestión da clínica, como no campo da cirurxía e implantoloxía, ou da ortodoncia. Sen esquecermos de que traballamos sempre con materiais de primeira calidade.

Que lles diferencia doutras clínicas?

O trato personalizado e a empatía co paciente; así como a mellora continua e a busca da excelencia a un prezo axeitado. Este é o espírito co que naceu esta clínica e mantense como sinal de identidade. Neste senso, cada novo caso, vai ser o máis importante para a clínica, con independencia do custo do seu tratamento.

Cales son os proxectos de futuro?

Os avances en Odontoloxía, ao igual que noutras áreas da saúde, están á orde do día. De aí a importancia de contar con persoal con inquietude por incorporar ao seu labor diario novas ferramentas, tratamentos e avances tecnolóxicos, incluídos aqueles propiciados pola intelixencia artificial, que estamos seguindo moi de preto, e que se prevé ir incorporando a medida que estean debidamente contrastados. Tamén temos previsto poñer en funcionamento a curto prazo o equipo de sedación consciente con óxido nítrico, que xa usaba meu irmán, o doutor Esteban, e para o que a nova directora médica, Noelia Fernández Agudo, conta coa formación axeitada.

Agradecementos.

A todos os que nos acompañaron, tanto durante a convalecencia do doutor Esteban, como despois do seu falecemento; co recoñecemento expreso para o doutor Ramón Soilán, persoa que engrandece a profesión, e a quen lle estaremos eternamente agradecidos; e á doutora Eva Díaz López, excelente profesional e mellor persoa, quen tamén nos foi de grande axuda.

Se é común ter medo a ir ao dentista, por que non debería acontecer ao ir á súa clínica?

Hoxe en día, os profesionais están moi ben formados, e a tecnoloxía



Dr. Ignacio Castro



Dra. Marta Malde Abril



Dra. Natividad Mejuto Amboage

Moncho Reboiras foi recordado no aniversario do seu asasinato

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxó, acompañado pola concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro inauguraron o busto en lembranza a Moncho Reboiras colocado na rúa Soto Freire, dentro dos actos organizados polas fundacións Galiza Sempre, Terra e Tempo e Moncho Reboiras, en lembranza do 50 aniversario do asasinato de Moncho Reboiras, a última persoa asasinada polo franquismo na Galiza. Rubén Arroxó destacou que Lugo foi a primeira cidade que realizou unha homenaxe pública a Moncho Reboiras, e engadiu “desde Lugo apoiamos esta iniciativa que durante os vindeiros meses se executará tamén noutras vilas e cidades de Galiza, lembrando a unha persoa que foi asasinada simplemente polos seus ideais”.

Con esta acción, a Tenencia de Alcaldía lembra a figura de Moncho Reboiras como unha persoa simbólica na loita pola liberdade e os dereitos fundamentais, promovendo a memoria histórica. O tenente alcalde destacou o legado de Moncho Reboiras “unha figura clave na organización da clase traballadora galega, que axudou a crear o Sindicato Obreiro Galego, organización antecesora da CIG”, e lembrou que “non foi ata o ano 2009 cando o Estado español o recoñeceu oficialmente como unha vítima do franquismo, a última persoa asasinada polo réxime en Galicia”.

O tenente alcalde, Rubén Arroxó, afirmou que “hoxe realmente é un día de xustiza: despois de que no ano 2009 o Estado español recoñecera que Moncho Reboiras fora unha vítima do franquismo, ou que é o mesmo, o Estado español recoñeceu que era unha vítima do propio Estado, hoxe conseguimos entrar nunha nova fase, que é facer que Moncho Reboiras empece a ter a súa presenza por todo o territorio do país”.

Manuel Reboiras, irmán de Moncho



Reboiras, agradeceu á Tenencia de Alcaldía a iniciativa, e afirmou que “este busto que se inaugura hoxe debe ser non só unha honra para a figura de Moncho Reboiras, debe ser tamén unha honra para todos para todos as vítimas do franquismo que coa súa valentía, a súa entrega, a súa coherencia, estiveron loitando por unha causa que é a soberanía de Galiza e por unha loita contra o fascismo”.

Rubén Cela destacou o traballo realizado polas tres fundacións neste ano, e afirmou: “desde a comisión entendiamos que este aniversario quedaría un pouco coxo se non eramos capaces tamén de levar ese recoñecemento e esa reparación ao espazo público do noso país, e por iso quero agradecer en nome da comisión enormemente a predisposición, a valentía e o compromiso da Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo para que isto hoxe poida ser unha realidade ademais nun sitio especialmente acaído, ao pé deste Vello Cárcere, que tamén é un espazo de memoria, un espazo que nos lembra tódolos días a crueldade e a brutalidade da represión franquista na cidade de Lugo e no conxunto do país”, e engadiu “Reboiras foi un militante exemplar e comprometido até a extenuación e até as últimas circunstancias coa causa nacional

galega e coas clases populares deste país, ese é o motivo fundamental polo que o franquismo acaba eh coa súa vida, porén, para nós, Reboiras non é só un símbolo para o momento nacionalista galego, senón que Reboiras é un símbolo de todo un país, un símbolo de toda unha xeración que loitou pola liberdade, que loitou pola democracia e que loitou pola construción dunha sociedade mellor”.

Reboiras foi asasinado na madrugada do 12 de agosto de 1975, despois de que na noite do 11 de agosto, a Brigada Política Social (BPS) establecera un control no barrio ferrolán de Canido. Ás 2 da mañá varios efectivos da Brigada xunto a varios axentes da Policía Armada acordaron o edificio onde se atopaba Reboiras, que logra zafarse da policía durante máis de dúas horas, logrando finalmente esta darlle alcance no portal da rúa da Terra.

O acto de inauguración do busto contou coa intervención de Rubén Cela en representación das tres fundacións promotoras da homenaxe a Moncho Reboiras e representantes da familia. A imaxe pétreo de Moncho Reboiras foi instalada ao carón do Vello Cárcere onde centos de persoas foron represaliadas polo franquismo.

Esixen á Xunta celeridade para instalar o comedor no Fingoi II

A concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide, lembrou que a Concellería de Educación está preparada para prestar o servizo de comedor escolar no CEIP Fingoi II “en canto a Xunta habilite o espazo”. A edil reclamou “celeridade” á Administración autonómica e confiou en que “para a volta das vacacións estea todo listo para que as familias poidan contar co comedor escolar”. Con todo, Buide advertiu de que o Concello non recibiu ningunha comunicación oficial por parte da Xunta sobre a data prevista para a instalación das casetas provisionais, unha solución temporal ata que se leve a cabo a ampliación definitiva do centro. Actualmente, estas estruturas atópanse no CIFP As Mercedes, á espera de seren acondicionadas. Pola súa banda, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, esixiu á Xunta de Galicia a instalación inmediata do comedor móbil no CEIP Fingoi II, cando xa transcorreran 20 días desde a sinatura do convenio que debía permitir dar unha resposta provisional ás necesidades do alumnado mentres non se execu-

ta a ampliación definitiva do centro. O rexedor cualificou o atraso de “inxustificable e inaceptable”, especialmente tendo en conta que o servizo debe estar operativo para o inicio do período lectivo o vindeiro 8 de xaneiro.

Desde o Goberno local lembran tamén que a aprobación do convenio está condicionada ao pagamento das taxas da licenza de obra necesaria para instalar a estrutura móbil, unha obriga que corresponde á Xunta como promotora da actuación. O Concello subliña que cumpriu escrupulosamente con todas as súas obrigas e que non existe ningún impedimento técnico nin administrativo que xustifique a demora.

Por todo isto, o alcalde instou á Consellería de Educación a desbloquear de inmediato a situación para que o comedor móbil estea plenamente operativo o 8 de xaneiro e advertiu de que o Goberno local seguirá vixiante e insistente, tanto para que chegue canto antes esta solución provisional como para que se avance sen máis atrasos cara á solución definitiva que o centro merece.

O colexio Salesianos organiza xornadas de portas abertas

O colexio Divina Pastora Salesianos de Lugo celebrará ao longo dos primeiros meses de 2026 diversas xornadas de portas abertas co obxectivo de dar a coñecer o seu proxecto educativo e as súas instalacións ás familias interesadas.

A primeira das citas terá lugar o 30 de xaneiro de 2026 ás 18:00 horas coa actividade Xogando xunt@s, unha proposta de carácter lúdico pensada para que as familias coñe-

zan o colexio nun ambiente participativo.

O calendario continuará o 10 de febreiro ás 18:00 horas cun obradoiro de Entroido, no que se combinará a creatividade co espírito festivo destas datas. Xa o 28 de febreiro, ás 12:00 horas, o centro acollerá unha sesión de contacontos, orientada aos máis pequenos e concibida como unha experiencia educativa e de convivencia.

Ademais destas actividades abertas ás familias, o colexio organizará visitas colexiais en diferentes datas, concretamente o xoves 19 de febreiro ás 17:00 horas, o martes 24 de febreiro ás 19:00 horas e o mércores 25 de febreiro ás 11:15 horas.

Con esta iniciativa, o colexio busca amosar o seu modelo educativo e reforzar o contacto directo coas familias de cara ao curso académico.

LAS JORNADAS QUE ESTABAS ESPERANDO

JORNADAS DEL COCIDO

- *Para llevar o tomar en nuestro restaurante
- *Para grupos consultar
- *Diferentes salones individuales para grupos
- *Disponemos además de nuestra carta habitual

Del 17 de enero al 15 de marzo de 2026
Todos los viernes, sábados y domingos
(resto de días de la semana consultar)

676755278 982304040

@HOTELTORREDENUNEZ

O Gustavo Freire acollerá 32 actuacións no primeiro semestre do 2026



A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentou a programación cultural do primeiro semestre do ano no Auditorio Municipal Gustavo Freire. A oferta inclúe 32 espectáculos de teatro, danza e propostas para público familiar e de primeira infancia, que terán lugar entre xaneiro e maio. O semestre inclúe 14 espectáculos de teatro e 6 de danza.

Ferreiro sinalou que “as propostas para o público adulto abordan temáticas actuais e universais, con linguaxes que van desde o teatro clásico reinterpretado ata o circo contemporáneo, sempre cunha clara vontade de chegar a un público diverso”. O Auditorio acollerá tamén 12 espectáculos dirixidos ao público máis novo e ás súas familias, con pezas de teatro, circo e marionetas a cargo de compañías recoñecidas como Xip Xap Teatre, Xarope Tulú, Mamá Cabra ou a Compañía Sharon Fridman.

FUNCÍONS. O 11 de xaneiro ás 18:30 terá lugar a representación familiar de “Sé tortuga” de Xip xap Teatre. O 15 de xaneiro ás 20:30 será a quenda de “Manual de Patronaxe” de Teatro do Noroest. O 18 de xaneiro ás 18:30, Tarabela Creativa presenta “A Tarabela Ambulante: IDEA”, mentres que o 22 de xaneiro ás 20:30 Campi qui Pugui ofrece “Matres” para espectadores adultos. O 25 de xaneiro ás 18:30 será a representación de “Berenguela na Gaiola” con Galeatro, Xarope Tulú e CDG. O 29 de xaneiro ás 20:30 chega “Yo solo quiero irme a Francia” seguido o 30 de xaneiro ás 20:30 de “NIK.EU 2.0”. O 1 de febreiro ás 18:30 Thomas Noone Cia ofrece “La gata que quería cambiar la historia” para toda a familia, e o 5 de febreiro ás 20:30 será a quenda de “Memorias dun neno labrego”. O 8 de febreiro ás 18:30, “Bosque” de Mamá Cabra & Aurora ocupará o escenario familiar. O 12 de febreiro ás 20:30 será para adultos con “Ubasute” de Berrobambán, e o

19 de febreiro ás 20:30 Sarabala Teatro presenta “A metamorfose”. O 20 de febreiro ás 20:30 Colectivo Glovo trae “ALÉN”, un espectáculo de danza para todos. O 22 de febreiro ás 17:00 e 18:30, Sharon Fridman ofrece “Paisajes de oro” para a primeira infancia. O 26 de febreiro ás 20:30 o público adulto poderá asistir a “Xoguetes rotos” e o 27 de febreiro ás 20:30 Fran Sieira Compañía presenta “BenQuerer”, espectáculo de danza contemporánea.

O 1 de marzo ás 17:00 e 18:30 será para a primeira infancia con “Pié inquieto” de Cia La clá, mentres que o 5 de marzo ás 20:30 “RIAZOR OSTIA” estará destinado a adultos. O 27 de marzo ás 20:30 Cie. Twain e Cia. Acerina H Toledo xunto a Cía Marta Alonso Tejada presentan “3 Pezas curtas”, espectáculo de danza.

O 9 de abril ás 20:30 chega “Alta Costura” para público adulto, seguido o 12 de abril ás 18:30 de “O libro da selva, o musical” para toda a familia. O 16 de abril ás 20:30 Chévere e CDN presentan “ICTUS”, e o 17 de abril ás 20:30 “Monte – Versión estendida” será espectáculo de danza. O 19 de abril ás 18:30 Fantoques Baj ofrecerá “Isaura e Tristán. Contastorias”.

O 23 de abril ás 20:30 Bengala Teatro Físico presenta “Alicia wants to...”, e o 26 de abril ás 18:30 “Singularia” de Magia en la manga estará dispoñible para o público familiar. O 30 de abril ás 20:30 Ibuprofeno Teatro trae “Bio Construcción”.

O 3 de maio ás 18:30 Marie de Jongh ofrece “Mr Bo”, espectáculo familiar, e o 7 de maio ás 20:30 será a quenda de “Cortello de amor” para adultos. O 14 de maio ás 20:30 Alóproductions presenta “Do reino (e) dos amores proscritos”, e o 17 de maio ás 18:30 Amarelo Cía trae “O arcón de Noa” para toda a familia. O ciclo pecharase o 29 de maio ás 20:30 coa actuación da Khambatta Dance Company de Seattle, que presenta “Marea Familiar (Family Tide) + Soño Profundo (Dream in the Back of Your Head)”.

O Caudal Fest confirma catorce artistas e bandas para o 2026

O Caudal Fest avanza na configuración da súa edición de 2026 cun primeiro adianto artístico no que combina nomes consagrados e proxectos actuais de forte tirón. Os vindeiros 18 e 19 de setembro de 2026 estarán en Lugo Xoel López, unha das figuras máis recoñecidas da música independente estatal, xunto a Leire Martínez, que chega a Lugo cun repertorio moi ligado ao pop máis popular tras a súa etapa á fronte de La Oreja de Van Gogh.

A escena galega estará representada por Ortiga, cun directo marcado polo ritmo e o espírito festivo, mentres que bandas como Lori Meyers ou Sexy Zebras achegan o seu peso específico dentro do indie e do rock contemporáneo español. O cartel complétase con propostas de pop-rock e sonoridades actuais como Ultraligera, Siloé, La La Love



You ou Pignoise, formacións con traxectorias consolidadas e gran conexión co público, ademais de proxectos máis recentes como Barry B, Besmaya, Inazio ou Sanguijuelas del Guadiana, que aportan frescura e diversidade estilística.

Tamén se suma Anni B Sweet, cunha proposta máis intimista e delicada, configurando un conxunto artístico variado que reforza a identidade do festival e a súa aposta por combinar grandes nomes con novas voces da escena estatal.

A Escola Ramón Falcón consegue un premio polo proxecto ‘As que contan’

A Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo vén de recibir un dos galardóns nos primeiros Premios Nacionais a Experiencias Educativas que fomentan a Competencia Dixital do Alumnado 2025, convocados polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes. A entrega oficial dos premios está prevista para o mes de xaneiro no salón de actos do INTEF, en Madrid.

iniciativa recoñecida, titulada As que contan. A tradición da muller rural galega, foi distinguida na sexta categoría, correspondente á Educación Especial, Persoas Adultas e ás Ensinanzas de Réxime Especial, incluíndo idiomas, artes e deportes. Este premio subliña o valor, a dedicación e a calidade dun proxecto



que reivindica a tradición, a memoria colectiva e o papel esencial da muller rural en Galicia, ao tempo que integra de maneira activa o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado participante. Desde o centro expresaron o seu

agradecemento a todas as persoas que contribuíron á realización da proposta, e de maneira especial ao alumnado, que transformaron recordos e oficios en relatos ilustrados, pezas cerámicas, xogos e creacións audiovisuais.

Lugo acolleu a presentación do número extraordinario da revista reNova Galiza

O Vello Cárcere do Concello de Lugo acolleu a presentación do número extraordinario 5-6-7 da revista reNova Galiza (rNG), editada en Barcelona polo Foro Cívico Galego de Barcelona. O acto serviu como espazo de encontro e análise arredor dos contidos desta publicación especial,

centrada na reflexión sobre a realidade contemporánea de Galiza e Cataluña. Este número extraordinario da revista reuniu achegas de recoñecido prestixio nos ámbitos do pensamento crítico, a cultura, a economía, a historia, o xornalismo e as ciencias sociais, configurándose como unha

proposta plural para o debate público e a análise do momento actual desde diferentes perspectivas. Na mesa de presentación participaron Camilo F. Valdehorras, director da publicación, e Antón F. Escuredo e Uxío Meis, coordinadores dos dosiers galego e catalán.

“Facer impro é como tirarte a rolos e deixarte levar”

Paula Sánchez, presidenta da Asociación Cultural Improdutivas, pon en valor a improvisación teatral, coa intención de poñelo no mapa cultural lugués

Jessica Fernández

Con arredor de dez persoas, o grupo de improvisación Improdutivas naceu en Lugo en xaneiro de 2025 coa intención de situar esta disciplina no mapa cultural da cidade. A proposta baséase en “crear teatro de maneira espontánea, sen guión, sen vestuarios e sen ningún tipo de *atrezzo*. Só coa nosa cabeza e coas nosas compañeiras”, explica Paula, quen engade que “a improvisación é o jazz do teatro. “Durante o Festival de Jazz estivemos falando con músicos, porque actuamos no Clavicémbalo, igual ca eles, e comentamos que eles improvisan para crear a súa música, do mesmo xeito que nós o facemos para crear as nosas escenas”.

Así, de forma afeccionada, xurdiu o grupo “porque eu estaba nun curso de teatro musical e tiña ganas de facer algo en Lugo de *impro*; e entre o impulso da miña amiga e o meu, mulleres que botabamos en falta máis *impro*, porque hai pouca improvisación en Galicia, e menos en Lugo; puxemos en marcha esta iniciativa. Queríamos crear algo enfocado ás mulleres, xa que o ámbito da improvisación está bastante masculinizado. Así que, amigas e compañeiras, comezamos a quedar e a improvisar... de maneira totalmente improvisadísima”.

Ademais, engade que “sempre dicimos que é un sector masculinizado porque, a diferenza do teatro en xeral, no que hai maioría de mulleres, na improvisación adoita imperar a lei do máis forte”, Por iso, neste grupo fomentan a igualdade: “O que buscamos é crear espazo para as mulleres e garantir contornas seguras, nas que non teñamos que loitar por saír ou por ter voz.

É algo no que poñemos moita atención porque nós mesmas tamén o sufrimos ao comezo”, recoñece.

BENEFICIOS DA IMPRO. A improvisación teatral converteuse nun espazo de creación libre e sen límites para Improdutivas, que aposta por unha escena espontánea, sen guión e baseada na escoita e na presenza. Paula

ca como mental. “Trátase dunha actividade moi expresiva, que esixe un gran exercicio de atención e adaptación constante. Temos que estar moi presentes e moi espertas, así que facemos moitísima ximnasia cerebral. No teatro é fundamental a presenza corporal, pero a nivel de cabeza estamos sempre cun montón de xogos, que ás veces á xente que vén nova lle estoupa a cabeza”.



sostén que esta disciplina non precisa de grandes recursos, pero si dun traballo constante entre as persoas que participan: “Para facer improvisación non fai falta nada, pero nós facemos un montón de xogos e poñemos normas para enriquecernos e darnos impulso”.

O colectivo combina perfís diversos. Dentro del conviven actrices profesionais con intérpretes que veñen do teatro musical, o que dá como resultado unha proposta versátil na que tamén cabe a súa propia maneira de xogar coa voz. “Temos unha improvisación vocal que chamamos ‘gorxeos’”, relata a presidenta.

A práctica da improvisación require unha dispoñibilidade total durante a actividade, tanto físi-

Porén, máis alá da técnica, a esencia da improvisación para Improdutivas está na escoita e no coidado mutuo. “Podes ter unha idea marabillosa para improvisar, pero se unha compañeira ten un mal día, tes que estar ti aí. A improvisación é traballo en equipo, é saber escoitar e acompañar”, apunta Paula. E engade unha reflexión que resume a filosofía do grupo: “Para min, facer *impro*, mentalmente, é como tirarte a rolos e deixarte levar”.

Ademais, o equipo de Improdutivas reúne persoas de entre 26 e 62 anos, o que lles permite observar como evoluciona a capacidade de xogo e apertura co paso do tempo. “Sobre todo nótase coa xente maior”, comenta a presidenta. “Chega un momento no



que nos negamos a todo. Cos nenos, e digo isto como mestra que tamén fai *impro* na escola, a clave é a aceptación. Os nenos aceptan todo, están abertos. Pero cos maiores hai que traballar iso, cambiar o non polo si e non pechase, porque iso limitate”.

Así, Improdutivas construíu un espazo seguro no que explorar, fallar, rir e probar sen medo ao erro. Un laboratorio teatral que reivindica o poder do xogo, da escoita activa e da liberdade creativa. Un lugar onde cada escena nace do presente, e onde cada voz —sen importar idade nin experiencia— atopa o seu sitio enriba do escenario.

FUTURO. Como proxecto de futuro, Improdutivas ten un obxectivo claro: dar a coñecer a asociación e divulgar a improvisación en Lugo. Paula, presidenta da asociación, lembra que o mes pasado participaron nun congreso de *Impro* en Santiago, unha cidade onde este xénero xa conta cunha comunidade consolidada, pero a intención é trasladar o centro da *impro* tamén a Lugo, onde desde o Clavicémbalo ten un escenario perfecto. “Comezamos en maio a actuar no Clavi e desde entón imos todos os meses. A primeira vez enchémolo con 88 persoas e en xuño volve-mos chegar ás 80. Alberto deunos un apoio tremendo”, subliña Paula.

As actuacións no Clavicémbalo teñen un formato curto e dinámico, orientado ao ambiente nocturno e de bar. Elas denomínanse *Impro* Deportiva: seis xogos breves que

rematan cos seus característicos “gorxeos”. “É moi activa, moi divertida. Agora que xa somos máis coñecidas, o público participa desde o principio”, comenta a presidenta.

A traxectoria do grupo fóra da cidade tamén é positiva. Improdutivas participa no ciclo de Teatro Amador e levou o seu traballo a Antas de Ulla, A Pontenova, Parga e Castroverde. Ademais, realizou unha sesión na residencia das Gándaras, onde a resposta foi especialmente emotiva. “O público responde superben. Fixemos *impro* con maiores e tamén con ANPAs. A xente sorpréndese para ben”, relata Paula.

A presidenta tamén reivindica o valor artístico e técnico da improvisación, a miúdo infravalorado. “A *impro* está bastante denostada porque, ao non levar algo fixo a representar, a xente pensa que non require traballo, pero é ao revés: non tes unha rede de seguridade, non tes guión no que apoiarte, e iso ten máis traballo”, sostén.

A mirada de futuro do colectivo é ambiciosa. Queren consolidar un núcleo estable de público en Lugo e comezar a atraer compañías doutros puntos de Galicia, construíndo unha pequena rede de intercambio artístico. “Queremos darnos a coñecer, mostrar que isto non é algo só de Santiago, e sobre todo que é un produto de calidade, moi desfrutable tanto para quen o fai como para quen o ve”, asegura Paula. “O soño é ter un centro de *Impro* en Lugo”.



Reino Animal Lugo

Tanatorio - Crematorio de mascotas

Servicio 24 horas



644 861.417

P.E. As Gándaras, Rúa H 12-14 Local 2

Presentado o nº 26 da revista poética ‘Xistral’



O Vello Cárcere acolheu a presentación do número 26 da revista lucense de creación poética Xistral, nun acto no que participou a concelleira de Cultura do Concello de Lugo, Maite Ferreiro, quen puxo en valor a traxectoria dunha publicación nacida do entusiasmo xuvenil dun entón descoñecido Manuel María, cando comezaba a dar a coñecer os seus primeiros poemas. Durante o encontro, diversos poetas participaron nun recital que devolveu a Xistral o seu carácter de cita anual coa poesía galega e consolidou a revista como unha canle de difusión para creadoras e creadores lucenses e como un

proxecto de referencia para todas as persoas con interese pola poesía, tal e como destacou a responsable municipal. A edición presentada reuniu un total de 101 textos poéticos de autorías diversas, xunto con dúas ilustracións, nun número coordinado por Toño Núñez e cun consello de redacción integrado por Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo e a propia concelleira de Cultura. Ademais da creación literaria, a revista incorporou ilustracións asinadas por Jesús Alfonso Parada Jato e María José Rodríguez García, reforzando o diálogo entre palabra e imaxe.

Luz Darriba impulsa un novo espazo creativo na vila



A creadora multidisciplinar Luz Darriba puxo en marcha en Lugo o espazo Arte e Parte, un laboratorio artístico pensado para vivir e compartir a creación desde múltiples linguaxes, coa intención de experimentar de maneira colectiva e explorar formas máis amables de entender a arte e a convivencia cultural. O proxecto abriu as súas portas ás artes visuais, á acción poética, á performance e á literatura como eixos dun lugar concibido para o encontro e a experimentación. Para presentar esta iniciativa desenvólense unhas xornadas centradas na poesía viva, nas que se combinaron obradoiros, lecturas compartidas, accións colectivas e

espazos de diálogo. Ao longo da programación participaron creadoras como Eva Teixeira, Emma Pedreira, Beatriz Dourado e Rexina Vega, que propuxeron achegamentos diversos á escrita poética, ao fanzine, á creación colectiva e á literatura experimental, culminando nunha performance aberta que levou a poesía máis alá do espazo interior. O proxecto contou tamén coa visita de representantes municipais, que recoñeceron a traxectoria artística de Luz Darriba, coñecida tanto polas súas intervencións culturais e reivindicativas como polo seu traballo na pintura, na escrita e na ilustración.

Felipe Arias incorpórase como membro correspondente da RAG

Felipe Arias, nado en Lugo en 1949, foi elixido membro correspondente da Real Academia Galega logo de que o pleno da institución aprobase a súa incorporación. O nomeamento recoñece unha ampla carreira profesional vencellada á investigación histórica e arqueolóxica, á xestión museística e á difusión do patrimonio cultural galego. Ao longo da súa traxectoria, Arias desenvolveu unha intensa labor como historiador, arqueólogo e museólogo. Foi director-conservador do Museo Provincial de Lugo entre 1974 e 1984 e estivo á fronte do Museo do Castro de Viladonga desde a súa creación en 1983 ata 2014, ano no que se xubilou. Na actualidade é profesor investigador ad honorem da Universidade de Santiago de Compostela e conta cunha extensa produción científica elaborada ao longo de máis de cincuenta anos de actividade, á que se suma un destacado labor divulgador a través de publicacións



periódicas, monografías, cursos e xornadas especializadas. O novo académico centrou desde os seus inicios boa parte do seu interese investigador na muralla romana de Lugo. A este monumento dedicou en 1971 a súa tese de licenciatura, recoñecida co premio extraordinario da Universidade de Santiago de Compostela, institución á que estivo ligado como do-

cente ata 1974. Aquele traballo supuxo a primeira achega académica centrada especificamente na muralla e, posteriormente, Arias participou en distintos proxectos de intervención e seguimento, entre eles a elaboración do dossier que permitiu acadar a declaración do monumento como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

A Rede Museística Provincial recibe o Recoñecemento A Colectiva

A Rede Museística Provincial de Lugo vén de recibir o I Recoñecemento A Colectiva, outorgado pola Asociación Profesional de Artistas de Galicia na categoría de espazo de produción e exhibición de arte contemporánea no ámbito público. O recoñecemento pon en valor a xestión desenvolvida nos museos provinciais polo seu compromiso coa arte e cos e coas profesionais da creación galega, así como polo respecto e aplicación do código de Boas Prácticas Artísticas. A entidade organizadora salientou tamén o labor realizado no ámbito da mediación cultural, a facilitación de procesos creativos e a difusión da arte contemporánea galega, cunha marcada perspectiva social. A Colectiva destacou que o traballo impulsado desde a Rede Museística Provincial de Lugo contribúe a consolidar espazos públicos de referencia para a produción e a exhibición da creación contemporánea, favorecendo relacións profesionais baseadas na ética, o recoñecemento do traballo artístico e o acceso da cidadanía á cultura.

PROXECTO ‘TECENDO REDES’. A Rede Museística promoveu, xunto coa Asociación Rioplatenses de Lugo, a exposición ‘Tecendo Redes: Migración, Arte e Lugo’, que puido verse durante o mes de decembro no Vello Cárcere.



O proxecto reuniu unha decena de propostas artísticas que abordan a migración desde perspectivas diversas, combinando fotografía, pintura, creación audiovisual e instalacións. A comisaria, Ana María Bereciartua Gasperini, xunto con Daniel Manuel Vázquez Vila e Encarna Lago González, subliñou que a mostra pretende “tecer pontes entre culturas” e amosar a realidade de quen chega a Lugo na procura dun novo fogar.volveu situar o foco no esencial: as persoas e as súas historias. O acto tivo lugar nun espazo cargado de simbolismo como o Vello Cárcere, onde se puxo de relevo que Lugo se constrúe desde a diversidade como un dos seus piares fundamentais. Pola súa parte, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, puxo en valor o

traballo impulsado pola Rede Museística Provincial de Lugo e a Asociación Rioplatenses de Lugo, que “é exemplo de que a integración real nace do recoñecemento mutuo e da creación de redes sociais sólidas”. Neste contexto, “a arte preséntase como unha ferramenta clave para facer visibles as experiencias das persoas migrantes, desde unha mirada respectuosa e afastada de calquera paternalismo. Un medio de expresión que permite contar historias propias e fortalecer vínculos coa comunidade”, destacou. E engadiu que Lugo se presenta “como unha cidade que acolle, que medra coa xente que chega e que entende que iniciar unha nova etapa vital tamén contribúe a enriquecer o común”.

“En Lugo, hai xente con ganas de crear e de innovar”

Andrea Prado Rielo, coñecida como Karte, vén de expoñer no Vello Cárcere a súa recompilación fotográfica ‘Somos pobo feito en nós’

Jessica Fernández

Como nace ese amor pola arte?

A min, a verdade, vénme de familia. Crieime nun fogar moi creativo, sobre todo pola parte da miña nai, que pinta, pero sempre tiven a necesidade de expresar todo o que levaba dentro a través da creatividade. Ao final, cando cheguei ao bacharelato, a elección estivo bastante condicionada, porque optei polo de artes, e foi aí onde descubrín a fotografía grazas a un profesor marabilloso que me inculcou moitísimo, así como a outros mestres do gabinete de artes do Sanxillao. A partir de aí comecei, e foi coller a cámara e non soltala máis. Ao final, converteuse nun medio que me permitiu falar, amosar que tiña algo que contar. En definitiva, penso que a educación, o que ves primeiro na casa, é o que máis che condiciona á hora de expresar quen es.

A arte, como medio de expresión, non?

Creo que son os medios artísticos. Considero que calquera persoa que se expresa a través dun medio artístico, máis alá de ser fotógrafo, pintor ou calquera outra cousa, antes de nada somos artistas, porque o que facemos é emocionar a través da expresión. Para min, a fotografía foi o medio que mellor se adaptou a min para conseguir transmitir emocións co que levo dentro, porque é a disciplina que máis me permite achegarme ao realismo máximo sen necesidade de depender del. É dicir, podo xogar con todas as bazas expresivas posibles, tendo o realismo na man,

pero sen ter que espremelo se non o desexo. Deste xeito, a fotografía dálleme un maior marxe para achegarme a onde eu queira.

máis atención. Por iso, os novos profesionais que estamos saíndo agora atopámonos con numerosos problemas á hora de acceder ao mercado



Foi complicado facerse un oco no mundo artístico?

Considero que foi un proceso relativamente complicado, porque a educación e o entorno condicionan moitísimo a nivel artístico. Penso que aquí en Lugo, por parte das institucións, aínda que teño a sorte de contar con máis compañeiros que tamén están noutros centros formativos —como a Escola TIC, ademais da Ramón Falcón—, a educación audiovisual e as ramas vinculadas ao audiovisual están, por desgraza, moi anticuadas e precisan moita

laboral, xa que non existe suficiente infraestrutura nin recursos abondo. É necesario apostar un pouco máis e confiar nos novos creadores, no futuro que ten Lugo no eido audiovisual. Debemos investir máis recursos para que a xente poida formarse co mesmo nivel que en lugares como Vigo ou A Coruña, onde se atopan as escolas audiovisuais máis grandes de Galicia. A educación é un proceso bastante complexo, e creo que unha gran parte da miña formación chegou a través da miña relación con Viva Lugo, que para min é como un

fogar. Alí coñecín a persoas como Marcos, Iván Moronte ou Adra Pallón, de quen aprendín moitísimo cando aínda era moi nova, porque comecei a facer fotos en concertos por Lugo con só 17 anos. Foi tamén daquela cando empecei a meter un pouco a cabeza en Viva Lugo, e sentínme completamente acolida. Creo sinceramente que, sen esa xente, a día de hoxe non seguiría coa cámara na man.

Fálenos da súa exposición fotográfica ‘Somos pobo feito en nós’.

Para min, este proxecto parte da idea

tivo o proxecto foi impresionante. Creo que cumpriu á perfección a súa función: houbo persoas que se emocionaron, outras que se recoñeceron nas imaxes, que se viron reflectidas nelas, incluso quen chegou a chorar. E para min iso era o máis importante: que a exposición emocionase, que deixase unha pegada emocional en quen a contemplase. Este traballo foi o meu proxecto final de estudos, para o que tiven tres meses de prazo, pero en realidade levaba anos medrando dentro de min. Dende que collín por primeira vez unha cámara, dediqueime a facer fotografías con algo que contar, e esta foi a oportunidade perfecta para dar forma a todo o que levaba acumulando durante tanto tempo. Foi, sen dúbida, unha experiencia marabillosa.

Cales son os seus proxectos de futuro?

O meu proxecto de futuro é seguir dedicándome a retratar e cubrir o panorama lucense, porque é algo que non se pode esquecer. Quero continuar formándome, ampliar as miñas capacidades artísticas, explorar novas disciplinas e seguir aprendendo, porque considero que é fundamental. Ao final, ninguén se libra de non saber, e mentres haxa algo novo por descubrir, sempre haberá marxe para facer as cousas mellor. Penso que é importante que a xente que está comezando, ou que aínda está en proceso de formarse, vexa que aquí tamén se están facendo cousas, que hai persoas novas implicadas na realidade cultural da cidade e que non están soas, que poden comezar proxectos dende Lugo. É certo que, a día de hoxe, por desgraza, moitas veces hai que marchar fóra para recibir unha formación máis completa, pero o fogar é o fogar, e aquí tamén hai xente con ganas de crear, de innovar e de apostar pola cultura. Así que, se o que eu fago pode servir de inspiración ou de impulso para que alguén decida poñerse en marcha e contribuír á vida cultural de Lugo, entón benvindo sexa. Iso, para min, xa é unha recompensa enorme.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en urallitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

Recorren ao 2 % Cultural para impulsar o Museo da Romanización



O Concello presentará a solicitude ao Programa 2 % Cultural do Goberno de España como vía para obter financiamento estatal destinado á conservación e posta en valor do patrimonio histórico e artístico, centrando o proxecto no antigo Cuartel de San Fernando para a creación do Museo da Romanización.

Esta decisión chega tras a “falta de compromiso efectivo da Xunta de Galicia”, administración competente en materia de patrimonio arqueolóxico, que ata agora non respondeu ás peticións do Goberno local.

Fernández destacou que o Museo da Romanización é “un proxecto de cidade irrenunciable” e que o Concello seguirá buscando recursos ata garantir a súa realización. A axuda do 2 % Cultural podería cubrir o 75 % do investimento, permitindo ao Concello asumir o 25 % restante dentro do orzamento de 2026, aínda que en caso de non obter a subvención, Fernández subliñou que esixirá á Xunta asumir o seu compromiso como ad-

ministración competente, cun mínimo do 15 %.

O rexedor lamentou que, mentres a Xunta destina millóns de euros a outros proxectos culturais, como a recuperación do cine Fraga en Vigo ou os investimentos no Pazo de Lourizán, Lugo segue sen resposta, o que supón un agravio para a cidadanía lucense. Con máis de 15.000 pezas arqueolóxicas catalogadas baixo custodia municipal, a cidade precisa dun espazo estable e especializado que permita a súa conservación, estudo, difusión pública e uso educativo, reforzando así o seu potencial como destino cultural de referencia. A presentación do proxecto ao 2 % Cultural considérase unha oportunidade para mobilizar recursos estatais e avanzar na concreción dunha intervención patrimonial de primeira orde, estimulando á Xunta a reforzar o seu compromiso e garantindo que Lugo avance cunha folla de ruta clara e segura para este equipamento histórico.

Valoran a mellora da rede de comunicación nas Gándaras

Os deputados do Grupo Popular Cristina Sanz e José Manuel Mato salientaron hoxe o impulso que recibirá o polígono industrial das Gándaras en Lugo coas obras de mellora das redes de comunicación e a súa conexión exterior que realizará a Xunta, para as que destinará o vindeiro ano 5,6 millóns de euros.

Cristina Sanz e José Manuel Mato subliñaron que, “a pesar de que falamos dun polígono industrial novo, estamos a falar dun espazo totalmente consolidado no que xa están asentadas máis de 130 empresas”.

Ademais destas obras de comu-

nicação e mellora dos accesos, a Xunta xa está a traballar nunha nova ampliación do polígono industrial das Gándaras. En concreto, está previsto a urbanización de dúas novas fases que superan os 350.000 metros cadrados, coas que a capacidade deste parque achegaríase aos 1,6 millóns de metros cadrados.

“O compromiso do Goberno galego coa industria e o desenvolvemento económico de Lugo e de toda a provincia é total, e a mellor mostra disto témolo neste polígono das Gándaras, no que a Xunta xa leva investidos máis de 60 millóns de euros”, destacaron.

Lugo conta cun novo Plan de Mobilidade baseado no sostible

A Xunta de Goberno do Concello de Lugo aprobou o novo Plan de Mobilidade, que consiste nunha “actualización do plan de mobilidade existente, adaptándoo á Directiva Europea 2015/1480 e á Lei do Cambio Climático de 2020”, explicou o tenente de alcalde, Rubén Arroso. Entre outros obxectivos, inclúese un avance na descarbonización de cara a 2030, “intentando chegar ao obxectivo de 2050 de cero emisións de CO₂ e de cero mortes por atropelos ou accidentes de tráfico nas zonas urbanas para 2050, e tamén avanzar nos servizos intelixentes de mobilidade, con información en tempo real dos fluxos de tráfico”, afirmou o Arroso. A Lei de Cambio Climático, entre outras cousas, obriga a crear zonas de baixas emisións para concellos superiores aos 50.000 habitantes, como é o caso de Lugo, “este plan xa define a zona de baixas emisións no entorno da Muralla”, afirmou Arroso, que engadiu “a lei aposta pola electrificación do transporte público, que tamén se recolle neste plan, e insiste en algo que xa contemplaba o plan anterior: a creación das supermazás, facendo cidade en función dese modelo”.

“Moitas das medidas que recolle xa están en marcha, como as relacionadas cos itinerarios escolares, e trátase de seguir avanzando nelas”, afirmou Rubén Arroso, que engadiu “tamén se está a buscar solucións ás peonalizacións previstas e á ampliación de beirarrúas, porque se considera que hai rúas con problemas de accesibilidade ou de fluxos peonís importantes”.

O novo plan recolle o avance dado nos últimos anos mellorando os espazos peonís. Porén, recoñece que “o uso do transporte público é inferior ao que debiera e que o uso do vehículo privado é superior ao desexable”, polo tanto, o plan pon como obxectivos reducir o uso do coche privado, incrementar os desprazamentos a pé e en transporte público, “co fin de mellorar a calidade do aire e do ruído, así como a accesibilidade urbana, con medidas da chamada cidade de 15 minutos e dunha mobilidade máis segura”, explicou.

Tamén fai propostas de peonalización e medidas relativas a avanzar nas plataformas únicas de preferencia peonil, na creación de pasos de peóns elevados para mellorar a seguridade e accesibilidade, protexer os itinerarios escolares e ampliar beirarrúas.

O plan de mobilidade contempla medidas para fomentar o uso da bicicleta, creando novas vías de preferencia ciclista non segregadas, como



na Avenida da Coruña, na Avenida de Madrid, en San Roque, na Estrada da Granxa ou Fontiñas.

O plan tamén propón melloras para a comunicación de Fontiñas, e marca como obxectivo acadar frecuencias de buses de 15 minutos como mínimo en todos os barrios e puntos principais da zona urbana. Tamén analiza a distribución de cargas e descargas e menciona posibles colocacións de puntos loxísticos dentro do concepto de supermazás, con sistemas de reserva intelixente de carga e descarga mediante sinalización luminosa variable para facelos máis eficientes segundo a demanda.

O plan propón medidas para seguir reducindo o tráfico da Ronda da Muralla e fai unha análise das zonas de estacionamento da cidade. No momento de realizar o estudo, Lugo contaba con 53.189 vehículos dados de alta e analízase que, aínda que na zona sur hai unha boa oferta de prazas, tres zonas concretas contan cun déficit de estacionamento: a Milagrosa, A Piringalla e Fonte dos Ranchos, que están 500 prazas por debaixo da recomendación do plan. Unha das propostas é buscar parcelas nas que se poida incrementar o número de prazas.

O plan tamén propón cambios na direccionalidade da Avenida da Coruña no seu primeiro tramo, “ligando isto co feito de que o volume de tráfico que vén pola Avenida da Coruña en dirección sur non acabe chegando á Ronda, senón que se desvíe antes”, explicou Arroso. A idea sería que o tráfico que vai pola Ronda e continúa por ela use Concepción Arenal, e que o volume que vén desde a Avenida da Coruña se desvíe para que Concepción Arenal non colapse. “Isto tamén implica, entre outras cousas, pechar o que forma a segunda ronda e outras actuacións xa recollidas no Plan Xeral dende hai moitos anos” explicou o tenente alcalde, que engadiu “son proxectos ambiciosos, que requiren tempo,

pero existen como folla de ruta”.

VALORACIÓN DA OPOSICIÓN. O PP de Lugo sinalou que a diagnose inicial compara os datos actuais cos do ano 2014 e revela unha caída moi destacada dos desprazamentos a pé, que pasan do 54 % ao 32 %, segundo recolle a páxina 25 do plan, o que supón reducir practicamente á metade o modo de mobilidade máis saudable. A isto engádese que só o 19 % dos desprazamentos obrigados —como os realizados por motivos laborais ou de estudo— se realizan camiñando. Os populares destacan que o propio plan recoñece a necesidade dunha reordenación completa da rede de autobuses. A diagnose tampouco é positiva no relativo aos desprazamentos por xestións persoais ou familiares, xa que se recolle que o 44,2 % destas viaxes se realizan en coche fronte ao 43,9 % que opta por modos non motorizados.

No apartado dedicado ás medidas propostas, o plan pretende reducir o uso do coche do 61 % ao 44 % e enfoca parte das actuacións á restrición do acceso a determinadas rúas, á supresión de prazas de aparcamento e á ampliación do carril bici ata cuadruplicar a súa extensión actual, alcanzando 35 quilómetros fronte aos 12,2 existentes.

Os populares afirman que non se achegan solucións á problemática do aparcamento e que, dentro dun investimento global de 29 millóns de euros, non se destina nin un só euro á creación de novas prazas, nin sequera ás dúas propostas polo propio goberno local na Praza de Alacante e na Avenida Vilaverde.

O documento tamén contempla a instalación de 350 novos puntos de aparcamento para bicicletas, preferentemente situados na calzada, decisión que, segundo o PP, volve evidenciar que “o obxectivo real é reducir o espazo destinado ao vehículo privado, complicando a vida diaria dos lucenses”.

A ordenanza da ZBE regulará a circulación no casco histórico

A Xunta de Goberno do Concello de Lugo deu luz verde á nova ordenanza que regula a zona de baixas emisións na cidade, un texto que contempla un período de adaptación de seis meses desde a súa entrada en vigor. Durante ese prazo, o Concello porá en marcha unha fase informativa dirixida aos condutores para explicar os límites de acceso, os usos permitidos e as restricións vixentes, ao tempo que comezará a aplicarse o control de entradas, aínda que sen impor sancións económicas.

A normativa divide o ámbito afectado en seis áreas diferenciadas, cada unha con accesos e saídas concretas. A primeira comprende o entorno de Campo Castelo, a Praza Maior e a Catedral, con entradas polas portas de Santiago e Bispo Aguirre e saídas por Bispo Aguirre e Bispo Izquierdo. A segunda engloba A Tinería, a Rúa Miño e Porta Miñá, con acceso e saída por esta última. A terceira abarca Santo Domingo, Armanyá, Soidade, Praza, Progreso e San Pedro, con entrada e saída pola porta de A Estación, na Rúa Teatro. A cuarta corresponde á zona do IES Xoán Montes e Ollos Grandes, con acceso por Bispo Odoario. A quinta afecta a Montevideo, con entrada por Bispo Odoario e saída por San Fernando, mentres que a sexta inclúe San Marcos, Praza de Ferrol, Bolaño Rivadeneira e Rúa Nova, con acceso único por San Fernando.

O texto establece que vehículos poderán circular polo recinto histórico. Os residentes deberán ter o seu coche dado de alta, cun máximo de dous por vivenda, e só poderán deterse fronte ao seu portal durante un máximo de 30 minutos. Tamén se autoriza o acceso a quen se dirixa a aparcadoiros públicos ou dispoña de praza de garaxe, xa sexa en propiedade ou en réxime de aluguer, dentro do casco histórico.

Así mesmo, poderán entrar os vehículos que trasladen persoas aloxadas en hoteis, cunha parada limitada a media hora e sempre que se comunique previamente ao Concello a matrícula, o día, a hora e o destino. Os taxis e os servizos de reparto a domicilio terán igualmente un tempo máximo de detención de 30 minutos, mentres que os servizos funerarios non estarán suxeitos a límite temporal. As persoas con mobilidade reducida ou que requiran acompañamento, debidamente acreditado, poderán acceder e estacionar durante 30 minutos en zonas de carga e descarga e ata dúas horas en prazas reservadas.

A ordenanza permite tamén a circulación de vehículos municipais, servizos de emerxencia, ambulancias ou Correos, así como dos servizos de obras e mantemento, que



deberán informar con antelación do día, a matrícula e o destino. Os comerciantes poderán acceder en calquera momento, aínda que só poderán deterse fronte ao seu negocio durante un máximo de media hora. As bicicletas e os patinetes eléctricos quedarán excluídos de calquera restrición.

Deberán inscribirse no rexistro os residentes, os titulares de comercios situados nestas áreas, os propietarios ou arrendatarios de prazas de garaxe e as persoas con autorizacións específicas, como as vinculadas a centros de saúde. Non estarán obrigados a realizar este trámite quen acceda a aparcadoiros públicos, as persoas con mobilidade reducida acreditada, quen entren de forma puntual para prestar un servizo profesional ou os vehículos asociados a establecementos hoteleiros, entre outros supostos.

En canto aos vehículos de gran tamaño, a normativa fixa como regra xeral un límite de 5.500 quilos de peso, aínda que se prevén excepcións para o transporte de equipamento hospitalario, o subministro de combustible, as obras e materiais de construción, o montaxe de eventos promovidos ou apoiados polo Concello ou o traslado de cargas indivisibles.

A ordenanza recolle tamén o réxime sancionador. Unha vez finalizado o período de moratoria, os condutores que accedan, circulen, se deteran ou estacionen na zona de baixas emisións sen autorización ou superando os tempos permitidos enfrontaranse a sancións de 200 euros.

EMENDAS Á ZBE. O Partido Popular de Lugo presentou emendas á Ordenanza de Zonas de Baixas Emisións (ZBE). O PP critica que o goberno xustifique a transparencia e a participación cunha consulta pública realizada en novembro de 2024, cando a asesoría xurídica sinala que se descoñece a autoría do proxecto técnico que serve de base para a ordenanza e que non consta no expediente administrativo o resultado

das consultas previas. Este procedemento, segundo o PP, repite o mesmo esquema aplicado co Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS). O PP alerta de que a ordenanza eleva o PMUS por riba do PXOM, consolidando un modelo no que o plan de mobilidade pasa a ter forza normativa, condicionando decisións sobre tráfico, accesos, garaxes e mobilidade no casco histórico. O artigo 4 da ZBE establece que “a implantación da ZBE debe estar integrada e ser coherente cos instrumentos municipais de planificación urbana, coa normativa de calidade do aire e de acción contra o ruído, así como coas medidas adoptadas polo Plan de Mobilidade Urbana Sostible”, integrando de facto o PMUS na ordenanza. Isto contradí o PXOM, que no seu artigo 150.2 só establece a prevalencia das determinacións do PMUS sobre as do plan xeral en certos casos, o que podería xerar conflitos normativos.

Entre os erros detectados, o PP sinala que a ordenanza indica que se aplicará a todo o termo municipal cando afecta só á Zona de Baixas Emisións, confunde referencias a Lugo con Gijón, introduce conceptos non definidos como “zona de especial sensibilidade” e presenta contradicións co PMUS no número de prazas de aparcamento por vivenda ou negocio, podendo comprometer os obxectivos de redución do tráfico no centro.

As emendas presentadas polo PP propoñen devolver ao Pleno do Concello a competencia que actualmente se atribúe ao alcalde, corrixir erros e contradicións, ampliar o tempo de estacionamento para comerciantes de 30 a 60 minutos e aplicar restricións de forma progresiva mediante autorizacións puntuais para casos específicos, como visitas ou xestións esporádicas. O obxectivo é garantir que as decisións que afectan á mobilidade e ao medio ambiente non se adopten de forma apresurada nin polas portas de atrás, permitindo unha transición máis suave para cidadáns e empresas.

Rematadas as obras na Avenida Infanta Elena



A Deputación de Lugo vén de finalizar as obras de rehabilitación do último tramo da avenida Infanta Elena, comprendido entre a glorieta de Garaballa e a de Benigno Rivera, poñendo fin á modernización integral desta vía estratéxica de acceso e saída da cidade polo norte. A actuación completou a mellora dos 2,7 quilómetros de lonxitude da avenida tras unha inversión global superior aos 2,4 millóns de euros, dos que 1,3 millóns corresponderon a este treito final de 456 metros que xa está aberto á cidadanía. O novo tramo presenta agora dúas marxes de calzada cun ancho de 10,25 metros cada unha, organizadas en tres carrís de circulación por sentido. A marxe dereita incorpora un carril bici de 3 metros de ancho, mentres que as beirarrúas acadan os 4,05 metros a ambos lados, dotadas de arborado, iluminación, bancos e papeleiras. A intervención incluíu tamén a renovación das redes de abastecemento, saneamento e alumado público, co obxectivo de garantir servizos adecuados ante o futuro crecemento urbano da cidade.

As obras executadas pola Deputa-

ción en colaboración co Concello de Lugo transformaron por completo este acceso á cidade, situado nunha contorna cun importante peso comercial e industrial. Co desdoblamento total da avenida, Infanta Elena conta agora ao longo de todo o seu trazado con entre dous e tres carrís por sentido, carrís bici, beirarrúas amplas, iluminación LED, mobiliario urbano e zonas arboradas, mellorando de maneira significativa a mobilidade, a accesibilidade e a calidade dos espazos públicos na zona norte. Trátase dunha actuación necesaria pola elevada intensidade de tráfico diario que soporta esta vía e que terá un impacto positivo no desenvolvemento de futuros solos urbanizables.

Esta intervención enmárcase no compromiso da institución provincial coa mellora da mobilidade, un obxectivo que se reforzou hoxe mesmo coa aprobación, na Xunta de Goberno, da licitación das obras de mellora do primeiro tramo da avenida Adolfo Suárez, entrada de Lugo pola Fervedoira e acceso clave para a futura estación intermodal.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Chegan a un acordo para urbanizar os polígonos da Louzaneta



O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, alcanzou un acordo cos propietarios dos polígonos I e II da Louzaneta para establecer a vía que permitirá legalizar definitivamente a urbanización e acabar con máis de dez anos de incerteza xurídica que, segundo destacou, “freou o progreso e o desenvolvemento dun ámbito residencial clave para a expansión da cidade”.

A voceira municipal, Ana Abelleira, explicou que este consenso é froito de encontros cos grupos de propietarios para desbloquear a situación. Grazas a este diálogo, Concello e comuneiros acordaron os trámites necesarios para avanzar cara á recepción municipal dos polígonos, un paso esencial para garantir seguridade xurídica ás vivendas e permitir a súa plena normalización administrativa.

No caso do polígono I, os propietarios comprometeronse a realizar pequenos traballos de remate antes de solicitar formalmente a recepción. Cos propietarios do polígono II acordouse atender tanto as obrigas xa executadas como as pendentes, especialmente nas obras civil e eléctrica, destacando o soterramento dun tramo da rede eléctrica. Ademais, un terceiro

polígono, aínda por desenvolver, mostrou disposición a adherirse ao mesmo modelo de acordo, co fin de avanzar de forma coordinada en todo o ámbito.

Miguel Fernández manifestou a súa satisfacción polo acordo, subliñando que “dar seguridade xurídica a este solo significa desbloquear investimentos, permitir que as familias vivan con tranquilidade e avanzar nun crecemento urbano ordenado e responsable”. Segundo a folia de ruta acordada, os propietarios deberán abonar nas próximas semanas a parte correspondente das obras eléctricas ás compañías Fenosa e Begasa. De forma paralela, o Concello licitará o proxecto de obra civil, coa previsión de que se execute durante o primeiro semestre de 2026, permitindo que a recepción definitiva dos polígonos se realice no terceiro trimestre do próximo ano.

O Concello sinala que, unha vez sufragado o custo das obras pendentes polos propietarios, xa se poderá conceder a primeira licenza de ocupación, aínda que algunhas actuacións dependen de terceiros, como a administración local ou as empresas eléctricas.

A Tenencia de Alcaldía renova o asfaltado no barrio de Albeiros

O tenente alcalde e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Rubén Arroxo e Alexandre Penas, valoraron os traballos executados pola Tenencia de Alcaldía no barrio de Albeiros, onde se renovou o asfalto dunha vía municipal. Rubén Arroxo afirmou que a Tenencia de Alcaldía actuou atendendo á iniciativa veciñal “para continuar a manter en bo estado todas as vías públicas do Concello”, dixo.

Os traballos consistiron na creación dunha nova capa de rodadura baseada en mestura en quente, o que asegurará o selado do firme ante a

acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira. Unha vez pavimentadas as vías, adaptaranse os rexistros e renovarase a totalidade da sinalización horizontal.

Arroxo lembrou que desde a Tenencia de Alcaldía “seguimos traballando para mellorar os espazos públicos, planificando os traballos en base ás visitas aos barrios e ás reclamacións da veciñanza”, e afirmou que “executamos a solución técnica máis axeitada a cada un dos espazos nos que intervimos, garantindo un resultado de calidade e duradeiro”.

Licitada a ampliación do IES Muralla Romana de Lugo

A Xunta de Galicia vén de licitar as obras de ampliación do IES Muralla Romana, en Lugo, unha actuación coa que se pretende dar resposta ao incremento da matrícula de Formación Profesional neste centro educativo. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP destinará un investimento de 1,6 millóns de euros a este proxecto, que se executará ao longo de 2026 e que se enmarca dentro do Plan de nova arquitectura pedagóxica impulsado polo Goberno galego. A intervención permitirá incrementar en case 900 metros cadrados a superficie do instituto mediante a construción dun novo volume anexo ao edificio actual. Para facer posible esta ampliación, será necesaria a demolición previa dunha edificación existente de 167 metros cadrados, sobre a que se levantará un inmoble cunha superficie total de 892 metros cadrados distribuídos en planta baixa, primeira e segunda.

O novo edificio estará conectado co actual a través dun corredor en cada un dos niveis, garantindo así a funcionalidade e a integración entre ambos espazos.



O deseño do novo inmoble contempla a instalación dunha escaleira que comunicará as tres plantas. Na planta baixa habilitaranse dúas aulas de clase, dúas aulas de apoio, un departamento de profesorado e unha sala de comunicacións, mentres que a primeira e a segunda planta contarán cada unha con tres aulas e un departamento docente. A ampliación manterá a mesma linguaxe arquitectónica do edificio existente, cunha fachada de dobre folia de ladrillo e acabado exterior mediante sistema de illamento térmico SATE. A cu-

berta da zona das aulas será a dúas augas, mentres que a conexión entre o novo volume e o edificio actual resolverase cunha cuberta plana.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, lembrou que “a implantación nos últimos anos de novos ciclos de FP neste centro provocou un notable aumento da matrícula”, sinalando que se incorporaron case 150 estudantes máis só en ciclos e másteres de FP en dous cursos, un incremento do 16%, o que fai necesaria a creación de novas aulas.

Mellórase a conexión entre a rúa Otero Pedrayo con Río Sil

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, e o concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas, mantiveron unha xuntanza coas veciñas e veciños da rúa Otero Pedrayo co fin de analizar a transformación do treito que enlaza esta vía con Río Sil. No encontro deuse a coñecer o proxecto elaborado pola Tenencia de Alcaldía, concibido para converter este espazo nunha zona de convivencia orientada a mellorar a calidade de vida no barrio e a incorporar as achegas da cidadanía na definición do espazo público.

Durante a reunión, Rubén Arroxo salientou que o Goberno local continúa avanzando no modelo da cidade dos 5 minutos, apostando por un urbanismo construído coa colaboración directa da veciñanza para acadar consensos na transformación dos barrios. O tenente alcalde incidiu na relevancia de escoitar as demandas veciñais e animou á cidadanía a trasladar as súas propostas ao Concello, explicando que a información recompilada, xunto coas visitas periódicas aos distintos barrios, permite planificar con maior precisión as prioridades e as actuacións a desenvolver.



O proxecto elaborado polo Goberno de Lugo contempla a creación dunha zona de convivencia na rúa, incrementando o espazo destinado ás persoas peóns e ás relacións veciñais. Arroxo puxo en valor o traballo da área de Mobilidade para converter este punto nun espazo referencial dentro do barrio e lembrou que a Tenencia de Alcaldía traballa na construción dunha cidade na que calquera persoa dispoña, a menos de 5 minutos do seu domicilio, dun lugar de estancia ao aire libre. Neste sentido, subliñou os avances logrados nos últimos anos con peonalizacións en distintos

barrios, a eliminación de carrís innecesarios para ampliar beirarrúas e a creación de novas zonas verdes e espazos de convivencia, unha liña de actuación que se aplicará tamén en Otero Pedrayo.

Arroxo destacou que esta intervención constitúe un novo exemplo de participación directa da veciñanza na transformación do espazo público e lembrou que nos últimos meses se celebraron varios encontros coas veciñas e veciños para coñecer as súas necesidades e definir o proxecto. Ademais, anunciou que esta actuación quedará incluída nos orzamentos municipais de 2026.

zona rural

Máis de 260 novas luces instaláronse nas parroquias

O Concello de Lugo consolidou o seu plan de modernización do alumado público rural coa renovación de 261 luminarias en máis de trinta parroquias, cun investimento superior aos 104.000 euros e un aforro enerxético medio do 70 %. Esta actuación forma parte dun proxecto desenvolvido ao longo do último ano, enfocado en mellorar os servizos básicos no rural baixo criterios de eficiencia, sostibilidade e equilibrio territorial.

As antigas luminarias de mercurio foron substituídas por tecnoloxía LED de baixo consumo, reducindo a potencia instalada de arredor de 90 W a uns 27 W por punto de luz, o que supón un notable aforro tanto no consumo eléctrico como no gasto municipal. Ademais, a mellora da iluminación repercute directamente na seguridade viaria e peonil, especialmente en vías rurais e núcleos dispersos. Os traballos adaptáronse ás necesidades de cada parroquia, combinando substitucións masivas, restauración de placas, elevación de puntos de luz e modernización



de cableados, con melloras puntuais en núcleos máis pequenos para reforzar a iluminación existente e corrixir deficiencias detectadas no día a día.

Unha parte significativa das intervencións realizouse coa participación das brigadas municipais, encargadas da instalación de cableados, postes e proxectores, así como da mellora das liñas existentes. O alcalde, Miguel Fernández, destacou que “contar con medios propios permítenos actuar con rapidez, coñecemento do territorio e eficacia, dando

resposta a moitas pequenas necesidades que son moi importantes para a veciñanza”.

Este balance reflicte a aposta do Goberno local por un modelo de mantemento e mellora continua do alumado rural, centrado na eficiencia enerxética, a boa xestión dos recursos públicos e a igualdade de servizos entre o ámbito urbano e rural. Fernández asegurou que “seguiremos traballando nesta liña, porque gobernar tamén é coidar do cotián e garantir que vivir no rural sexa sinónimo de calidade de vida”.

economía

A campaña do Mercado e a Praza de Abastos entregou 1.000 agasallos



Cristina López deu conta dos datos rexistrados na campaña *O noso mercado é un agasallo*, que ten como obxectivo incentivar o consumo na Praza de Abastos e o Mercado Municipal e destacar a importancia de consumir produtos de proximidade durante a campaña de Nadal. Durante as mañás dos sábados desde o 22 de novembro, rexistráronse máis de 1.000 compras de máis de 40 euros, facturando os distintos postos da Praza e do Mercado unha

cifra superior aos 40.000 euros. Cristina López cualificou a xornada como “un dos días de maior facturación na Praza e no Mercado de todo o ano”.

Durante a campaña, a área de Participación habilitou un posto no horario de apertura da Praza para que todas as persoas puideron achegarse cos tickets dos distintos postos da Praza e do Mercado e cambialos polos agasallos entregados, entre os que se atopou material promocional da Praza e do Mercado.

Rematan diferentes cursos que tiveron lugar nas parroquias de Lugo

Cristina López, concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza, visitou o Burgo e Orbazai onde remataron os cursos de restauración de mobles organizados pola área de Participación do Concello en colaboración coa Vicepresidencia da Deputación.

As persoas asistentes tiveron a oportunidade de achegarse ás técnicas básicas da restauración de mobles, realizando os traballos precisos e recibindo a formación teórica necesaria, tratando temas como o recoñecemento dos materiais necesarios, a aprendizaxe de métodos para realizar arranxos ou a recuperación de acabados desgastados. “Estamos a comprobar como estes cursos non só transmiten coñecementos, senón que tamén fortalecen o tecido comunitario e animan a veciñanza a participar activamente”, destacou López, quen engadiu que “é unha forma de apoiar ás asociacións e continuar a achegar coñecementos á veciñanza”.



CURSO DE CERÁMICA. Cristina López tamén visitou Santalla de Lamas coincidindo coa finalización do curso de cerámica. A actividade formativa contou coa participación de veciñas e veciños da parroquia. Durante o curso, as persoas asistentes iniciáronse nas técnicas básicas da elaboración de pezas de cerámica, combinando contidos teóricos e prácticos. A formación abordou cuestións como o recoñecemento dos materiais necesarios, a apren-

dizaxe dos distintos métodos de creación das pezas e a realización de acabados, permitindo adquirir unha base sólida nesta disciplina artesanal. Cristina López destacou que este tipo de iniciativas van máis alá da aprendizaxe técnica, xa que tamén contribúen a reforzar as relacións comunitarias. Estes cursos axudan a fortalecer o tecido social, fomentan a participación activa da veciñanza, e serven como ferramenta para apoiar ás asociacións.

Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

CRM, CONTABILIDAD, PRESUPUESTO, PRODUCCIÓN, FIDELIZACIÓN, EXIT MOBILE, E-COMMERCE, GESTIÓN, SECCIÓN DOCUMENTACIÓN, MARKETING.

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

AO NOSO CARÓN

A Reserva Terras do Miño acolle 18 actividades



Xa está aberto o prazo de inscrición para anotarse nas primeiras 18 actividades gratuitas organizadas pola Deputación de Lugo para fomentar o lecer saudable e a educación ambiental na Reserva da Biosfera Terras do Miño. O calendario, que comezou o 2 de xaneiro e estenderase ata o 1 de abril, inclúe máis de 340 prazas para público adulto e infantil que terán lugar no Centro de Interpretación Terras do Miño. O primeiro curso, ‘Robotix nature: innovado para o planeta’, celebrase do 2 ao 7 de xaneiro e nel poderán participar nenos e nenas de 6 a 12 anos de idade. Tamén en xaneiro realizaranse tres obradoiros para adultos sobre ‘Podas de árbores, de froito e viñas’, ‘Creación dun pequeno invernadoiro’ e

unha primeira edición do curso de ‘Enxerto’. En febreiro, haberá outras dúas edicións do curso de ‘Enxerto’, unha proposta sobre a ‘Arte de conservar e fermentar’, e un curso de ‘Técnicas de elaboración e traballo en feltro’. Ademais, os máis cativos da casa aprenderán a crear máscaras e complementos naturais para o Entroido. En marzo, hai previstas as seguintes propostas: ‘Plantas culinarias’, ‘Flores de papel’, ‘Limpeza e mantemento dos bosques. Prevención de incendios’, ‘Alta cociña na reserva’ e ‘Baños de bosque’. A última actividade deste primeiro trimestre do 2026 será ‘Ecodective de consumo: investigando símbolos’, e terá lugar do 30 de marzo ao 1 de abril.

Tardarán 36 meses en executar o último tramo da AG-22

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou que a licitación do último treito da autovía que unirá Lugo e Sarria, a AG-22, suporá un eixo estratéxico de conectividade. A licitación das obras deste segundo e último tramo son as correspondentes ao desdoblamento do treito Nadela-A Pobra de San Xiao. Tal e como explicou, o prazo de presentación de ofertas de empresas á licitación remata o 30 de xaneiro, mentres que “o prazo de execución das obras é de 36 meses” e a previsión é iniciar as obras “a inicios do segundo semestre de 2026”. A intervención, que conta cun investimento público de 37,7 millóns de euros, permitirá actuar nun treito de 13,5 quilómetros, que se inicia na glorieta de Nadela e finaliza no enlace da Pobra de San Xiao, xa en servizo. Entre as intervencións singulares previstas están os enlaces do Corgo e Maceda, un cruzamento de vía baixo a autovía A-54, a execución de dous viadutos no río Chamoso e no de Neira ou a ampliación de 13 pasos superiores e sete inferiores. Este novo paso para converter o actual corredor nunha vía de alta capacidade permitirá acurtar o tempo de viaxe e adiantar



sen risco, debido a que contará con dúas calzadas con dous carrís cada unha. Ofrecerá unha condución moito máis lineal, cómoda e previsible, reducindo significativamente os tempos de percorrido entre a capital e a comarca de Sarria, ao tempo que facilitará unha conexión moito máis eficiente cos grandes eixes de comunicación nacionais, como a A-6 e a A-54, que conflúen no nó de Nadela. **CRÍTICAS POLOS RETRASOS.** Tanto o BNG como o PSOE critican os atrasos para a construción do último tramo de vía, que comezarán a mediados de 2026 e, cun prazo de 36 meses de execución, non rematarán ata, polo menos, 2028.

Concretamente, A portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, criticou o retraso no desdobre do corredor Sarria-Nadela, que, segundo criticou, debería estar finalizado desde hai anos. Pontón cualificou de “urxente” rematar o corredor Sarria-Nadela, lembrando que Alberto Núñez Feijóo comprometera a súa apertura para 2020, pese a que cinco anos despois continúa sen estar operativo. A dirixente advertiu que non é asumible a lentitude coa que avanza unha obra “fundamental para reforzar as comunicacións dun concello e dunha comarca con grande potencial como Sarria”, sinalando os atrasos para completar apenas 13 km.

Acompañar, non prohibir

O PUPITRE



Julio Díaz

Leo estes días que os menores de 16 anos non poderán usar as redes sociais en Australia. A lei prohibe desde o día 10 de decembro crear contas aos xoves que non igualem ou superen esa idade e obrigará a desactivar ou eliminar as xa existentes. A súa aplicación esperta moitos interrogantes, como se é viable comprobar que os xoves non burlen a normativa, e pon en pé de guerra as distintas tecnolóxicas, pero tamén os propios menores. Algunhas destas empresas tecnolóxicas argumentan que a pro-

hibición pode provocar o efecto contrario ao que se busca, en tanto que, ao non poder iniciar os menores a súa propia sesión, os pais perderán a capacidade de supervisar as contas, xa non poderán utilizar os controis que terían configurado, como elixir unha visualización de contidos adecuada ou mesmo bloquear canais específicos aos seus fillos para que non poidan acceder a eles. Pero como ben sabemos todos, decidida a prohibición os nosos rapaces buscan a forma de salvar o acceso das máis ‘variopintas’ maneiras: crear contas antes da entrada en vigor da normativa, idades falsas... Outros optan por xestionar contas de forma conxunta cos seus pais, o que, na práctica, lle abre as portas para

acceder a todo tipo de contidos acordes ou non acordes a súa idade. Eu nunca chegarei a comprender como un pai ou nai pode colaborar para que os seus propios fillos se salten as leis. En que tipo de sociedade nos atopamos cando un proxenitor é capaz de facilitar, aos seus fillos menores, o acceso a contidos prohibidos sabendo que os van a expoñer a situacións e comportamentos daniños, que van desde mensaxes misóxinos ata vídeos violentos ou que promovan trastornos alimentarios, e mesmo chegar a inducir ao suicidio? Como é posible que os animen ou lles faciliten participar sabendo que supoñen un risco para a saúde física e mental dos nosos menores? E en España? Como estamos no noso país?

En España, a Lei para a Protección de Menores en Entornas Dixitais, actualmente en tramitación parlamentaria eleva tamén dos 14 aos 16 anos a idade mínima para que os nosos xoves poidan abrirse ou usar unha conta en redes sociais. Antes da súa aprobación definitiva deberá de resolverse unha cuestión na que o Ministerio de Transformación Dixital e de Función Pública leva dous anos traballando: o mecanismo de verificación da idade. Segundo fontes do Ministerio, a aplicación xa pasou o exame do Centro Criptolóxico Nacional (CCN) e comezará en breve as probas de compatibilidade cun proxecto piloto da Comisión Europea. Pero, como reaccionaron os adolescentes australianos pola en-

trada en vigor da prohibición? Como era de esperar, os adolescentes australianos comezaron xa a organizarse e buscar métodos para eludir os controis. Entre as estratexias empregadas destaca o uso de dispositivos familiares antigos, a migración de contas a nomes e documentos de identidade de pais ou irmáns maiores, unha práctica que, segundo reportan os propios xoves, leva xa varios anos desenvolvéndose. Outra maneira de evitar o control é o uso de redes privadas virtuais (VPN), a través da inscrición en plataformas de redes sociais alternativas nas que aínda non se aplica a regulación. Eu penso que hai que regular, pero as prohibicións teñen as patas moi curtas, o dito eu son mais de acompañar que prohibir.

“As iniciativas ofrecen ferramentas e reforzan a comunidade”

Agromuralla fai 10 anos e conta cunha nova presidenta, Noelia Rodríguez, despois de 4 anos de lexislatura de Jose Luis Pérez Barreiro

Agromuralla naceu dunha situación límite. Corría o ano 2015 cando o sector lácteo atravesaba unha das súas etapas máis duras. O prezo do leite apenas chegaba aos 28 céntimos, unha cifra que non cubría nin de lonxe uns custos de produción que superaban os 40 céntimos. Era unha ecuación imposible, unha realidade que afogaba ás explotacións e que empurrou aos gandeiros a tomar as rúas de Lugo. As primeiras mobilizacións deron a volta á Muralla, convocadas polos sindicatos, pero estes, dependentes das subvencións públicas, decidiron dar por rematadas as protestas antes de que se atopase unha solución. Foi nese momento cando un grupo de gandeiros, encabezados por Roberto, decidiu non parar ata que a Administración escoitase. “Aquel foi un momento histórico, porque nunca se fixera algo así, e estivemos dous meses coa Muralla rodeada de tractores”, lembra o presidente de Agromuralla, que considera aquel episodio como a chispa fundacional da asociación.

O movemento nacía xa cunha idea moi clara: defender os intereses dos gandeiros sen ataduras políticas nin dependencias institucionais. “Os sindicatos levantan a voz cando precisan fondos, pero cando lles chegan as axudas, calan. Nós non funcionamos así”, explica José Luis Pérez Barreiro, que reivindica o carácter apolítico e independente dunha organización sustentada coas cotas dos seus socios. Esa liberdade, di, é a que lles permite manter unha postura firme e constante fronte ás administracións.

A realidade do sector cambiou desde aquela. O prezo do leite ascendeu ata os 52 céntimos, practicamente o dobre que hai unha década, unha mellora que, con todo, non elimina certas desigualdades que continúan marcando o día a día das explotacións. Nos últimos contratos asinados, a distancia entre o que perciben as granxas máis grandes e as de menor tamaño chegou a superar os 9 céntimos, unha fenda que a asociación leva anos denunciando. “Non só reclamamos prezos xustos; tratamos de defender calquera cuestión que afecte ao sector”, insiste o presidente de Agromuralla, que pon o foco tamén no impacto das novas normativas europeas, deseñadas desde despachos afastados da realidade rural. “Levámolles tempo dicindo que moitas das medidas que aproban non teñen sentido cando se aplican sobre o terreo”, matiza Pérez Barreiro.

O LABOR DE AGROMURALLA. A actividade da entidade ampliouse durante os últimos catro anos, consolidándose como un referente organizativo e formativo. Dende as súas primeiras etapas impulsaron viaxes a Holanda ou Navarra para coñecer outras formas de traballar e o funcionamento doutras asociacións. Tamén promoveron xornadas sobre cuestións de actualidade, como a enfermidade hemorráxica epizootica ou os cambios na PAC durante o proceso de reforma. Cada iniciativa, apunta o presidente, “busca ofrecer ferramentas útiles aos profesionais do sector e reforzar unha comuni-

dade que aprende e evoluciona de maneira colectiva”.

Agromuralla tamén está presente nos momentos máis difíciles, especialmente en situacións de emerxencia, como os incendios que devastaron zonas de Cervantes e Ourense. A organización coordinou envíos de forraxe e puxo á disposición dos afectados un número de conta para recadar fondos. “Hai que agradecer aos camioneiros o esforzo, porque moitos fixeron rutas sen cobrar nada”, destaca Pérez Barreiro.

O presidente de Agromuralla explica que a área de actuación da asociación abarca toda a provincia de Lugo, así como partes de Ourense e A Coruña. “Temos algo máis de 400 socios do sector primario e estamos incluso a valorar incluír ao sector do viño, porque canto máis grande es, máis poder de negociación tes fronte á Administración”, sinala. Ademais, a presenza de Agromuralla no Observatorio Lácteo constitúe, segundo Pérez Barreiro, un “importante logro” para garantir que a voz dos gandeiros sexa escoitada.

A situación actual do sector é complexa, mais José Luis Pérez Barreiro mostra unha visión optimista. “Aínda que as políticas que se están a aplicar ultimamente non son as máis adecuadas, eu vexo futuro no sector porque é algo que me gusta”, explica. Pero lembra a situación que afrontan os produtores galegos: “Está moi ben coidar o medio ambiente, pero terceiros países introducen produtos no noso mercado sen as mesmas garantías sanitarias que



nos esixen desde a Agenda 2030, co cal competimos en total desvantaxe. O que se importa de fóra destrúese aquí, porque moitos agricultores pechan as súas explotacións ao non poder cumprir normativas que son case imposibles, sobre todo en equipos sanitarios ou benestar animal”.

Ademais, Pérez Barreiro subliña outro problema estrutural: o envellecemento do sector e a dificultade do relevo xeracional. “Non podes asumir que un fillo vai continuar o teu traballo, porque pode non lle gustar, como pasa en todos os sectores, pero aquí, cando pechas unha explotación gandeira, non abre outra, porque non hai beneficio e require moita inversión, é un risco grande. Ademais, tes animais, hai que muxir todos os días, e atopar man de obra tamén é complicado. A xente tamén ten unha mentalidade que fai difícil atopar persoal. Non é un traballo que te esgote, pero tes que ser organizado e tratar ben á xente”. Respecto ás necesidades do sector, Agromuralla mantén unha posición firme sobre as subvencións. “Preferimos non depender

delas. Entendo as axudas en casos extraordinarios, pero se se manteñen no tempo o único que se consegue é desvirtuar o sector. Quero que os nosos produtos teñan un prezo totalmente xusto, de acordo cos custos de produción”, afirma o presidente de Agromuralla. Ademais, critica a falta de representación das asociacións nos órganos de decisión: “En Galicia o Consello Agrario leva uns vinte anos sen elección, cos tres sindicatos que deciden un pouco as cousas. Nós temos o 10 % dos socios das 5.000 granxas de leite galegas e non temos representación”.

Mirando ao futuro, a asociación mantén a ambición de seguir medrando e fortalecéndose. “Queremos continuar porque cando estás nun proxecto e ves que pouco a pouco vas gañando camiño, sentes que estás na liña correcta. No último ano aumentamos o número de socios e agora o reto é entrar nos foros de debate da Administración onde se decide o noso futuro, para expoñer as cousas dende o punto de vista do produtor, non desde un despacho”, conclúe José Luis Pérez Barreiro.



El mejor regalo es cuidarse
Este año regala bienestar y calma

ORBALLO ESTÉTICA INTEGRAL E BIENESTAR

Reservas mediante Whatsapp
636 384 715

Ronda das Fontiñas 320, baixo • 636 384 715 • www.orballoestetica.com

**El Club de Compras Ecologico
MAS GRANDE DE AMERICA**



AHORA EN LUGO

Verxel
HEIDOLARIO

Rúa Montero Rios, 41. 27002 LUGO
Tel.: 982 251 827 • josemanuel@verxel.es
www.verxel.es

“A autoorganización é a base para defender o noso futuro”

Brais Álvarez asume a nova Secretaría de Acción Sindical so SLG para reforzar a organización fronte á perenne crise do agro

Por Ana Somoza

A elección de Brais Álvarez como responsable da nova Secretaría de Acción Sindical do Sindicato Labrego Galego (SLG) marca un punto de inflexión na estrutura interna da organización. Veciño da Pontenova e labrego en activo, Álvarez sitúase á fronte dun cargo de nova creación que nace, segundo explica, da necesidade de “reforzar a incidencia do sindicato no que propiamente entendemos como acción sindical”, é dicir, no traballo diario, no seguimento constante dos conflitos e na capacidade de resposta ante os problemas que afectan aos distintos sectores do agro galego. O contexto no que se crea esta secretaría non é alleo á realidade que viven as explotacións. Álvarez subliña que o sector atravesa “un momento especialmente complexo”, cunha acumulación de fronteas abertas que van desde a aparición de novas enfermidades, como a peste porcina africana ou a enfermidade nodular, ata debates estruturais como a negociación dunha nova Política Agraria Común ou o impacto de acordos comerciais internacionais como o do Mercosur. Diante desta situación, o sindicato considerou necesario contar cunha área específica encargada de analizar, coordinar e facer seguimento do traballo que xa se viña desenvolvendo neste eido, ao tempo que se alixeira parte da carga que asumía a Secretaría Xeral.

REFORZO INTERNO. A creación desta nova área responde tamén a unha demanda expresada pola propia afiliación durante o congreso e nas asembleas comarcais. Segundo relata Álvarez, unha das preocupacións recorrentes foi a necesidade de “reforzar a organización” para facer fronte ás ameazas que pesan sobre as explotacións agrarias. Nese sentido, a Secretaría de Acción Sindical nace co obxectivo de fortalecer o traballo a nivel comarcal, entendendo que é neses espazos onde se detectan antes os problemas e onde se poden artellar respostas máis pegadas á realidade. Entre as funcións prioritarias desta nova secretaría está a promoción de accións formativas dirixidas ás persoas labregas, co fin de que “estean informadas, formadas e poidan debater” sobre as cues-

tións que lles afectan directamente no día a día. Álvarez insiste en que o coñecemento é unha ferramenta clave para a defensa do sector e que, sen información clara e accesible, resulta moito máis difícil facer fronte ás decisións que se toman fóra do territorio. Outro dos eixos centrais do seu labor será mellorar a transmisión das decisións que chegan desde instancias afastadas, como Bruxelas. O novo responsable de Acción Sindical considera fundamental explicar non só que se decide, senón tamén “como nos afecta iso realmente ás granxas”. Ao mesmo tempo, aposta por reforzar o tecido organizativo nas comarcas, fomentando grupos activos e vivos que se apoién mutuamente e que

gan leite. No sector cárnico, explica, quedan arredor de 16.000 explotacións, unhas 1.500 menos que hai apenas catro anos. Son datos que, ao seu xuízo, amosan con claridade que a desaparición de granxas non é unha hipótese futura, senón unha realidade presente. O obxectivo último da nova secretaría é, precisamente, “defender o maior número posible de granxas no territorio” e contribuír a garantir o futuro do sector agrario no país. Para iso, Álvarez considera imprescindible fortalecer a organización desde a base e construír unha rede sólida que permita responder de maneira coordinada aos problemas comúns. A nivel persoal, o labrego da Pontenova afronta esta responsabilidade cun marcado

“As persoas labregas non somos escoitadas como interlocutor válido”

“Sen organización comarcal non hai futuro para as granxas”



“O modelo actual de incorporación ao agro está a fallar dende fai décadas”

“Hai máis posibilidades de incorporación no territorio das que se están aproveitando”

faciliten a incorporación de nova xente ao sindicato, aproveitando a experiencia das persoas máis veteranas.

CIFRAS PREOCUPANTES. Este reforzo organizativo adquire unha importancia especial nun contexto marcado pola perda constante de explotacións. Álvarez lembra que no pasado mes de outubro se produciu un feito histórico en Galicia: por primeira vez baixou-se das 5.000 granxas que entre-

sentido do compromiso. Recoñece que asumir un cargo destas características implica “unha dedicación constante” e unha carga de traballo importante, pero asegura sentirse especialmente motivado porque moitos dos problemas que se analizan a nivel sindical “véxoos cada día na miña propia granxa”. Esa experiencia directa fai que entenda este reto como algo “profundamente colectivo”, no que se mesturan a vivencia persoal e a defensa dun modelo común.



POUCA ESCOITA. No seu diagnóstico da situación, Álvarez é claro ao valorar a relación coas administracións. Considera que, en xeral, “escoitan pouco ás persoas labregas” e subliña que isto acontece a todos os niveis: europeo, estatal e autonómico. Ao seu xuízo, o sector agrario non adoita ser considerado un interlocutor válido á hora de deseñar políticas que o afectan directamente, malia seren as persoas labregas quen sofren no día a día as consecuencias desas decisións. Esa falta de escoita é, precisamente, unha das razóns polas que a nova Secretaría de Acción Sindical pon o foco na interlocución externa. Álvarez defende a necesidade de facer máis presión, de estar presentes nos espazos de decisión e de conseguir que o sector sexa “escoitado, respectado e tido en conta” como un axente imprescindible na definición do seu propio futuro.

ACCIÓN CARA A FÓRA. O carácter externo desta secretaría materialízase na vontade de trasladar á sociedade as problemáticas reais do agro. Álvarez recoñece que non sempre é doado facerse oír nun contexto de sobreinformación, no que moitas mensaxes se perden, tamén no plano comunicativo. Por iso, aposta por reforzar a organización comarcal e por estar presentes nos distintos territorios, chegando tamén a persoas labregas que non forman parte do SLG, pero que poden identificarse co seu discurso. Outro dos piares desta estratexia será a planificación de campañas en función da axenda política. Ante anuncios relevantes, como os relacionados co acordo do Mercosur, o sindicato quere anticiparse, preparar respostas claras e explicar non só o contido dos anuncios, senón tamén “as consecuencias reais que teñen para o campo galego”. Trátase, segundo explica, de sacar cara ao ex-

terior debates que moitas veces quedan restrinxidos ao ámbito interno.

AUTOORGANIZACIÓN. A organización comarcal e a autoorganización aparecen como conceptos clave no discurso de Álvarez. Defende a necesidade de contar con espazos propios nos que sexan as propias persoas labregas as que analicen a realidade que viven, debatan prioridades e decidan que reivindicacións trasladar ás administracións. Para el, ese proceso colectivo é “a base dunha organización forte” e vai ligado á independencia política do sindicato, entendida como a capacidade de decidir con criterios propios. Especialmente crítico é o seu diagnóstico sobre as políticas públicas de relevo xeracional. As cifras, asegura, amosan que o número de incorporacións non compensa as saídas do sector, unha realidade que se arrastra desde hai décadas e que agora se manifesta con especial crueza. Álvarez sinala que o modelo actual está cheo de trabas burocráticas e favorece a concentración, dificultando a incorporación de xente nova, de persoas que queren volver ao rural ou mesmo de persoas inmigrantes que levan anos traballando no sector.

MIRADA AO FUTURO. A medio prazo, Álvarez di que lle gustaría ver un rural galego no que o número de granxas deixe de diminuír e no que se consiga frear a perda continua de poboación. Recoñece que en moitas comarcas custa ver o futuro, pero insiste na necesidade de traballar para construír un medio rural con perspectivas. Nese camiño, considera que o Sindicato Labrego Galego ten un papel fundamental como espazo de apoio, acompañamento e defensa colectiva, e como ferramenta para seguir defendendo un modelo de produción vinculado ao territorio e ao futuro do país.

A Deputación e a CEL presentan ‘Lugo, Informe Anual 2025’

A Deputación de Lugo, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), presenta ‘Lugo, Informe Anual 2025’, unha publicación que recompila os principais indicadores demográficos, laborais, empresariais, turísticos e macroeconómicos da provincia, co obxectivo de ofrecer unha radiografía rigorosa, actualizada e completa da realidade socioeconómica lucense. Desde a Deputación de Lugo destácase o valor desta publicación como unha ferramenta de análise e referencia para a cidadanía, as empresas e as institucións públicas á hora de avaliar a situación da provincia e fundamentar a toma de decisións. O informe recolle dúas tendencias especialmente relevantes. Por unha banda, o crecemento das empresas de tamaño medio, tanto das que contan con ata 50 persoas traballadoras como das que se sitúan entre 50 e 250, o que pon de manifesto a capacidade do tecido produtivo provincial para medrar, profesionalizarse e xerar emprego estable. Por outra, no medio rural obsérvase unha progresiva reagrupación das explotacións gandeiras en unidades de maior tamaño, un proceso que reflicte o traballo das novas xeracións de gandeiros e gandeiras, con formación, manexo das novas tecnoloxías e unha clara aposta pola modernización do agro para competir con éxito nos mercados.

IDENTIDADE ECONÓMICA. Á luz dos datos recollidos en Lugo, Informe Anual 2025, a provincia continúa a amosar unha identidade económica e social sólida, caracterizada por un tecido produtivo resiliente, un mercado laboral que mantén o crecemento do emprego e unha sociedade que, malia o acusado envellecemento poboacional, segue a avanzar en benestar e rendemento económico. No ámbito económico e laboral, Lugo pechou o ano 2024 cunha taxa de paro do 6,99 %, situándose por debaixo das medias galega (8,67 %) e estatal (11,35 %). O número de persoas ocupadas aca-



dou as 139.400, cunha distribución sectorial que reafirma o peso dos servizos (63,2 %), seguidos da agricultura (15,2 %), a industria (15 %) e a construción (6,6 %). A contratación mantívose estable respecto a 2023, con 72.494 contratos rexistrados, dos cales o 34 % foron indefinidos. O avance da contratación indefinida consolídase especialmente nos contratos por circunstancias da produción, que supoñen máis da metade das conversións. A afiliación á Seguridade Social tamén presenta un comportamento positivo. En 2024 rexistráronse 125.319 persoas afiliadas, e o peso do traballo autónomo en Lugo (24,9 %) sitúase claramente por riba do conxunto de Galicia (19,1 %), o que evidencia o marcado carácter emprendedor da provincia e a relevancia das pequenas empresas e das actividades familiares. En materia de pensións, Lugo contabiliza 113.091 prestacións, cunha pensión media de 983,9 euros, un dato que reflicte a estabilidade do sistema e o seu impacto directo sobre o consumo interno. O tecido empresarial lucense está integrado por arredor de 22.600 empresas, das cales o 97 % son microempresas, aínda que o número de sociedades de tamaño medio continúa a medrar. Entre 2022 e 2023, as empresas de 10 a 49 traballadores aumentaron un 4,7 %, mentres que as de 50 a 249 traballadores

creceron un 8,4 %, unha evolución que apunta cara á consolidación e á profesionalización progresiva do tecido produtivo. O sector primario mantén un papel estratéxico na economía provincial, cunha progresiva concentración das explotacións gandeiras en unidades de maior dimensión e rendemento, o que sitúa a Lugo como unha das provincias de referencia na produción láctea. No ámbito do turismo, a actividade consolidouse tras a recuperación pospandemia. En 2023, o grao de ocupación hoteleira situouse no 33,7 %, cunha estancia media de 1,69 días. No turismo rural, a ocupación foi do 15,5 %, cunha estancia media de 1,9 días, mentres que os apartamentos turísticos rexistraron un 26,8 % de ocupación, cunha media de 3,2 días por visitante. Estes datos reflicten un fluxo estable e un interese crecente polo turismo de natureza e polo patrimonio histórico e cultural da provincia. En canto aos prezos e á actividade macroeconómica, o IPC en Lugo moderouse ata o 3,1 % en 2023, en liña coas medias galega e estatal. O PIB provincial acadou os 7.395 millóns de euros, cun predominio claro do sector servizos (64,6 %), seguido da industria (11,7 %), os impostos netos (9,5 %), a agricultura (8,8 %) e a construción (5,4 %). A estrutura económica amosa así unha diversificación sostida e unha base produtiva que combina tradición e innovación.

A AFIL busca apoio para modificar a actual moratoria do eucalipto



A Asociación Forestal do Interior de Lugo (AFIL) solicitou a 40 alcaldes e alcaldesas de concellos do interior da provincia que se posicionen respecto ás propostas que a entidade presentou para modificar a actual moratoria do eucalipto, unha normativa que, segundo denuncia, está a causar un grave prexuízo aos propietarios forestais destes territorios. AFIL explicou que rexistrou emendas no Parlamento de Galicia no marco do proxecto de Lei de Orzamentos e das medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, centradas no ámbito forestal. O obxectivo destas propostas é defender os dereitos e intereses dos propietarios e xestores forestais dos tres distritos do interior da provincia de Lugo, apostando por un modelo baseado na sustentabilidade, na protección do territorio e na estabilidade normativa necesaria para garantir o futuro do rural. Desde a asociación consideran que as emendas formuladas son xustas, equilibradas e beneficiosas para a veciñanza dos concellos afectados, xa que responden ás necesidades reais das explotacións forestais, contribúen á loita contra o abandono do monte, favorecen a prevención de incendios e permiten a recuperación de zonas afectadas por enfermidades forestais, como a coñecida Banda Marrón.

AFIL solicita aos concellos que leven estas emendas a debate nos seus respectivos plenos municipais, como un punto específico da orde do día, e que, no caso de compartiren as reivindicacións expostas, amosen o seu apoio institucional trasladando tamén ao Parlamento de Galicia unha posición clara en defensa dos intereses dos propietarios forestais locais. Finalmente, AFIL subliñou que o interior de Lugo precisa estabilidade normativa, colaboración institucional e unha voz unida que permita garantir a continuidade da actividade forestal con seguridade e garantías. A entidade queda á disposición dos concellos para manter reunións, achegar aclaracións técnicas ou ampliar a información que se considere necesaria.

A FONSAGRADA E OUTEIRO DE REI. No pleno do Concello da Fonsagrada aprobouse a moción de apoio a proposta de AFIL cos votos a favor do PSG-PSOE e do PP e o voto en contra do BNG. Ademais, o colectivo celebrou en Outeiro de Rei unha reunión informativa cunha asistencia aproximada de 90 persoas, “o que demostra o grande interese que está a xerar a defensa dos lexítimos dereitos de produción das nosas terras forestais. Durante a reunión fixéronse arredor de 20 altas de socios in situ”, explican.

●

●

●

●

UNIVERSIDAD

Grado en:

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

BIOQUÍMICA

Matemáticas

Física

Química general e inorgánica

Química - Física I

Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA

ENX. FORESTAL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II

Física I y II

Métodos Estadísticos

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

PAU (Antigua selectividad)

BAC - E.S.O.

ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física

Química - Lengua - Gallego

Inglés - Latín - Griego

Historia - Filosofía

Biología - Geología

Geografía

Historia del Arte

j.m.rivas

ACADEMIA

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS

ATENCIÓN PERSONALIZADA

GRUPOS REDUCIDOS

Preparación específica para subir nota en ABAU

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

“Damos a coñecer espazos de gran interese ecolóxico e científico”

Martiño Cabana, da Asociación Galega de Custodia do Territorio, describe os proxectos da entidade, que promove a conservación de natureza

Jessica Fernández

Como valoran a evolución da Asociación desde os seus inicios e ata o día de hoxe?

En 2008, entidades e persoas de Galicia viron a necesidade de crear unha asociación que fomentase a conservación da natureza, utilizando a ferramenta da custodia do territorio. Así, a evolución da entidade está a ser ascendente, pois comezamos explorando múltiples posibilidades, como decidir que proxectos levar a cabo ou en cales colaborar. Os primeiros anos resultaron complexos, xa que tivemos que ir atopando o noso lugar, mais este tempo permitiunos aproveitar o traballo previo, consolidar esas bases e desenvolver hoxe proxectos de moito maior calado e im-

do noso traballo son a Terra Chá e a montaña lucense, así como na serra do Careón, na provincia da Coruña.

Fálenos das actividades desenvolvidas na comarca de Lugo.

Nos Ancares levamos a cabo un proxecto nun monte de varas, o de Piornedo, onde colaboramos cos propietarios para administrar máis de 800 hectáreas nun dos espazos naturais máis impresionantes da provincia. Neste monte prestamos apoio e asesoramento para que poidan xestionar directamente o seu territorio mediante iniciativas propias; e, por outra, impulsamos nós mesmos proxectos de conservación enfocados na recuperación de campas, humidais, e outros hábitats que foron desaparecen-

rios. O abandono da actividade gandeira provocou un avance da matogueira que ameaza estas especies, polo que a súa xestión e control favorecen o desenvolvemento adecuado das orquídeas e doutros tipos de flora de interese. Nesa zona tamén traballamos no Monte de Toca en Samos cunha actividade a tres bandas entre nós, Cruz Vermella, e a comunidade de montes. Esta colaboración xa vén de lonxe, cando promovemos unha plantación para mellorar a calidade ambiental do monte. Agora, con este acordo, estamos tendo unha serie de actividades para difundir os valores ambientais do monte veciñal, e que van durar bastantes meses. Estamos intentando planificar naquelas épocas de mellores



Pero non só traballan na provincia de Lugo.

Exacto. A terceira gran zona de actuación é a Serra do Careón, na provincia da Coruña, un espazo singular polas súas formacións xeolóxicas únicas que conteñen altos niveis naturais de metais pesados, que deu lugar a especies vexetais adaptadas a estas condicións, convertendo o Careón nun dos dez enclaves botánicos máis importantes da España peninsular. Trátase dun lugar espectacular e pouco coñecido. Así, estamos a adquirir ou arrendar parcelas para garantir unha xestión axeitada dos hábitats e favorecer a conservación destas especies, mentres difundimos os valores naturais do espazo.

Todos os esforzos postos na conservación, non?

Si, iso é o fundamental. Despois, para facer esa conservación, hai dar a coñecer os valores ambientais tanto a poboación local, é dicir, os veciños das áreas que custodiamos, como investigadores e especialistas que traballan con determinadas especies de flora ou fauna, deben ter a oportunidade de coñecer estes espazos, xa que representan enclaves de gran interese ecolóxico e científico. E tamén intentamos xerar unha economía para esa zona. Varias empresas organizan visitas a estes espazos, sendo un importante foco de interese ecoturístico. Consideramos esencial que exista unha economía activa no ámbito rural para garantir que este siga vivo e se poida xestionar dun xeito sostible e axeitado.

Para ese traballo, fai falta axuda. Cales son as necesidades?

O financiamento é a nosa pedra angular para desenvolver proxectos ou contratar empresas que se encarguen da xestión dun determinado espazo. Contamos con apoio das deputacións de Lugo e da Coruña, así como do Ministerio para a Transición Ecolóxica, a través da Fundación Biodiversidad. Porén, da Xunta de Galicia obtemos moi pouca axuda, a pesar de ser a administración competente en materia de conservación da natureza e de que as entidades de custodia poderíamos contribuir á

consecución dos seus obxectivos. Tamén precisamos unha maior implicación do sector privado. Existe unha escasa base social nas asociacións deste tipo: mesmo as organizacións máis grandes do Estado contan cun número de socios moi reducido se o comparamos coas cifras doutros países europeos como o Reino Unido, Alemaña ou os Países Baixos. Ademais, practicamente non existen mecenas que acheguen financiamento, o que dificulta avanzar con maior estabilidade e independencia.

“Cremos na custodia do territorio e na conservación da natureza, e mentres teñamos forzas, seguiremos traballando con esa mesma ilusión e compromiso”

Cal é o camiño de futuro?

O noso proxecto non é só un plan de entidade, aínda que tamén o sexa, senón sobre todo un proxecto vital para as persoas que formamos parte del. Cremos firmemente na custodia do territorio e na conservación da natureza, e mentres teñamos forzas, seguiremos traballando con esa mesma ilusión e compromiso. A nosa intención é continuar medrando nas zonas onde actuamos e con obxectivos definidos. Queremos seguir colaborando coa xente coa que traballamos día a día, especialmente cos veciños, que son unha parte esencial do noso labor. Ademais, consideramos que o noso traballo é relevante para Rábade, pois dinamizamos a Casa das Insuas con actividades abertas a toda a veciñanza, converténdoa nun dos principais focos de divulgación ambiental da asociación. Ademais, os proxectos de conservación teñen unha grande importancia, xa que se levan moito tempo e implican unha cooperación constante cos habitantes das zonas nas que actuamos.



pacto. A partir do ano 2020, a asociación deu un salto importante no número e alcance das accións que realizaba, tanto na Casa das Insuas como noutras zonas de Galicia. Actualmente, a asociación conta con arredor de cen socios procedentes da provincia de Lugo, da Coruña e doutras partes de Galicia e d España.

Cales son os proxectos nos que están inmersos?

O noso labor principal baséase na custodia do territorio, actuando desde distintos ámbitos e en colaboración con numerosas entidades. Desenvolvemos acordos de custodia que constitúen o alicerce fundamental da nosa actividade. A partir de aí, realizamos tamén accións de asesoramento, educación ambiental e outras iniciativas, pero a protección e xestión responsable do territorio seguen a ser o eixo esencial da asociación. As áreas onde centramos unha maior parte

do nos últimos anos. Ademais, realizamos numerosas actividades de divulgación. Cada ano organizamos un bioblitz, unha fin de semana dedicada a reunir amantes da biodiversidade para identificar as distintas especies que habitan nun determinado lugar. O obxectivo central é promover a conservación e a mellora ambiental deste monte e de todo o ecosistema asociado.

Tamén traballan no Courel.

Si, alí xestionamos tamén un monte de varas do que somos copropietarios, pois adquirimos varias parcelas hai uns anos no monte de Paderne. Implicámonos na súa administración, participando na toma de decisións e na planificación dos labores forestais. Ademais, traballamos na delimitación, divulgación e a xestión das microreservas de orquídeas do Courel. A finalidade destas áreas protexidas é mellorar o hábitat das orquídeas e doutras especies asociadas a solos calca-

condicións meteorolóxicas porque alí neva, entón no outono fixemos unha saída micolóxica e na primavera volveremos facer actividades para coñecer a fauna e o monte, xa que é un lugar moi interesante e bonito.

E na Terra Chá?

Na Terra Chá colaboramos coa Deputación de Lugo na xestión das Insuas do Miño e Ollos de Begonte, un espazo de máis de 110 hectáreas de alto valor ecolóxico, que inclúe humidais, bosque de ribeira e zonas de inundación. Estes bosques de asolagamento son moi escasos en toda a Península Ibérica e cómpre preservalos con especial coidado. Alí traballamos tanto no eido da investigación, estudando a fauna e a flora para avaliar o seu estado de conservación, como no da divulgación, achegando o coñecemento dos seus valores naturais a escolares, universitarios, investigadores e público xeral.

“Quero que o proxecto axude a ver a realidade doutra maneira”

María Xosé Silvar, máis coñecida como Sés, vén de publicar un novo traballo en formato libro-disco como un “punto de inflexión persoal”

Sés vén de lanzar ‘Nadando na incerteza’, un novo traballo en formato libro-disco que reúne cancións acompañadas de textos escritos por ela mesma. A artista explica que a idea naceu ao ver ‘como o disco está desaparecendo como obxecto’ e tamén da súa maneira de presentar as cancións en directo, contextualizándolas antes de interpretalas, algo que agora quixo trasladar ao papel. Sés di que, como oínte, está ‘empalagada deste momento de produción tan densa’ e que buscou un disco no que se poidan distinguir con claridade letra, melodía e canción, sen que a produción coma o esencial. Ademais, define o proceso como un punto de inflexión persoal: asumiu máis tarefas do habitual na cadea de gravación e preparación do material antes da mestura e masterización.

Cando decidiu que quería facer o traballo como libro-disco?

Naceu por dúas razóns moi claras. Por unha banda, porque teño a sensación de que o disco está a desaparecer como obxecto, e apeteciame recuperar esa dimensión material. E, pola outra, porque moita xente di que unha das cousas que caracteriza os meus concertos é que adoito introducir as cancións, contar algo antes de cantalas. Antes era máis habitual, agora xa non tanto, e pensei que podía ser bonito que esa parte, ese contexto que se dá en directo, quedase tamén como algo escrito.

Como imaxina que o público vai entrar nese formato: primeiro o disco e despois o libro, ou ao revés?

Eu non quero meterme en dicirle á xente como ten que consumilo. Se fose eu, supoño que primeiro escoitaría o disco enteiro e logo iría aos textos, e incluso lería en orde. Pero está pensado para que se poida facer de calquera maneira: que alguén chegue a unha canción a partir dun texto, que outra persoa nin lea e só escoite, ou que haxa quen se interese máis polo que hai no libro que polo que hai no disco. Ademais, a

min faime moita ilusión que haxa público que me escoite polo que digo e tamén público que me escoite a pesar do que digo. E iso paréceme un triunfo: que a música funcione incluso cando non pensamos igual.

Por que chegou a un son tan acústico e con tan pouco artificio?

Porque como oínte estou un pouco empalagada deste momento de produción tan densa, onde ás veces parece que hai máis produción que canción. Eu escoito xente nova e non o fiscalizo, pero case todo o que me aparece vai nesa liña de sobreproducción. Como creadora, necesitaba ir a algo máis esencial: que se puidese diferenciar perfectamente a letra, a canción e a melodía, e que iso fose o nuclear do disco.

Custoulle centrarse tanto na voz e recortar produción?

Si, e foi unha mestura rara: por unha banda, foi liberador; pero pola outra, eu son moi tendente a pensar ‘aquí molaría meter unha voz’, ‘aquí molaría meter este momento’. E como era unha decisión tomada, tiven que amarrarme e cortar moito, porque a tendencia era engadir cousas. Aínda así, mesmo conténdome, sentín que o proceso era liberador.

Foi unha aprendizaxe que lle vai marcar nos próximos discos?

Aprender, sempre se aprende, pero o máis importante neste disco non foi tanto a composición como asumir máis partes do proceso das que asumía antes. Eu encargueime da gravación e de deixar todo gravado e editado, para despois pasarlle ese material ao meu equipo técnico para a mestura e a masterización. E iso si que foi un pequeno salto, un punto de inflexión: hai máis de min aquí porque asumín máis.

Vostede sente que este traballo é un ‘punto de inflexión’?

Si, véxoo como un punto de inflexión, aínda que non o fixen pensando ‘vou facer un punto de inflexión’. Fixen o disco e, despois, ao miralo con distancia, decateime de que hai un

cambio: xa non asumo só as partes que asumía antes, senón máis. É como un pequeno salto de nivel, sobre todo no proceso.

Dá máis vertixe exporse nun disco así, con poucos elementos?

Eu sinto que sempre me expoño moito. O que pasa é que cando lle quitas o instrumental e quedan poucos elementos, como oínte é máis doado centrarnos na voz e no que se di. Pero eu creo que, en realidade, todos os meus discos son ‘un pouco como este’: a molécula da que parto é moi similar, só que cando hai máis cousas arredor tes que repartir a atención. Aquí hai máis aposta por deixar a canción tal cal e confiar en que é suficiente.

Dixo moitas veces que non é ‘cantante’, senón ‘cantora’. Como se concreta iso neste disco?

Concrétase nun detalle moi particular: neste disco, agás dous temas, o resto son contemporáneos. Noutros traballos eu podía escoller temas compostos ese ano, outros de hai cinco, outros de máis atrás... Aquí non. Como estamos nun momento colectivo moi peculiar, e eu son moi permeable e fráxil, todo este ‘seísmo’ afectoume e apeteciame falar do que sinto neste momento. E para poder defender cada tema desde a visceralidade e desde a credibilidade, tiñan que estar feitos agora.

Hai unha parte da conversa na que fala de método, oficio e visceralidade. Vostede onde se coloca?

Síntome máis visceral. Falamos de que na arte hai xente moi metódica, que ten a virtude do método, e iso é algo que eu admiro moitísimo. Pero eu, modestamente, creo que son máis ‘Maradona’ nese exemplo: máis pulsión. Iso non quita que o oficio exista (a música tamén é oficio) e que haxa que adestrar, ler, consumir ideas profundas, porque o cerebro é un músculo. E tampouco quita que haxa artistas metódicos que me parecen extraordinarios. Ao final, son formas de ser e de escribir.



Que lle remexeu máis: crear o disco ou preparar o letrario/cancioneiro?

O disco. O letrario foi máis unha briga moral coa miña lingua. Eu non me atrevería a facer un letrario se non fose porque creo que é necesario dotar de normalidade que as persoas falantes dunha lingua que está a morrer poidan acceder tamén a obras deste perfil, igual que poden os falantes de linguas francas. Despois hai traballo de edición, fotos, textos, pero non é o mesmo nivel de creación que facer un disco.

Que incorporou no letrario?

Púxenlle a cada texto o ano no que foi escrito, aínda que despois a canción se gravase moito máis tarde. Gústame ver evolución cando leo obras completas, sobre todo de poesía, e parecía importante darlle iso tamén a quen lea: que poida ver que un texto pode ser de 2012 e acabar gravado en 2021, por exemplo. Axuda a entender camiños e cambios.

A saída do disco coincidiu que se fixese ‘noticia’ cantar en galego.

Dá gusto que lle guste á xente, pero paréceme triste que iso se lea como noticia, cando noutras linguas do Estado se vive como algo normal. Eu dicía: se fose un rapaz andaluz cantando noutra lingua, a lectura sería ‘que ben, un Estado pluricultural e plurilingüístico’. En cambio, nós seguimos moi reducidos.

Este disco tamén se pode ler como unha pausa fronte ao ruído?

Pode parecer iso, pero eu non o fixen como unha estratexia racional. Foi

máis por necesidade. A min atúrde-me o momento actual: odio as redes sociais e a cantidade de estímulos que che están pedindo atención todo o tempo. Eu necesitaba escoitar ‘dúas cousas’ autosuficientes, verdadeiras e crúas. Non quería 50 cousas por riba nin estar buscando sonoridades, porque sonoridades xa escoitei todo o tempo: botaba en falta escoitar letra e escoitar canción. **Estamos perdendo maneiras básicas de relacionarnos?**

Estamos perdendo o costume de tocarnos, mirarnos, falarnos. E parece que chamar por teléfono se considera case unha agresión. Eu conto experiencias cotiás: estar *whatsappando* e pensar ‘se isto se resolvía en dous minutos chamando’. Todo iso paréceme absurdo e síntoma de algo: estamos esquecendo que somos humanos e que a conversa directa tamén é necesaria.

Que lle gustaría que quedase deste traballo?

Non me gustaría que quedase o obxecto, senón unha sensación: a de apertura e cuestionamento. Que algo do proxecto axude a abrir o foco, ver a realidade doutra maneira, aceptar a nosa complexidade e tamén permitir emoción intensa. Eu son intensa, e nun momento no que todo parece tan lánguideo, creo que hai que atreverse a sentir, a pensar, a impugnar supostas verdades, e a debater con vehemencia, pero tamén con fraternidade. Atrevámonos a ser humanos.




TOSHIBA

Distribuidor oficial de sistemas de impresión Toshiba



Medinformática

SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Distribuidor de software L@ndin

Gesl@N TPN software para comercios

C/ SANTIAGO 1, BAJO D - 27004 LUGO

Tels. 982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

pol

Abre o novo supermercado municipal, o primeiro de Galicia



O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, participou na reapertura do supermercado municipal de Pol facendo a compra, nun xesto simbólico co que quixo poñer en valor a importancia de garantir servizos básicos no rural como condición imprescindible para fixar poboación e combater a crise demográfica. Durante a visita, realizada xunto ao alcalde socialista do municipio, Besteiro subliñou que “os socialistas non cremos nunha Galicia a dúas velocidades, nin nun país dividido entre o rural e a costa”, e defendeu un modelo de comunidade no que, con independencia do lugar no que se viva, a cidadanía poida acceder a servizos esenciais. O novo supermercado de Pol, o primeiro municipal de Galicia, abriu de novo as súas portas tras dous anos de peche, un período no que a veciñanza tiña que desprazarse entre doce e quince quilómetros ata concellos limítrofes como Meira ou Castro para facer a compra diaria. A posta en marcha deste servizo,

de carácter municipal, responde á decisión do Concello de garantir o acceso a produtos básicos sen obrigir á poboación a marchar. “Fixar poboación tamén é isto: ter servizos, poder abastecerse no día a día no propio concello e vivir con dignidade”, sinalou Besteiro, que incidiu en que a crise demográfica existe e só se combate con feitos concretos e políticas útiles pegadas á realidade do territorio. O supermercado conta con carnicería, produto fresco e mostradores abastecidos, recuperando un servizo que a veciñanza botaba en falta e que contribúe a dinamizar a vida social e económica do municipio. Desde Pol, Besteiro insistiu en que este tipo de iniciativas exemplifican a forma de entender a xestión pública por parte do socialismo: poñer os recursos ao servizo da xente, responder ás necesidades reais e coidar o territorio. Ao seu xuízo, o rural ten futuro cando hai vontade política e compromiso coa igualdade de dereitos.

O Concello de Pol acollerá a IV Batida Feminina o 17 de xaneiro

O Tecor Amigos da Natureza do Concello de Pol, coa colaboración da Federación Galega de Caza de Lugo, organiza o vindeiro 17 de xaneiro a IV Batida Feminina, unha cita que reúne cazadoras de diferentes puntos da provincia nunha xornada de convivencia e actividade cinexética. O evento, que continúa a medrar en participación ano tras ano, busca visibilizar o papel da muller no ámbito da caza e reforzar a presenza feminina nun sector tradicionalmente masculino.

linizado. Na presentación da actividade, destacou o compromiso das participantes e o apoio constante das entidades colaboradoras. A xornada desenvolverase no propio tecor, nun ambiente de convivencia, respecto polo medio e posta en valor do labor das cazadoras galegas. Na edición do ano pasado, 30 foron as cazadoras de todas as provincias galegas e de Asturias as que participaron deste evento.

friol

O Concello de Friol mellora os accesos ao núcleo de Carballoso

O Concello de Friol vén de dar por rematadas as obras de mellora dos accesos ao núcleo de Carballoso, unha actuación que supón un avance significativo na seguridade viaria e na calidade das infraestruturas do medio rural. A intervención permitiu renovar e acondicionar os camiños existentes, mellorando de forma notable as condicións de circulación e o acceso ás vivendas da zona. O proxecto foi financiado pola Consellería do Medio Rural e executado pola empresa pública Tragsa, cun investimento total de 63.980,56 euros. As actuacións realizadas contribúen a reforzar a conectividade do núcleo, facilitando o tránsito de vehículos e ofrecendo unhas condicións máis seguras e confortables para a veciñanza. O alcalde de Friol salientou que esta intervención respondía a



unha necesidade evidente, debido ao desgaste que presentaba esta vía de comunicación no lugar de Carballoso, e subliñou a importancia de continuar investindo en infraestruturas rurais como elemento clave para garantir servizos de calidade e favorecer a fixación de poboación no concello.

Desde o Concello de Friol expresan o seu agradecemento á Consellería do Medio Rural polo apoio prestado e ao persoal de Tragsa polo traballo desenvolvido, reafirmando ao mesmo tempo o compromiso municipal coa mellora continua das infraestruturas e co desenvolvemento sostible do rural.

Friol comeza o ano celebrando festas para toda a veciñanza

O Concello de Friol organizou un ano máis a súa tradicional Festa de Reis para todos os nenos e nenas do municipio e para as súas familias. Os máis cativos puideron gozar da cita, que se celebrou no pavillón municipal. Á festa asistiron os nenos e nenas que recibiron nas súas casas a entrada para o festexo, que deu comezo ás 17.00 horas. Durante a celebración, os pequenos entregaron aos Reis Magos as cartas que lles escribían. Ademais, gozaron de inchables, xogos e sorteos, e tamén degustaron chocolate con biscoito. Esta proposta respondeu ao obxectivo do Concello de que as familias volvesen “desfrutar dunha xornada máxica e especial para os nenos e nenas de Friol, que tanto desfrutaban desta Festa de Reis”, segundo sinalou José Ángel Santos, alcalde de Friol.

FESTA DE SAN XULIÁN. A localidade de Friol dará a benvida ao ano festivo coa celebración da Festa de San Xulián 2026, que terá lugar o vindeiro 10 de xaneiro na Nave Multiusos de Friol,

situada no polígono industrial. O evento está organizado pola Asociación Cultural Festas Santa Isabel e propón unha xornada completa de convivencia, gastronomía e música. A programación arrancará ao mediodía cunha sesión vermú que contará con actuación musical a partir das 14.30 horas. Posteriormente, ás 15.30 horas, celebrarase a comida popular, na que se poderá degustar callos e carne ao caldeiro. Pola tarde, a festa continuará cun tardeo musical que se desenvolverá entre as 17.30 e as 19.30 horas, mantendo o ambiente festivo ata ben entrada a tarde. O prezo da xornada será de 15 euros para as persoas socias e de 20 euros para as non socias. Desde a organización animan á veciñanza e visitantes a participar nesta primeira gran festa do ano, coa que se honra un dos patróns da localidade e se reforza o espírito festivo e comunitario. A Festa de San Xulián preséntase como unha cita destacada no calendario festivo local, para todos os públicos e para comezar o ano.

Veciños de Friol irán a Santiago para ver unha obra de teatro

O Centro Dramático Galego continúa co seu programa de facilitar un autobús gratuito en varios concellos para acudir o domingo 11 de xaneiro ao teatro en Santiago de Compostela, a ver a representación de Memorias dun neno labrego, unha proposta do libro de Xosé Neira Vilas. Cada persoa deberá aboar a entrada ó teatro, que terá un custo de 5 euros. Previamente ó teatro, haberá algo de tempo libre para gozar de Compostela. O autobús sairá de Friol ás 15.30 horas diante do Concello e a función é ás 18.00 no Salón Teatro.

Defenden as axudas da Xunta á mocidade do agro

Os deputados do Grupo Popular Enrique Barreiro, Nicole Grueira e Raquel Arias puxeron en valor as axudas para facilitar a incorporación de mozos ao agro da Xunta en Friol. Nicole Grueira subliñou o apoio que os mozos e mozas galegas reciben da Xunta para facilitar a súa incorporación ao rural galego. En concreto, a convocatoria de axudas do ano 2025 estivo dotada de 36 millóns de euros, con achegas concretas de ata 320.000 euros por proxecto.

o corgo

A poxa de Adai pecha 2025 cunha das mellores vendas da historia

O mercado gandeiro de Adai, no concello do Corgo, puxo o broche de ouro ás poxas de ACRUGA deste 2025 cunha poxa que se saldou coa venda da totalidade dos 22 animais presentados, unha participación de 72 gandeiros e gandeiras de toda Galicia e un dos prezos medios máis altos da súa historia, próximo aos 4.000 euros.

Os resultados superaron incluso as previsións avanzadas días antes polo presidente de ACRUGA, César Dorado, quen xa apuntaba á suba do prezo da carne e ao crecente interese pola raza Rubia Galega como factores clave dunha xornada que finalmente excede os mellores prognósticos.

As 18 xovencas preñadas, das que 17 procedían do centro de recría da Granxa Gayoso Castro, dependente da Deputación de Lugo, partiron cun prezo de saída de 2.800 euros. Só unha se vendeu por esa cantidade, mentres que nove superaron os 4.000 euros e a máis cotizada acadou os 6.200 euros. Estas cifras permitiron acadar un prezo medio de 4.022 euros, o máis elevado das 15 poxas celebradas ao longo do ano, por riba doutras citas destacadas como a de Adai en xuño, con 3.933 euros de media, ou a de Perafita do Cebreiro en abril, con 3.640 euros. A poxa, moi agardada polo sector, tivera que ser aprazada no mes de outubro debido á enfermidade da dermatose nodular.

No caso dos machos, aínda que con cotizacións lixeiramente inferiores ás das xovencas, tamén se rexistraron prezos elevados. Os tres exemplares procedentes



da nave de testaxe de ACRUGA e dun gandeiro particular saíron un prezo inicial de 2.500 euros e acadaron finalmente un prezo medio de 3.800 euros. Desde a asociación destacan que o feito de tratarse da última poxa do ano, o incremento do prezo da carne, a alta calidade xenética dos animais e a cualificación de “moi boa” dos 22 exemplares no Libro Xenealóxico foron determinantes para o éxito da poxa, xunto coas axudas á compra ofrecidas por Caixa Rural Galega.

No marco desta xornada, unha xovenca da Granxa Gayoso Castro bateu récord ao acadar os 6.200 euros, a cifra máis alta rexistrada este ano nas vendas de gando vacún nas que participou a Deputación de Lugo. A institución provincial vendeu nesta cita un total de 17 exemplares de Raza Rubia Galega, inscritos e avaliados dentro do programa de mellora xenética que desenvolve ACRUGA, procedentes dun rabaño seleccionado polo seu valor morfolóxico, produtivo e reprodutivo, garantindo

así a calidade e a trazabilidade dos animais postos á venda. O prezo medio destas vendas situouse nos 3.952 euros, partindo tamén dun prezo de saída de 2.800 euros por exemplar.

A CIV Subasta de gando vacún selecto contou ademais coa participación da subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, que asistiu ao evento celebrado no Recinto Feiral de Adai. Durante o acto, puxo en valor o papel estratéxico do sector gandeiro na provincia, destacando a importancia de manter este tipo de citas que consolidan a Rubia Galega como referente de calidade, sustentabilidade e fixación de poboación no rural. Olimpia López subliñou igualmente o apoio do Goberno de España ás explotacións gandeiras, á mellora xenética da raza e á modernización do sector primario, reiterando a colaboración da Subdelegación do Goberno con entidades como ACRUGA, fundamentais para o desenvolvemento económico, social e territorial do rural galego.

guntín

Rematan as obras de mellora da eficiencia enerxética no pavillón



O Concello de Guntín vén de executar unha actuación de mellora da eficiencia enerxética no Pavillón para optimizar o consumo e avanzar cara a unha xestión máis sostible das instalacións públicas.

Os traballos realizados incluíron a substitución dos antigos termos por un moderno sistema de aerotermia, a instalación dun depósito acumulador de maior capacidade e eficiencia e a colocación de placas solares que permiten reducir de forma significativa o consumo eléctrico do recinto.

Esta intervención supón un paso importante na modernización do pavillón, xa que permitirá acadar un notable aforro enerxético e económico, ademais de mellorar o rendemento das instalacións e reducir o impacto ambiental asociado ao seu funcionamento.

Desde o Concello agradecer a colaboración da Xunta de Galicia, cuxo apoio permitiu facer realidade esta mellora, que contribúe a unha utilización máis eficiente dos recursos públicos.

OUTRAS MELLORAS. Tamén se levaron a cabo importantes actuacións de mellora viaria no núcleo de Vilaboa (Ferroi), onde se renovou o firme, acondicionáronse as marxes das estradas e reforzouse a seguridade na contorna. Estas intervencións, promovidas polo Concello, buscaban facilitar a circulación de vehículos e peóns, reducir riscos de accidentes e mellorar o acceso ás vivendas da zona. Os traballos forman parte dun plan máis amplo de mantemento e mellora das vías rurais, que continuará ao longo dos próximos meses.

Meira e o Corgo acolleron unhas xornadas de dinamización lingüística

O Concello de Meira acolleu recentemente as Xornadas de Dinamización da Lingua Castelá para a Inserción Social e Laboral, unha acción formativa de 20 horas desenvolvida no marco do Proxecto Piloto de Voluntariado Intercultural impulsado polo GDR-3 Montes e Vales Orientais, en colaboración co Equipo Comarcal de Inclusión Sociolaboral do Corgo e o propio concello.

A iniciativa nace coa finalidade de facilitar a integración das persoas migrantes no territorio, proporcionándolles ferramentas prácticas

para mellorar a súa vida diaria e ampliar as súas oportunidades de acceso ao mercado laboral. Nun contexto rural, onde as comunidades son pequenas e as relacións persoais teñen un peso determinante, o coñecemento do idioma resulta clave para comunicarse, atopar emprego e sentirse parte activa da veciñanza.

Outro dos aspectos máis valorados da iniciativa foi a posibilidade de conciliación familiar, xa que moitas das participantes, maioritariamente mulleres, puideron asistir acompañadas dos seus fillos.

LUGO

Exposición retransmitida en streaming
votos e flows,
No YouTube de ARXON

2026

17 e 18 de xaneiro

115 Exposición Nacional Canina C.A.C.

116 Exposición Nacional Canina C.A.C.

52 Exposición Internacional Canina C.A.C.I.B.

Pazo de Feiras e Congresos de Lugo

Registros iniciais
para cans de raza
que carezan de
pedigree.
INFÓRMATE !!

Máis información en:
www.caninagalega.com
Telf. 986377305

Organizan:
Autorizan:
Patrocinan:
Colaboran:

RÁBADE: Remedios González

“A política local é absorbente e require dedicación constante”



Accedeu á Alcaldía, seguindo os pasos do seu pai, tralos últimos comicios ao gañar un quinto concelleiro, que arrebatou a maioría aos Independentes, que levaban no poder desde 1999

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.
Comecei tarde, pero sempre sentín interese pola vida pública e pola mellora do meu pobo. Inicie o meu camiño na política no ano 2011 e, pouco a pouco, fun implicándome máis. Vinculeime ao Partido Popular porque comparto os seus valores, a súa proximidade á veciñanza e a defensa do municipalismo. Entendo que dende a política local pódense cambiar moitas cousas que afectan directamente ao día a día das persoas.
Como deu o salto ou recibiu o im-

pulso para ser alcaldesa?
Foi un proceso natural. Tras varios anos implicada na política local, pedíronme ir como cabeza de lista e ser a candidata á Alcaldía. Sentín que podía achegar unha visión de traballo serio, próximo e con ilusión renovada. O apoio da veciñanza e do equipo foi clave para dar ese paso. Non foi unha decisión individual, senón froito do compromiso colectivo por mellorar o noso concello. Ese ano gañamos as eleccións e tamén no 2019, faltando poucos votos para a maioría. Nas eleccións do ano 2023 acadamos a maioría absoluta.



momentos para os meus, poñer límites cando é necesario e lembrar que detrás do cargo tamén hai unha persoa. Sen equilibrio, é difícil manter a paixón polo que se fai.
Cales son os seus obxectivos a nivel político?
Seguir mellorando o municipio, impulsar servizos públicos de calidade e apostar por un modelo de concello sostible, inclusivo e con oportunidades para todos. Tamén quero fomentar a participación veciñal e a transparencia como pilar básico da xestión.

“O meu obxectivo é seguir mellorando o municipio, impulsar servizos públicos de calidade e apostar por un modelo de concello sostible, inclusivo e con oportunidades para todos”

E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?
Queremos avanzar en infraestruturas, modernizar servizos, mellorar o acceso á vivenda, apoiar ao comercio local e consolidar proxectos estratéxicos para o desenvolvemento económico e social do municipio. Apostaremos tamén pola transición verde e dixital.
Cales son as principais liñas do seu programa?
As liñas principais céntranse en servizos sociais, vivenda, urbanismo sostible, apoio á mocidade, mellora das infraestruturas e fomento da cultura e do deporte. Todo cun enfoque participativo e cunha xestión responsable dos recursos públicos.
Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
Depende das zonas, pero en xeral necesitamos mellorar infraestruturas, comunicacións, reforzar servizos, garantir acceso á vivenda e ofrecer máis alternativas para mocidade e maiores. Tamén é clave avanzar na dixitalización e no apoio ao tecido produtivo. Para iso, é imprescindible a ampliación do Polígono industrial cunha cuarta fase e un novo acceso.

De que proxectos se sente máis orgullosa?
Dos que tiveron un impacto real na vida da xente: servizos sociais cunha mellora substancial para a conciliación familiar, accesibilidade en edificios municipais, recuperación de espazos públicos, eficiencia enerxética en espazos deportivos, ... Son proxectos feitos coa xente e para a xente, e iso é o que máis orgullo dá.
Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcaldesa?
Alguén próximo, traballador, honesto e que sempre está dispoñible para escoitar. Gustaríame que visen a alguén comprometido co seu pobo e con ganas de mellorar cada día, sempre con humildade e sentido común.
Como é a súa relación coa oposición?
Procuo manter unha relación respectuosa e de diálogo. Aínda que parte da oposición decepcionoume moito pola súa actitude de non participar en ningunha actividade organizada polo Concello. As diferenzas son lóxicas, pero creo que a política local debe centrarse no que une: o benestar da veciñanza. Sempre estou disposta a escoitar propostas construtivas, veñan de onde veñan.

DATOS

HABITANTES: 1.499.

PARROQUIAS: 1.

EXTENSIÓN: 5,2 km cadrados.

PARTIDO XUDICIAL: Lugo.

CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PP, 3 de IA e 1 do PSOE.

ALCALDESA: Remedios González Cabarcos, do Partido Popular.

VOCEIRO PSOE: Alejandro Martínez Campos.

VOCEIRO IR: Francisco Fernández Montes.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
Teño 63 anos e dous fillos
- **Profesión e formación**
Agora mesmo estou xubilada pero dediquei a miña vida ao Ensino
- **E si non fora mestra que lle gustaría ser?**
Gustaríame facer Belas Artes (pintura, escultura, etc.)
- **Que quería ser de maior**
O que fun, mestra
- **Que fai para desconectar?**
Viaxar (aínda que teño pouco tempo), ler, música, o cine, debuxar, ...
- **Unha virtude e un defecto**
Son unha persoa tolerante e o maior defecto a impuntualidade (aínda que agora estou mellorando)
- **Un consello para compartir**
Non son moi de consellos, pero miña avoa sempre dicía “Quien mucho habla, mucho yerra”, hai que ser moderados e prudentes
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
Teño un amplo abano. É difícil elixir un. Libro: *A nena do abrigo de as-tracán* de Xabier P. Docampo (pola parte que lle toca a Rábade). Película: *Matria*. Series: *Rapa* (tamén con acento Rabadense) Música: Escoito música moi diferente segundo o es-

tado de ánimo: María Callas, Bruce Springsteen, De Ninghures, ...

- **Unha afección**
A xardinería e a bricolaxe
- **Un lugar que visitar**
Aquí a Ribeira Sacra e no estranxeiro, Irlanda
- **Unha comida e unha bebida**
Ovos con patacas e chourizo frito e para beber un tinto da Ribeira Sacra
- **Unha personaxe admirada**
Non son moi mitómana, pero si admiro a actitude ante a vida de xente como a miña nai
- **Unha posesión prezada**
Son unha persoa desinteresada e pouco materialista
- **Un desexo**
Que Rábade sexa nun pobo bonito e agradable para estar e vivir.
- **Algo para esquecer**
A vida hai que vivila con unha actitude positiva e as situacións negativas serven para crecer
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A integridade
- **Un desafío pendente**
Que o meu pobo mellore en servizos para aumentar poboación
- **Onde se ve en cinco anos?**
Son de vivir o presente. Paso a paso

“Queremos avanzar en infraestruturas, modernizar servizos, mellorar o acceso á vivenda”

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
O tempo é o sacrificio máis grande. Roubando horas á familia, aos amigos e incluso ao descanso. A política local é moi absorbente e require dedicación constante. Ás veces tamén supón expoñerse á crítica, mesmo cando as decisións se toman con boa intención e responsabilidade.
E beneficios?
O maior beneficio é poder contribuír a mellorar a vida dos veciños/as. Ver como saen adiante proxectos necesarios, recibir o agradecemento directo dun veciño ou ver melloras reais no municipio dá unha gran satisfacción persoal. Ademais, é unha experiencia de aprendizaxe constante e moi enriquecedora.
Como equilibra a vida pública e a privada?
Non é fácil. Require organización, apoio da familia e saber desconectar cando se pode. Intento reservar

rábade

A vila de Rábade acolleu o primeiro Mercado de Nadal

O Concello de Rábade segue a desenvolver o seu programa Nadal 2025, un completo calendario de actividades culturais, musicais e festivas que se desenvolverán entre o 12 de decembro e o 10 de xaneiro.

O Mercado de Nadal ocupou a Praza de Abastos os días 27 e 28 de decembro, dentro da celebración do centenario de cidade.

Despois da Don Silvestre Rabandese, o Recheo de Reis e a Cabalgata dos Reis Magos, que encherán a vila de familias, a programación pecharase o 10



de xaneiro coa representación teatral do Centro Dramático

Galego, *Memorias dun Neno Labrego*.

Entregados os premios aos gañadores do concurso de postais

A alcaldesa de Rábade, Reme González, fixo entrega dos premios do Concurso de Postais Navideñas nas súas diferentes categorías. A maiores, todos e todas as participantes no concurso que se achegaron ao Centro Sociocultural recibiron un diploma. De feito estas postais gañadoras serviron para que o Concello felicitase o Nadal. A sesión contou tamén co espectáculo de maxia de David Méndez.

O certame contou con distintas categorías por idades. Na categoría dos máis pequenos, o primeiro premio foi para Ánxela Lage Iglesias, o segundo para Alba Fernández Santos e o terceiro para Nico Caamaño Parga.

Na segunda categoría, o primei-



ro premio foi para Yanira Casanova Rábade, o segundo para Naia Beceiro Bouso e o terceiro para Sara Penelas López.

Na categoría de maior idade, o primeiro premio recaeu en María Nogareda Sánchez, de 13

anos; o segundo foi para Iván Jesús Río Pernas, de 14; e o terceiro para Noa Engroba Bóveda, de 13 anos.

Este concurso serviu para afianzar o sentimento de Nadal nos máis pequenos.

Celebrouse unha reunión da Rede de Custodia Agraria da Reserva da Biosfera Terras do Miño

A Casa das Insuas acolleu unha xuntanza da Rede de Custodia Agraria da Reserva da Biosfera Terras do Miño, unha cita que estivo dirixida a poñer en común coñecementos, avaliar o traballo desenvolvido ao longo do ano e promover os valores da custodia do territorio e da gandaría extensiva.

A xornada comezou cunha charla sobre os servizos ecosistémicos nas paisaxes de gandaría extensiva, que foi impartida por Emilio R. Díaz

Varela. Posteriormente, tivo lugar unha sesión de valoración das actividades realizadas durante o ano 2025 no marco da Rede de Custodia Agraria, coa finalidade de analizar os avances acadados e definir liñas de traballo de cara ao futuro. A xuntanza pechouse cunha degustación de produtos da Reserva da Biosfera Terras do Miño, que serviu tamén como espazo de encontro e intercambio entre as persoas participantes, produtores

e entidades implicadas na conservación e na xestión sostible do territorio.

A actividade estivo organizada pola Asociación Galega de Custodia do Territorio e contou co apoio da Deputación de Lugo e da Reserva da Biosfera Terras do Miño, no marco do Programa sobre o Home e a Biosfera da Unesco, reforzando así o compromiso coa protección ambiental e o desenvolvemento rural sostible.

outeiro de rei

O Pleno aprobou puntos e discutíu pola educación



O Pleno de Outeiro de Rei ratificou as disposicións normativas que permitirán á poboación da localidade obter bonificacións en impostos como o IBI, o IAE e o ICIO, en especial a aquelas empresas que queiran instalarse na vila. Esta medida contou cos votos a favor do equipo de Goberno, oito, porque un non asistiu por estar enfermo, e do PSOE.

Este punto xerou a protesta dos concelleiros do BNG, xa que foi introducido no último momento, pero a secretaria do Pleno interviu para explicar, a petición do alcalde, José Pardo, que o proceso foi “transparente e legal”. Tras ser sometido a votación a idoneidade do mesmo, cos votos en contra do BNG, acabou aprobándose por clara maioría.

E canto ás bonificacións polas taxas de expedición de licenzas urbanísticas de actividade, de apertura, de primeira utilización e de realización de actividades administrativas de control, que tamén se presentaban para ratificación, houbo unanimidade e aprobouse sen intervencións. O mesmo pasou co peche e liquidación da conta xeral do 2024, que tamén foi aprobada sen intervencións dos concelleiros aínda que nesta ocasión cos votos en contra do BNG e a abstención do PSOE.

MOCIÓN DO BNG. O punto que xerou máis debate foi a única moción da orde do día, defendida polo BNG, co apoio da concelleira do PSOE. Nela, os nacionalistas pedían o apoio do equipo de Goberno para a implantación de varias medidas para incentivar o uso da lingua galega entre a mocidade. Entre elas, figuraba a adhesión a varias iniciativas postas en marcha pola Xunta e a RAG que implican a realización de actividades ou mesmo a creación dun servizo de Normalización Lingüística. O PSOE, secundou a moción lembrando que é unha obriga xurídica das administracións o uso da lingua galega e que os datos que se manexan apoian a existencia dunha “emerxencia lingüística”. O

alcalde, José Pardo, foi contundente para rexeitar a moción, asegurando que a baixada de galego falantes está motivada pola “imposición” que fan os grupos nacionalistas entre a xente moza. “O galego deféndese usándoo non obrigando aos demais a facelo”, sentenciou o mandatario. Asegurou que o concello non ten ningún problema co uso do galego para necesitar un servizo de normalización lingüística e que os cartos que se necesitarían para implantalo “poden ser dedicados a cousas máis urxentes e necesarias para a poboación”, explicou.

ROGOS E PREGUNTAS. No apartado de rogos e preguntas, o PSOE presentou unha petición para o arranxo da estrada de Mosteiro, preto do campo da festa, onde nunha curva hai unha zona en moi mal estado que a concelleira urxe arranxar. Tamén falou da conveniencia de colocar un espello nesta zona.

O alcalde afirmou que non vía conveniente a colocación do espello e que se reparará a vía conxuntamente cando sexa o seu momento.

Pola súa banda, o BNG propuxo que a matriculación dos alumnos das actividades extraescolares se faga de forma en liña, para evitar colas e que os veciños non teñan que pedir nos traballos para facer esta xestión.

O equipo de Goberno estivo de acordo con esta medida, na que “se traballará”, aínda que dixo o alcalde que se manterá a inscrición nas oficinas para aqueles que así queiran facelo. Outro rogo dos nacionalistas reclamou a protesta municipal pola “calidade de atención do servizo de pediatría”.

Pardo recoñeceu que “non temos a atención pediátrica que nos gustaría”, pero aludiu á falta de médicos en todas as especialidades e en todo o rural para cubrir as prazas e asegurou que “estou preocupado por ese tema e pendente do que pase”.

portomarín

Promoven un obradoiro dual de emprego



Os concellos de Portomarín, Palas de Rei e Monterroso uniron esforzos para poñer en marcha un proxecto conxunto de obradoiro dual de emprego que ofrecerá formación e experiencia laboral a vinte persoas desempregadas ao longo dun ano. A actuación, financiada pola Xunta de Galicia cun orzamento de 450.000 euros, céntrase nas especialidades de xardinería e promoción turística local e información ao visitante. As persoas participantes recibirán formación teórica e práctica, ao tempo que desenvolverán actuacións e prácticas profesionais en distintos puntos dos tres concellos, combinando

aprendizaxe e experiencia real en servizos de interese público vinculados ao mantemento de espazos verdes e á dinamización turística. Os alcaldes de Portomarín, Eloy Pérez, de Palas de Rei, Pablo Rivas, e de Monterroso, Pablo Taboada, presentaron esta iniciativa de inserción laboral que busca mellorar a empregabilidade da mocidade e favorecer a súa incorporación ao mercado de traballo. Unha vez rematado o obradoiro, as persoas participantes poderán ser contratadas por empresas da zona por un período mínimo de tres meses a xornada completa.

O II Festival de Nadal encheu Portomarín de arte, música e doces



A Asociación Río Miño de Portomarín, A ANPA Virxe da Luz, a Coral de Portomarín, e a Asociación de Mulleres Rurais O Xaramago organizaron, un ano máis, o II Festival de Nadal, o pasado sábado 27 de decembro. A xornada contou cunha exposición das obras realizadas pola asociación O Xaramago, que permitirá achegarse ao traballo creativo desenvolvido polo colectivo. A

programación completouse con actuacións musicais a cargo da Coral de Portomarín, dos nenos e nenas da ANPA e da propia Asociación Río Miño. O festival incluíu tamén unha sorpresa doce que puxo o broche final a unha cita concibida para gozar en familia, compartir sorrisos e vivir o espírito do Nadal de maneira conxunta.

castroverde

O BNG critica o veto do PP ás emendas aos Orzamentos

O Bloque Nacionalista Galego de Castroverde denunciou que o Partido Popular rexeitou a totalidade das emendas presentadas polo BNG aos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026, unhas propostas encamiñadas a reforzar servizos públicos esenciais e a mellorar a calidade de vida da veciñanza do concello. Desde a formación nacionalista sinalan que a decisión volve deixar fóra actuacións consideradas básicas para un municipio rural como Castroverde. A portavoz municipal do BNG, Iria Castro, lamentou que “un ano máis, o PP utilice a súa maioría absoluta para bloquear investimentos necesarios en concellos rurais como Castroverde, demostrando unha absoluta falta de compromiso coa seguridade viaria, coa mobilidade e coa atención sanitaria da nosa veciñanza”. Ao seu xuízo, esta postura perpetúa unha dinámica que agrava as desigualdades entre territorios. Entre as emendas rexeitadas figuraba unha proposta para o cambio e instalación de marquesiñas, así como para a mellora da sinalización horizontal e vertical nas paradas de autobús da estrada LU-530 ao seu paso polo concello. Actualmente existen nove paradas neste tramo, das cales só unha dispón dunha marquesiña en bo estado, mentres que o resto carecen de sinalización



adecuada ou presentan infraestruturas deterioradas e mesmo oxidadas. Iria Castro advertiu de que “nin sequera falamos de grandes obras, senón de condicións mínimas de seguridade”, sinalando que a veciñanza se ve obrigada a agardar o autobús nunha das estradas con máis tráfico, sen ningún tipo de protección, o que supón un risco evidente. Engadiu tamén que esta situación desincentiva o uso do transporte público nun concello cunha poboación envellecida e con moitas persoas en idade escolar que dependen deste servizo. O PP tamén rexeitou outra emenda do BNG destinada á reforma dos aseos do centro de saúde de Castroverde para garantir a súa accesibilidade, xa que na actualidade non permiten o uso por persoas

con mobilidade reducida nin por persoas usuarias de cadeira de rodas. A portavoz nacionalista denunciou que “estamos a falar dunha infraestrutura sanitaria básica nun concello cunha media de idade moi elevada” e advertiu de que a falta de accesibilidade “non só é unha mala práctica, senón que incumpre a normativa vixente e vulnera dereitos fundamentais”. Desde o BNG de Castroverde consideran que estas decisións poñen de manifesto que “para o goberno do PP na Xunta, os concellos rurais non son unha prioridade” e reiteran que continuarán reclamando investimentos xustos e servizos dignos para a veciñanza. “Non imos resignarnos a que Castroverde siga sendo invisible para a Xunta de Galicia porque o concello merece máis”.

Abraham Cupeiro actuará na Igrexa de Vilabade en marzo

O músico e construtor de instrumentos ancestrais de Sarria, Abraham Cupeiro, actuará na Igrexa de Vilabade o 28 de marzo de 2026 en dúas funcións, ás 18.00 e ás 20.30 horas, co concerto Ao Son de Santa María de Vilabade. Este proxecto ofrece unha viaxe sonora única que conecta pasado e presente a través da música, recuperando sons esquecidos e dando nova vida a instrumentos que se perderon co tempo. Durante a actuación, Cupeiro estará acompañado por un cuarteto de corda, que crea pontes entre culturas e épocas, enriquecendo a experiencia musical. O espectáculo mergullará ao público nun universo de timbres ancestrais mediante instrumentos como o karnyx celta ou a corna galega, combinando tradición e modernidade para



evocar paisaxes naturais e emocións universais. Abraham Cupeiro pechou o ano 2025 cunha actuación multitudinaria o día 28 no Auditorio Fuxan Os Ventos de Lugo con ‘Resoando no

Pasado’, unha colección de instrumentos que Abraham Cupeiro mostra a través dun concerto -monólogo no que viaxa ao pasado máis remoto da nosa especie a través dos sons dos instrumentos de vento.

Acondicionan unha nova ruta de sendeirismo no Camiño Rexio

En virtude do convenio de colaboración asinado coa Axencia de Turismo de Galicia o día 25 de marzo de 2025, o Concello de Castro de Rei executou o proxecto de creación da ruta de sendeirismo Camiño Rexio e a sinalización dos elementos máis representativos, unha nova ruta de sendeirismo que segue o itinerario da antiga vía de peregrinación a Santiago denominada Vía Rexia. O percorrido desta ruta é duns 15 kilómetros e discorre polas inmediacións do Castro de Viladonga, preto da igrexa desta parroquia e do barrio do Curro, pola Ponte do Busto, Os Paraños, O Vilar, a Fonte da Virxe de Duancos, a Fonte e Casa de Canaval en Duancos, e Orizón. A ruta mantense, na súa maior parte, sobre camiños históricos asfaltados, polo que o proxecto centrouse na mellora da seguridade para os viandantes e na correcta sinalización dos puntos máis relevantes do trazado. Leváronse a cabo diferentes intervencións, como a adecuación de camiños municipais para uso peonil, incluíndo a limpeza de sendeiros en desuso e a recuperación de tramos tradicionais. Os traballos realizados no marco do citado convenio consistiron tamén na recuperación de zonas de paso,



na sinalización de cruces e desvío da ruta (para o que se colocaron 120 frechas indicativas), na colocación de 5 paneis informativos de bens patrimoniais (capela de San Amaro en Ludrio, Fonte de Canaval en Duancos, Fonte da Virxe en Duancos e igrexas parroquiais de Mondriz e Ludrio), na instalación dun panel indicativo ó inicio da ruta e no deseño da ruta e creación dos contidos dos paneis. Trátase dunha actuación coa que se acadou o propósito de poñer en valor e conservar os elementos patrimoniais, etnográficos e históricos de Castro de Rei coa posta en valor

deste camiño de peregrinación cara a Santiago. A ruta atravesará o municipio de nordeste a sueste, aproximándose ao límite co Concello de Pol, desde onde procede a antiga vía de peregrinación, e finalizando no límite co Concello de Lugo. A iniciativa contou cun orzamento de 36.300 euros, financiado integramente pola Axencia de Turismo de Galicia. Esta achega cubriu tanto os traballos de recuperación e sinalización da ruta como a elaboración dos contidos informativos para os paneis que se distribuirán ao longo do percorrido.

A Antiga Escola de Goberno foi inaugurada tras meses de obras

A Asociación de Veciños de Goberno celebrou a reinauguración da Antiga Escola de Goberno, tras rematar as obras de mellora realizadas nos últimos meses no inmoble, que permitiron recuperar e poñer en valor este espazo emblemático da parroquia. Os traballos foron posibles grazas a unha subvención da Xunta de Galicia de 11.997 euros, concedida na edición de 2025 das axudas destinadas a asociacións. Con este financiamento leváronse a cabo diversas actuacións orientadas tanto á mellora estética como funcional do edificio. Entre as intervencións realizadas destacan a eliminación do cal branco das paredes interiores para deixar a pedra vista, a instalación dun novo teito de escaiola e a renovación de portas e fiestras. Tamén se actuou no exterior, coa mellora e ampliación do acceso á escola, que anteriormente resultaba esvaradío en días de choiva debido ao tipo de



pedra existente, así como coa construción dunha beirarrúa ao redor do edificio. Ademais, executouse un sistema de drenaxe perimetral para evitar problemas de humidades, outra das principais deficiencias que presentaba o inmoble. A estas melloras sumouse a colaboración da Comunidade de Montes, que asumiu o cambio e correcta colocación dos

canlóns, mentres que o Concello completou a actuación coa habilitación dun aparcadoiro nas inmediacións. A xornada de reinauguración serviu tamén como punto de encontro veciñal, no que a asociación fixo entrega da súa tradicional lotaría de Nadal, unha iniciativa que se repite cada ano como símbolo de convivencia e participación comunitaria.

O Museo do Castro de Viladonga acolle a exposición sobre os 25 anos da Muralla



O Museo do Castro de Viladonga, en Castro de Rei, xestionado pola Xunta, acolle ata o próximo 31 de xaneiro a exposición 25 anos da declaración da Muralla de Lugo Patrimonio da Humanidade. O director territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Manuel Antonio Fernández, participou hoxe na presentación da iniciativa xunto coa directora do Museo, Elena Varela; e os comisarios da mostra, os arqueólogos Celso Rodríguez Cao – investigador da Muralla – e Diego Torres – técnico do Museo do Castro de Viladonga –. A proposta foi realizada en colaboración co Museo da Domus do Mitreo, do Campus de Lugo da USC, e ten por obxecto difundir o extraor-

dinario valor histórico, cultural e social do Monumento, no marco da celebración dos 25 anos do recoñecemento por parte da Unesco. A exposición consta de 12 paneis conformados por textos e imaxes nos que se ofrece unha visión ampla da Muralla. O contido abarca o seu contexto histórico, a súa construción, as súas funcións, a súa evolución, o seu impacto urbano e as restauracións recentes. O proxecto foi deseñado como unha mostra itinerante para lograr unha maior difusión entre o público. Así, está previsto que tamén poida visitarse en Lugo, na Sala de Exposicións do Museo da Domus do Mitreo.

A auga da rede municipal volve ser apta para o seu consumo



O Concello de Castro de Rei informou de que, segundo as últimas análises realizadas na auga de consumo da rede de abastecemento da Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de Quintela, a auga é apta para o consumo humano e pode utilizarse con total normalidade. As análises confirman a calidade da auga subministrada ás parroquias

abastecidas por esta estación, entre as que se atopan Pacios, Outeiro, Bazar, Coea, Quintela, Bendia, Matodoso, Triabá, San Xiao de Mos, Ribeiras de Lea, Castro de Ribeiras de Lea, Duarría, Loentia e Mondriz. En consecuencia, quedan sen efecto as recomendacións preventivas que foran adoptadas o pasado 31 de xullo de 2025.

DEPUTACIÓN

O Pleno aproba o Plan Deputación, con 22,2 millóns de euros

O Pleno Ordinario da Deputación de Lugo aprobou as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos 2026, que sobe ata os 22,25 millóns de euros. Esta ferramenta de cooperación económica e técnica entre a Administración provincial e os municipios segue criterios públicos e obxectivos -a poboación, o índice de envelhecimento ou a dispersión territorial- e mantén un respecto total á autonomía municipal. O programa de investimentos saíu adiante grazas aos votos a favor do PSdeG, do BNG e do deputado non adscrito, e a abstención do PP.

Este acordo permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil. A Deputación de Lugo dá así resposta ás situacións e necesidades concretas de cada municipio, reforzando a súa autonomía, xa que é cada un dos diferentes gobernos locais os que deciden en que queren investir estes fondos.

Este é o sexto ano consecutivo que o Executivo provincial saca adiante o Plan Deputación no exercicio anterior ao seu período de vixencia,

o que permite ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor estes recursos. A normativa que regula esta ferramenta de cooperación publicárase no Boletín Oficial da Provincia (BOP) o 7 de xaneiro, o que permite aos concellos ter máis tempo para elaborar as memorias e proxectos das obras que queiran presentar con cargo a estes investimentos. Terán un mes, ata o 7 de febreiro, para presentar a documentación.

O PSdeG-PSOE puxo en valor, a importancia de dar continuidade ás políticas progresistas que se están a desenvolver na institución provincial, así como a actuación “contundente, áxil e rápida” do partido ante os últimos acontecementos.

Así o manifestou a deputada socialista Pilar García Porto, que subliñou que o pleno abordou “dous asuntos importantes que se aproban definitivamente para esta provincia”, en referencia ao orzamento da Deputación ás bases do Plan Deputación. García Porto lembrou que o orzamento provincial é “un instrumento económico fundamental non só para a institución, senón tamén para a totalidade dos concellos da provincia”.

Defenden as actuacións para potenciar encoros, o románico e as viaxes

A Deputación potenciou este 2025 os encoros, o románico e as viaxes de proximidade para afianzar o seu modelo de turismo sostible e de calidade. Coñece a túa provincia, Rutas polo románico e Turembales foron os tres programas turísticos destacados na última reunión do ano do Concello Provincial de Turismo que se celebrou este venres no Salón de Actos.

Un total de 135 asociacións sen ánimo de lucro participaron este ano na quinta edición do Coñece a túa provincia, o programa de viaxes gratuito que volveu ser un éxito de participación. Outras case 300 persoas participaron nas visitas a monumentos románicos en 19 concellos entre maio e xuño, no marco do programa Rutas polo románico

da provincia. Ademais este ano a Deputación de Lugo participou no proxecto Turembales, para promover o turismo de presas, e no marco desa iniciativa puxo en marcha o programa Encoro Aventura, de experiencias singulares relacionadas con esas infraestruturas.

A institución tivo presenza nunha decena de feiras turísticas de referencia, como Fitur, Expomar, Fairway ou Xantar. E mantivo accións de patrocinio e axudas destacadas para fortalecer o sector turístico. Ademais, a Deputación continuou apostando por un dos motores de atracción de visitantes da provincia: as rutas fluviais; neste 2025 unhas 57.000 persoas percorreron a Ribeira Sacra a bordo dos catamaráns da institución.

O PSOE propón a Carmen López como candidata á Presidencia

O Comité Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo decidiu, por aclamación, propoñer á deputada provincial María del Carmen López Moreno como candidata socialista á Presidencia da Deputación trala sesión extraordinaria na que abordou a proposta formulada pola Comisión Xestora do partido.

Así, durante o encontro, o comité validou a proposta en conformidade cos estatutos e cos procedementos internos establecidos polo partido. O acordo adoptado será remitido agora á Comisión Nacional de Listas, que emitirá un informe e trasladará á Comisión Federal de Listas para a súa aprobación definitiva, seguindo as normas internas de elaboración e validación de candidaturas do PSOE.

A proposta final será adoptada pola Comisión Executiva Federal e remitida de novo ao PSdeG de Lugo para a súa aplicación de cara ao pleno previsto para o 14 de xaneiro de 2026.

Esta noticia deuse a coñecer oficialmente despois de que o Pazo de San Marcos acollése o pleno extraordinario no que José Tomé oficializou a súa renuncia, tal e como anunciara tras facerse públicas o pasado 10 de decembro as denuncias por presunto acoso sexual. A sesión desenvolveuse sen a asistencia dos deputados do BNG, que si estiveron presentes no pleno ordinario celebrado a continuación.

A saída de Tomé da presidencia non implica o abandono da súa acta, xa que pasou a exercer como deputado non adscrito, mantendo a súa presenza na corporación provincial ata o remate da lexislatura. Segun-



do indicou, continuará votando en coherencia cos grupos socialista e nacionalista.

Na súa intervención, o exmandatario reiterou a súa inocencia e afirmou que aínda descoñece o contido concreto das denuncias, unha situación que describiu como de “indefensión”, ao considerar vulnerada a presunción de inocencia. Recordou tamén que non existe ningunha denuncia nos xulgados, senón unha comunicación interna no seo do partido, que cualificou de falsa. Ademais, anunciou que emprenderá accións legais e insistiu en que está a ser vítima dunha persecución política de ámbito supraprovincial.

Tras agradecer o labor do persoal da Deputación, lamentou que o dano causado “xa non ten marcha atrás”, tanto no plano político como no persoal, familiar e social. “Quen nada fixo, nada ten que temer”, concluíu, asegurando que el non era nin o úni-

co nin o principal obxectivo da situación vivida.

No pleno ordinario posterior aprobouse unha moción do Grupo Provincial Popular, co apoio dun crítico BNG, para reprobar a José Tomé. O seu portavoz, Antonio Ameijide, anunciou que tamén solicitaban a reprobación da deputada socialista Pilar García Porto, á que sinala como encubridora, e apelou ao BNG para que decida “entre o feminismo ou pisar moqueta”.

Tomé non realizou declaracións públicas nin antes nin despois do pleno extraordinario, reaparecendo xa na sesión ordinaria, onde ocupou un escano xunto á bancada socialista, ao carón de García Porto.

A presidencia da Deputación queda en mans do nacionalista Efrén Castro ata o 14 de xaneiro, cando está prevista a elección do novo presidente, na que Carmen López será a candidata socialista.

Comeza unha nova edición do programa Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou as bases dunha nova convocatoria do programa Coñece a túa provincia, a iniciativa impulsada pola Deputación que ofrece viaxes gratuítas a entidades sen ánimo de lucro dos 67 concellos da provincia.

Nesta edición, o programa ofrecerá 3.036 prazas e contará cun orzamento de máis de 200.000 euros, o que supón un investimento de 67,40 euros por persoa que repercute en beneficios para o territorio, ao fomentar o turismo de proximidade e dinamizar a actividade económica.

As bases saíran publicadas o 10 de

xaneiro no Boletín Oficial da Provincia (BOP). O prazo de presentación de solicitudes arrincará o 12 de xaneiro, ás 12:00 da mañá e permanecerá aberto ata o 16 de xaneiro. Nesta anualidade, as asociacións poderán solicitar entre 15 e 23 prazas para realizar as excursións, mantendo o mesmo modelo de anos anteriores: visitas guiadas a centros da Deputación e rutas a elixir, con transporte, xantar, guía oficial de turismo, seguro de viaxeiros e entradas incluídas.

Como novidade principal, esta edición priorizaranse as entidades que

non participaron en convocatorias anteriores, garantindo así a oportunidade de acceder ao programa a novos colectivos. As solicitudes deberán presentarse a través da Sede Electrónica da Deputación ou no Rexistro Xeral. As entidades que participen por primeira vez deberán achegar unha copia do NIF da entidade.

O programa mantén a oferta de 44 rutas polos 67 concellos da provincia, ás que se engaden 7 rutas accesibles deseñadas especificamente para colectivos de persoas con discapacidade física.

DEPORTES

A Copa Deputación de fútbol arranca con 83 equipos

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina un ano máis a Copa Deputación de Fútbol, na que participarán este ano 83 equipos das categorías de Preferente Autonómica Masculina, Primeira, Segunda e Terceira Autonómica Masculina e das ligas femininas, que adiantan a súa celebración para rematar en maio.

A competición, que comezará a primeira semana de xaneiro, ofrece aos equipos de fútbol afeccionado a posibilidade de participaren nunha competición de ámbito provincial, con alicientes competitivos diferentes aos das ligas, ao tempo que supón unha inxección económica para os clubs. A Federación achega unha cantidade fixa por participación que na súa totalidade ascende a case 25.000 euros, mentres que a Deputación volve a apoiar a Copa de maneira moi importante cunha cantidade total que ascende a 110.000 euros. Esta cantidade vaise repartindo en premios por eliminatoria superada.

Das ligas galegas femininas participarán 9 equipos (SD Chantada, SD Antas, PM Friol B, SG Comercial, San Lázaro, ADC Monte Forte, SCD Milagrosa, SDC San Roque e Carballedo CF). Realizarase unha fase previa o 4



de xaneiro e continuará cos cuartos de final o 15 de marzo. As semifinais serán o 5 de abril e a final o 1o de maio.

A Preferente Autonómica e Primeira Autonómica Masculina contará con 22 equipos (CD Santaballés, Monterroso SD, Burela SD, SD Oural, Ribadeo FC, SD Residencia, Chantada Atl., Taboada CF, ED Lourenzán, SD Pol, UD Xove Lago, Club Lemos, CD Castro, CD Guntín, SD Chantada, SCD Milagrosa, At. Escalón, CD Foz, Vilalbés B, Iberia CF, CD Brollón e Outeiro de Rei SD).

A Fase Previa será o 4 de xaneiro, oitavos o 10 de marzo, cuartos o 5 de abril deixando as semifinais e final

para o 24 e 31 de maio.

52 equipos participarán en Segunda e Terceira Autonómica Masculina repartidos en 20 de Terceira e 32 de Segunda e de toda a provincia. O calendario iniciarase o 4 de xaneiro coa fase previa. Os dezaseisavos de final serán o 15 de febreiro, os oitavos de final coinciden o 19 de marzo, os cuartos de final son o 5 de abril e rematarán o 3 de maio coas semifinais e o 24 coa final.

A Copa completárase, como nas últimas edicións, coas categorías de base, desde prebenxamín ata xuvenil, que xogarán máis avanzada a temporada, en datas aínda por concretar.

Presentado o calendario do Campionato Galego de Rallys

A Federación Galega de Automobilismo deu a coñecer o calendario oficial de competicións para a tempada 2026, no que se recollen as principais citas do automobilismo galego ao longo do ano. A actividade arrancará a comezos de febreiro, coa celebración do Campionato Galego de Karting nas Pontes, que terá lugar os días 6, 7 e 8 dese mes.

Tras a disputa dunha primeira proba de Rallysprint tamén en febreiro, o Campionato Galego de Ralis iniciará o seu percorrido coa trixésima edición do Rally do Cociño de Lalín, programada entre o 6 e o 8 de marzo, converténdose na primeira cita puntuable da especialidade.

O calendario de ralis presenta unha novidade destacada en relación a este ano, xa que o Rally da Coruña non figura na relación de probas para 2026. A ausencia explícase pola decisión da organización de desvincularse do campionato autonómico para integrarse

no Tour European Rally e no Tour European Rally Historic, tal e como xa fora anunciado con anterioridade pola propia Federación.

O Campionato Galego de Ralis manterá un total de nove probas puntuables. No lugar do Rally da Coruña incorpórase o Rally Ourense-Ribeira Sacra, que celebrará a súa décimo terceira edición e porá o peche á tempada entre os días 6 e 8 de novembro. Ao longo do ano tamén se disputarán as probas de Noia, A Mariña Lucense, Pontevedra, Sur do Condado, Ferrol, Comarca do Carballiño e San Froilán. No que respecta ao Campionato Galego de Autocross, a tempada comezará o 20 de marzo en Arteixo e finalizará o 11 de outubro no circuíto do Castro. Entre medias, a competición pasará en dúas ocasións por Carballo e fará escala en Santa Comba, ademais de repetir en O Castro e Arteixo, completando así un calendario variado e repartido por distintos puntos da xeografía galega.

A Escola Deportiva Shihan pecha o ano cun novo éxito na Liga Galega

A Escola Deportiva Shihan despediu a competición deste ano cun balance moi positivo, marcado por numerosos éxitos a nivel internacional, nacional e autonómico. Na segunda Liga Galega, disputada en Ferrol, onde o club volveu demostrar o seu alto nivel competitivo. Na cita, a entidade coroouse á cabeza do medallero ao sumar un total de 46 metais, unha cifra coa que superou os seus propios rexistros. Do total de medallas conseguidas, 21 foron de ouro, 8 de prata e 17 de bronce, consolidando así o dominio da Escola Deportiva Shihan na competición galega. Durante a xornada, todos os deportistas estiveron acompañados e asistidos por un equipo formado por 8 adestradores, que ofreceron apoio técnico. Ademais, estiveron tres árbitros da Escola Deportiva Shihan.

GRAN FINAL DA LIGA NACIONAL. Tamén, participaron en Tenerife na



Gran Final da Liga Nacional, unha competición de máximo nivel á que só se clasifican os oito mellores deportistas de kumite e os doce mellores de kata de toda España. Uxía Folgueira subiu dúas veces ao podio ao conquistar a medalla de bronce en kata cadete e outro bronce en kumite cadete na categoría de menos de 54 quilos. Carmen Cendán proclamouse campioa en kumite alevín de menos de 26 quilos, men-

tres que Iria Enríquez asinou unha actuación sobresaliente ao facerse co ouro e o título de Grand Winner en kumite infantil de menos de 30 quilos. Xoán Rosa logrou a medalla de ouro e o recoñecemento como Grand Winner en kata infantil en cadeira de rodas; e David Enríquez obtivo a medalla de bronce en kumite cadete de menos de 52 quilos, e Roque Mazoy acadou a prata en kumite sénior de menos de 67 quilos.

O Castro FSF cóase por terceiro ano nos cuartos de final da Copa da Raíña



O Castro FSF Bloques Cando selou a súa clasificación para a fase final da Copa da Raíña de fútbol sala feminino por terceira tempada consecutiva, tras superar por 1-2 ao Guadalquivir na súa pista, en Cádiz, no encontro correspondente aos oitavos de final, unha eliminatoria resolta a partido único.

O conxunto dirixido por Julio Delgado abriu o marcador nos instantes finais da primeira metade cun gol de Patri Ortega. Porén, antes de chegar ao descanso, o equipo andaluz conseguiu restablecer a igualdade cun

tanto de Gleice Serpa.

Na segunda parte, o Castro Bloques Cando recuperou a vantaxe grazas a Dani Sousa, autora do gol que acabou sendo decisivo para o desenlace do encontro. Con esta, son dúas as eliminatorias que disputou o equipo chairgo para coarse nos cuartos de final, xa que na primeira xa non estivo e entrou directamente á segunda, celebrada a finais de setembro.

A fase final disputarase a ponte do 1 de maio en tres xornadas sucesivas, de cuartos, semifinais e final.

“Chegar ao fútbol profesional co equipo da túa cidade é o máximo ao que se pode aspirar”

Os xogadores do primeiro equipo do Club Deportivo Lugo, Iago López (1999), David Rosón (2003) e Jorge González (2004), explican como é pasar da base á categoría máis alta do fútbol da súa cidade

Jessica Fernández

¿Sempre quixeron ser futbolistas?

Iago: De pequeno xogaba ao fútbol no patio do colexio cos meus amigos e gustábame moito. Ademais, a miña familia, que era bastante futbolística, introduciume neste deporte, e comecei no equipo de fútbol sala de Castro Ribeiras de Lea, ata que na etapa de alevíns vin para o CD Lugo.

David: Eu tamén xogaba ao fútbol cos amigos no colexio e gustábame moito, así que con 6 anos os meus pais apuntáronme ás escolas municipais de Outeiro de Rei e compatibilizábao co equipo de fútbol sala do Azkar Lugo, ata que aos 12 anos entrei no CD Lugo, o equipo da miña cidade, algo que me fixo moitísima ilusión.

Jorge: Eu comecei en atletismo, pero ao xuntarme con algúns amigos apuntámonos a fútbol sala e probei un ano no fútbol campo, con 10 anos, e pouco despois, con 11 anos, chamáronme do Club Deportivo Lugo para xogar aquí, onde levo toda a miña traxectoria deportiva.

¿Como valoran a súa evolución como deportista?

Jorge: Ao principio sénteste nunha burbulla, porque vas pasando categorías con toda a túa xeración, pero cando empezan a seleccionar os mellores xogadores da provincia daste de conta de que a cousa se pon seria e, agora, valoras moitísimo chegar onde chegaches. O momento de inflexión entre xogar por diversión e tomalo en serio chega na División de Honra Xuvenil, que é como a máxima categoría no fútbol base, xa que comezas a ver un nivel de competición esixente. Aí dáste conta de que, quizais, o que de neno soñabas xa non está tan lonxe. Creo que, se segues un camiño e fas as cousas ben, todo chega. Por iso, nós cumprimos o noso soño, que é estar aquí agora. E é un orgullo tanto para min como para a miña familia.

David: Entrei no Lugo con 12 anos e fomos medrando, pasando ano tras ano, categoría tras categoría. Aínda que eu soñaba con chegar ao primeiro equipo e intentaba facer as cousas ben, esforzándome sempre ao máximo, vía complicado, xa que nunca destaquei na miña xeración, era un máis. Por iso, esforceime e coñecín xente que me axudou a mellorar. Despois de estar no filial do Lugo, o ano pasado xoguei cedido no Don Benito, en Segunda Federación, e foi a miña primeira experiencia fóra da casa, que, en xeral, valoro como positiva. Este ano xa formo parte do primeiro cadro de xogadores e sinto que estou a cumprir un soño. Eu creo que tamén, para a miña fa-

milia, despois de todo o esforzo, de levarnos ao meu irmán Pablo, que tamén é futbolista, e a min dun lado a outro, estamos todos a cumprir un soño.

Iago: Eu vin aquí en alevíns e gocei moito desa etapa porque xogaba ao fútbol cos meus compañeiros de clase e vía como un hobby. Despois fun en xuvenís ao Depor e estiven tres anos, sendo a miña primeira experiencia fóra da casa con 16. Logo fun ao Girona, onde me ceden ao filial, que estaba en Segunda B, pero tamén fixen a pretempada co primeiro equipo. Non me quedo e cédenme ao Logroñés, e aí é onde si

che gustaría estar cos teus e non podes facelo por amor e por deber á túa profesión. De todos os xeitos, eu creo que cando fas algo desde a paixón, desde o corazón, todo sacrificio compensa. Son anos nos que, non só para nós, tamén para a nosa familia, gozas dunha traxectoria que se basea no amor á nosa profesión, que é o fútbol.

Jorge: No meu caso, eu non tiven que marchar fóra e intento valorar todos os días o feito de estar na casa, porque neste mundo nunca se sabe onde podes estar o día de mañá. Pero, igualmente, dedicarse a isto tamén é duro, porque cando todo o

cousas ben.

David: Pola miña parte, no que ao profesional se refire, quero chegar o máis arriba posible. Se ademais é co club da miña cidade, mellor que mellor. O meu soño, agora mesmo, sería ascender á Segunda División co Lugo, porque é o club da miña vida. Pero é un obxectivo a longo prazo, polo que o máis importante agora mesmo é facer as cousas ben día a día, tratar de mellorar, ir adestrar e facelo o mellor posible por respecto aos meus compañeiros, ao club e a min mesmo. E a nivel persoal, quero seguir formándome para sentirme aprofitado, ter

po técnico, así como os xogadores, que gañan no día a día polo saber estar, polo saber traballar... Eu creo que a liña que se segue no club é a axeitada. Sexa máis cedo ou máis tarde, os froitos acabarán por recollese.

¿Cales son as vantaxes de xogar nesta categoría?

Iago: Canto máis alta é a categoría na que se xoga, máis infraestrutura hai arredor dos xogadores: contas con máis fisioterapeutas, médicos, as instalacións son mellores... Nesta categoría nós temos a sorte de contar cun campo súper coidado, unhas boas instalacións, porque ás veces xogamos en campos que non están en boas condicións para competir.

David: Eu non estiven na Segunda División e ao vir de máis abaixo vexo esta Liga como algo moi positivo. As instalacións, por exemplo, son moito mellores en 1 RFEF que en 2ª. Sobre todo, creo que se están a facer as cousas ben no Lugo para seguir con esa calidade.

Jorge: España é un moi bo escaparate, creo que temos moi bo nivel no fútbol e en calquera categoría hai moitísimo nivel, por iso se ven xogadores españois en todas partes. Ademais, podemos vivir disto, que é algo importante. Creo que estamos ben coidados: sempre temos roupa, non a levamos da casa, é un punto a favor. E tamén o tema do campo, que temos un dos mellores da Liga.

¿Cren que se está a crear afección coas accións sociais que se están a levar a cabo?

Jorge: Eu creo que o cambio de propiedade do club foi algo positivo para a entidade. Que veña xente nova e mostre interese polo equipo e pola cidade, intentando vincular os valores da provincia de Lugo ao club, é algo que crea afección. Por iso, o que se está a facer dentro do campo e fóra del está a promover que no medio-longo prazo recellemos os froitos do traballo e poidamos acadar o obxectivo do club. Estou orgulloso de pertencer e estar dentro deste proxecto.

David: Eu creo que, a nivel de política de integración de empresas, colexios... estase a retomar esa actividade para crear unha atmosfera na que todo o mundo se sinta integrado no Club Deportivo Lugo, e é o noso deber como xogadores transmitir esa identidade para que as persoas que veñen ver o partido se sintan identificadas connosco. Creo que o traballo que se está a facer desde todos os departamentos do club en favor desa política de integración é impecable e así se ve, que cada vez se está a volver enganchar máis xente, xerando un vínculo coa afección que quere ser partícipe do club.

Iago: Si, penso coma os meus compañeiros. Eu vexo que se está a facer moi ben, están a atraer xente que se desvinculara do club a través deste tipo de iniciativas. É unha liña a seguir, porque cada vez se enganchan máis ao club, e iso é bo para o club e para a cidade.



vexo máis preto o soño de ser profesional, porque era un equipo que xa aspiraba a ascender á Segunda División e, por sorte, tivemos a fortuna de facelo. Eu creo que ao que aspira calquera xogador é a chegar á Primeira División, e unha vez que te ves na Segunda División sentes que estás a facer posible o teu soño. Despois de estar en varios equipos, vou ao estranxeiro un ano e aí teño unha mala experiencia que me fai pensar que debería volver a Lugo, o lugar onde era feliz, e tiven a sorte de que se deu.

¿Que sacrificios supón dedicarse ao fútbol?

Iago: Eu creo que moitos, porque perdes moitos aspectos da vida, tanto familiares como de amizade, e sobre todo cando estás lonxe dos que máis queres, xa que iso é o máis importante. Pero, en fin, compensa porque estás a facer o que máis che gusta.

David: Para min o máis complicado son os momentos duros, nos que

mundo descansa, ti non. As fins de semana xógase a competición, o 1 de xaneiro ti adestras... Pero, sobre todo, é importante ver que non sufrimos sós. Non só a nosa familia, ao final tamén a parella que tes ao lado se adapta e cambia a súa vida por ti. Iso é de valorar. Igual que cando veñen os teus amigos verte xogar e están aí pase o que pase.

¿Cal é o seu obxectivo a longo prazo?

Jorge: Cada tempada é un mundo e pode cambiarche a vida, para ben ou para mal. Creo que sempre hai que ter na vida un obxectivo a longo prazo e pensar a onde queres chegar, pero primeiro debemos atender a esta tempada, na que se está a desenvolver un bo proxecto e na que se están a sentar unhas bases para construír un futuro que sexa un éxito tanto para a institución como para nós. Eu quero seguir no club e asentir unhas boas bases para o futuro, por iso hai que centrarse no día a día e facer as

unhas boas bases no futuro, estea vinculado ou non a este mundo.

Iago: Chegar ao fútbol profesional co equipo da túa cidade é o máximo ao que podes aspirar. E no persoal, diríache que ter ou montar algún negocio é algo que se podería valorar, xa que a carreira dun futbolista é curta e tes que buscar outras alternativas.

¿Que opinan sobre o novo proxecto do club?

Jorge: Creo que, desde a directiva, o mister, o corpo técnico e nós, adaptámonos moi ben a este proxecto, no que cremos e confiamos.

Iago: A min gústame. De feito, asino co CD Lugo polo proxecto que ten arredor. Eu tiña certas dúbidas antes de vir aquí, pero solucionáronmas pronto porque vese que a xente ten ganas, que queren levar o club a onde se merece e a verdade é que estou moi contento por iso e oxalá se poida.

David: As cousas estanse a facer moi ben a todos os niveis, desde a xente encargada de dirixir o club ata o cor-

O CN Portamiñá fai historia co ascenso á 1ª División Nacional

O Club de Natación Portamiñá asinou un dos capítulos máis destacados da súa traxectoria deportiva tras a publicación dos resultados finais da 2ª División Nacional, que confirman o ascenso dos seus dous equipos absolutos á 1ª División Nacional para a vindeira tempada.

O conxunto masculino pechou a competición nun meritorio quinto posto, mentres que o equipo feminino acadou unha brillante terceira posición, resultados que certifican o salto de categoría de ambos bloques. Este logro supón un fito sen precedentes para a entidade, xa que será a primeira vez que o equipo absoluto do Portamiñá compita nunha categoría nacional. Un paso histórico que consolida ao club como unha das referencias da natación galega e reforza a súa presenza e proxección no ámbito estatal.

Desde o club destacan que este éxito é o reflexo directo do traballo constante, da entrega e do compromiso dos deportistas, así como do apoio das familias, do corpo técnico e da xunta directiva.

XUNTANZA E VISITA. O equipo reuniuse para compartir un almuerzo conxunto no que puideron gozar dun momento de convivencia e tempo de calidade antes do adestramento. A xornada estivo marcada tamén pola visita sorpresa do alcalde de Lugo, Miguel Fernández, quen se dirixiu ao equipo cunhas palabras de recoñecemento tras o recente ascenso a Primeira División Nacional,



un logro histórico para a provincia de Lugo ao converterse no primeiro club de natación en acadar esta categoría e nun dos poucos de Galicia en alcanzar este obxectivo tan desexado. Desde o club agradeceron a presenza do rexedor, e o presidente, Fernando Timiraos, expresou a súa emoción, orgullo e agradecemento a todos que fan posible este soño.

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE INVERNO. A piscina municipal de Frigsa, en Lugo, acolleu a última fin de semana do ano 2025 o Campionato Galego de Natación Absoluto de Inverno, unha cita organizada polo CN Portamiñá que reuniu preto de 400 deportistas procedentes dunha trintena de clubs de toda Galiza. A competición converteu a cidade de Lugo nun referente da natación galega ao longo de toda a fin de semana, cun elevado nivel deportivo e unha ampla participación. O club lucense confirmou o seu

protagonismo na última xornada do campionato, na que acadou varios podios e ratificou o seu liderado na natación galega ao proclamarse Campión Galego tanto na categoría masculina como na feminina, ademais de conquistar tamén o título na clasificación conxunta.

No apartado de marcas, Martín, Alejandro, Pablo e Brais estableceron un novo récord galego nas probas de 4x100 estilos e 4x50 estilos, mentres que Martín, Pablo, Antonio e Brais fixeron o propio nos relevos de 4x50 libres e 4x100 libres. A nivel individual, Martín logrou tamén un novo récord galego na proba de 50 libres. A actuación do CN Portamiñá completouse cos resultados de Celia López-Freire Francia, que asinou a segunda mellor marca galega de 15 anos e conseguiu ademais a mellor marca galega na proba de 100 espalda, pechando unha fin de semana de éxitos para a natación lucense.

O II Open Jóvenes Promesas chegará a Lugo o 21 de febreiro



Lugo será escenario o vindeiro 21 de febreiro da segunda edición do Open Jóvenes Promesas, unha cita que regresa con máis forza e ambición ca nunca e que se celebrará no pavillón Daniel Cordero. O evento experimenta este ano un importante crecemento e contará cun programa que incluírá máis de 40 combates nas categorías Junior, Joven e Élite.

O torneo naceu co obxectivo de servir de escaparate para os novos talentos do boxeo, ofrecéndolles a oportunidade de demostrar o seu nivel sobre o ring nunha competición pensada especificamente para impulsar as promesas emerxentes deste deporte. As inscricións para participar permanecen abertas ata o 30 de xaneiro no correo electrónico openlugo@gmail.com.

O Dez Portas TM achegou o tenis de mesa ao alumnado das Mercedes



O Club Deportivo Dez Portas Lugo TM levou a cabo unha actividade de promoción e difusión do tenis de mesa no marco do programa "Eu xogo como unha muller" 2025, unha iniciativa concedida pola Real Federación Española de Tenis de Mesa a través da súa Comisión de Muller e Tenis de Mesa. A acción estivo orientada especificamente á captación de deportistas femininas en idade escolar e desenvolveuse no CEIP As Mercedes.

Na actividade participaron tres membros do club, o adestrador Cláudio Mendes, o xogador Miguel López e a xogadora e monitora Ana Belén Fernández Cortiñas, que se desprazaron ao centro educativo para realizar unha promoción que se prolongou arredor dunha hora por cada aula, cun total de tres cla-

ses participantes. Todas as sesións tiveron lugar no ximnasio do colexio.

A xornada comezou cunha charla introdutoria na que se explicaron os conceptos básicos do tenis de mesa e se incidiu na importancia de fomentar a práctica deportiva entre as mulleres, destacando as características desta disciplina e os valores positivos asociados ao deporte. A continuación, proxectouse un vídeo explicativo que serviu de apoio para que o alumnado puidese formular preguntas e resolver dúbidas.

Posteriormente, a actividade trasladouse ás mesas de xogo. Cada neno e nena tivo a oportunidade de xogar algúns puntos tanto co adestrador como coa xogadora do club, finalizando a sesión con xogos por equipos.

A Asociación Motorista Lucense celebrou os seis anos do motoclub

A Asociación Motorista Lucense (AML) celebrou en Rábade a súa tradicional comida homenaxe, unha cita que reuniu socios e simpatizantes para compartir unha xornada de convivencia, recoñecer o traballo desenvolvido e poñer en valor a traxectoria do colectivo.

O encontro serviu para destacar o orgullo polos logros acadados ao longo dos seis anos de vida do motoclub, así como para avanzar os novos retos e proxectos que a asociación xa ten en mente de cara ao ano 2026.

Durante a xornada púxose de manifesto o bo momento que vive a afección polas motos na provincia de Lugo, en gran medida grazas ao compromiso, di-



namismo e esforzo continuado de colectivos como a AML. No transcurso do acto tamén se fixo entrega dos galardóns correspondentes aos éxitos da tempada.

Ademais, rendeuse renderse unha homenaxe especial a Luis

Ramos Misioné, que foi nomeado novo socio de honra da Asociación Motorista Lucense. A xornada concluíu como unha mostra de paixón polas motos, compañeirismo e impulso ao asociacionismo deportivo na provincia.

DE RUTA EN RUTA

Ruta do Camiño Real pola comarca de Lugo e Sarria

Durante séculos foi unha ruta esencial para viaxeiros, comerciantes e mensaxeiros que precisaban atravesar o país

O Camiño Real, tamén coñecido como Camiño dos Romanos, é unha das grandes vías históricas de entrada e tránsito en Galicia ata arredor do século XI. Este Camiño Real conecta o Camiño Francés co Camiño Primitivo, atravesando os actuais concellos de Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Triacastela, Láncara, O Corgo e Lugo. Durante séculos foi unha ruta esencial para viaxeiros, comerciantes e mensaxeiros que precisaban atravesar o país, converténdose nun eixo fundamental de comunicación nun territorio marcado pola orografía e

Por iso, considérase moi probable que este trazado formase parte dalgunha das rutas primitivas do Camiño de Santiago, nun tempo no que non existía un único itinerario cara á cidade do Apóstolo.

O percorrido completo suma uns 60 quilómetros, desde Padornelo, en Pedrafita, onde se separa do Camiño Francés, ata a capital lucense, onde enlaza co Camiño Primitivo. Ao longo do seu trazado mantense en zonas elevadas, con cotas que se aproximan aos 1.200 metros, unha característica que permitía evitar vales pechados e zonas máis expostas ás inclemencias do tempo, facendo da ruta unha opción

existencia dun antigo mesón que ofrecía acubillo aos camiñantes, especialmente durante o inverno, cando o camiño se volvía máis duro e perigoso.

A partir deste punto, a ruta avanza en ascenso polos lugares de Casabranca e Estaladoira, pasando preto dos Acibeiros, ata chegar ao Busto, onde vira cara á Armada e continúa gañando altura xa na parroquia de Santa Olalla de Lagos.

Tras cruzar os montes da Medorra e de Trandeira, o itinerario alcanza o lugar de Galegos, que funcionaba como final de etapa e contaba cunha posta para o descanso e o relevo. Neste enclave sitúase unha das lendas máis coñecidas da zona, que asegura que a raíña Urraca se hospedou no Mesón Real ou Casa Real de Galegos, reforzando o valor histórico e simbólico deste punto do camiño.

Desde Galegos, o Camiño Real atravesará o río Armiela, tamén coñecido como río de Galegos, e cruza a estrada que comunica Becerreá con Ventas de Narón, en dirección a Sarria. Unha das variantes do trazado continúa cara ao sur, ascendendo polo Monte de Leirado, hoxe convertido nunha pista forestal, pero que antigamente era unha fonda corga aberta polo paso continuado de persoas e animais. Superada esta subida, o camiño cruza unha pequena chaira que separa os vales do Neira e do Armiela, avanzando por terreos de monte baixo antes de iniciar o descenso cara ao Val do Neira, deixando á dereita o fértil val de Láncara.

Xa no fondo do val, o itinerario cruza novamente o río Armiela, pasa polo núcleo de Santa María



da Lama e conduce ata o elemento máis emblemático de todo o percorrido: a Ponte de Carracedo. As tranquilas augas do río Neira detéñense ante un dos grandes símbolos de Láncara, a ponte medieval, que segue en pé resistindo o paso do tempo, testemuña silenciosa de séculos de historia e tránsito.

Cos seus 62 metros de lonxitude, a ponte une territorios que o río Neira nunca quixo separar. Na Idade Media, sobre ela erguíase unha torre na que se cobraba o dereito de portazgo a quen a cruzaba. No século XVIII converteuse nun punto de encontro dos correos procedentes de Sarria, Monforte e Ourense, que continuaban xuntos camiño cara á corte. Tamén consta que foi utilizada polo padre Sarmiento durante a súa viaxe a Galicia no ano 1745.

Tras cruzar a ponte, o Camiño Real continúa pola marxe dereita do río Neira, augas abaixo, atravesando paraxes de gran beleza natural,

con vexetación abundante, prados sempre verdes e numerosos regatos que alimentan o curso fluvial. O percorrido chega así a Neira de Rapados, onde destaca un pazo singular que, aínda que hoxe está dividido en vivendas rurais, conserva as terras que rodean a edificación. A tradición oral sostén que tamén serviu como pousada para cabaleiros que viaxaban desde a corte con destino á Coruña.

Moi preto atópase a coñecida Casa das Agrolazas, chamada así pola ampla extensión de terreo que a rodea e que pertenceu, entre finais do século XIX e comezos do XX, a Antonio López Quiroga y Somoza. Desde este punto, o itinerario inicia un longo e pausado ascenso cara a San Pedro de Bande, atravesando unha paisaxe na que sobresaen numerosos penedos graníticos, suavemente modelados pola erosión, que configuran estampas de grande atractivo visual.



as longas distancias. Segundo a tradición popular, a súa orixe remóntase á época romana, cando se trazaron camiños pensados para garantir desprazamentos constantes, con pendentes suaves e itinerarios practicables durante boa parte do ano.

máis cómoda e segura en contornas montañosas.

No seu paso por Láncara, o Camiño Real entra polo lugar do Furco, un enclave no que conflúen tres municipios: Becerreá, Triacastela e Láncara. Alí está documentada a

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com